

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 64

Sesión plenaria
24 de setembro de 2025

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 6. Propositions non de lei

6.1 32604 (12/PNP-002410)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e catorce deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

6.2 32617 (12/PNP-002412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas de planificación, avaliación e restauración en espazos naturais afectados por incendios, con base científica, participación social e cooperación europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

6.3 32955 (12/PNP-002426)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa situación que se presenta cos menores non acompañados que chegan a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.4 33319 (12/PNP-002454)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e catorce deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

6.5 33475 (12/PNP-002459)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025



6.6 33494 (12/PNP-002461)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e dezanove deputados/as máis**

Sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 252f1, do 10.09.2025

Punto 7. Interpelacións**7.1 26186 (12/INT-001021)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203f2, do 28.05.2025

7.2 30398 (12/INT-001130)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre as medidas para mellorar a situación do Servizo de Axuda no Fogar en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 238f2, do 20.08.2025

7.3 32986 (12/INT-001188)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**8.1 33996 (12/POPX-000053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das prioridades inmediatas da súa acción política

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

8.2 33997 (12/POPX-000054)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para que nunca máis unha muller perda a vida traballando do Servizo de Axuda no Fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025



Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 32643 (12/POP-004752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos problemas no servizo ferroviario ocasionados por mor da vaga de incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025

9.2 33998 (12/PUP-000143)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual en Palestina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.3 33901 (12/PUP-000138)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a información trasladada polo Goberno central á Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada desde a nosa comunidade ao abeiro do Plan social polo clima

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.4 33240 (12/POP-004816)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación e ao acondicionamento das infraestruturas do CEIP Torre de Illa, do concello da Illa de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025

9.5 33986 (12/PUP-000142)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna

Sobre o anuncio da Consellería de Política Social e Igualdade da creación de centros específicos para acoller os menores migrantes non acompañados á súa chegada a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 256f2, do 17.09.2025

9.6 32391 (12/POP-004729)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e dous deputados/as máis

Sobre a previsión da Xunta de Galicia de defender os dereitos das persoas cooperativistas de Xuxán fronte á xestora

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247f3, do 03.09.2025



9.7 28876 (12/POP-004221)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre o estado en que están as xestións para a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

9.8 28960 (12/POP-004246)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e tres deputados/as máis**

Sobre a previsión do Goberno da Xunta de asumir a tradución ao galego do programa Atenea nun prazo que permita a súa dispoñibilidade na administración da xustiza desde o momento da súa implantación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 227, do 04.08.2025

9.9 32820 (12/POP-004767)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis**

Sobre os motivos polos que en agosto aínda non se xestionara a biomasa das faixas secundarias nas parroquias con maior risco de incendio forestal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 252f2, do 10.09.2025



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Antes de comezar co desenvolvemento da orde do día e logo do acordo de todos os grupos parlamentarios na Mesa do Parlamento de aceptar a proposta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o presidente pídelles aos membros da Cámara que garden un minuto de silencio. (Páx. 13.)

Todos os deputados e deputados, así como os membros da Mesa e do Goberno e os asistentes a esta sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio. (Páx. 13.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das prioridades inmediatas da súa acción política. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: José Ramón Gómez Besteiro (S). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 15.)

Réplica do autor: José Ramón Gómez Besteiro (S). (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 17.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para que nunca máis unha muller perda a vida traballando do servizo de axuda no fogar. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 20.)

Réplica da autora: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Alfonso Rueda Valenzuela. (Páx. 22.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa situación que se presenta cos menores non acompañados que chegan a Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Silvia Longueira Castro (S). (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: (O deputado Armando Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 26.), Ariadna Fernández González (BNG) (Páx. 26.) e Raquel Arias Rodríguez (P) (Páx. 29.).

Nova intervención da deputada Silvia Longueira Castro (S). (Páx. 31.)



Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos. (Punto sexto da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 32.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Borja Vereá Fraiz (P). (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Carlos López Font (S) (Páx. 35.) e Paulo Ríos Santomé (BNG) (Páx. 38.).

O deputado Borja Vereá Fraiz (P) intervén para se posicionar respecto das emendas. (Páx. 40.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo. (Punto sexto da orde do día.)

A presidenta, María Elena Candia López, comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: María Cristina Fernández Davila (BNG). (Páx. 42.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Julio García Comesaña (P). (Páx. 44.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Aitor Bouza Manso (S). (Páx. 47.)

A deputada María Cristina Fernández Davila (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e dezanove deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 51.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Paloma Castro Rey (S) (Páx. 53.) e Roberto Rodríguez Martínez (P) (Páx. 56.).

Nova intervención da deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 58.)



Votación das proposicións non de lei

A deputada Ariadna Fernández González (BNG) pide a votación por puntos na proposición non de lei presentada pola deputada Raquel Arias Rodríguez (P) co obxecto de separar o que se engadiu na súa propia autoemenda do resto da proposición non de lei. (Páx. 60.)

A deputada Raquel Arias Rodríguez (P) intervén para aclarar que acepta a votación separada dos textos para poder chegar a un acordo unánime nesta cuestión. (Páx. 60.)

Votación do texto autoemendado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta: *aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 60.)*

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta, agás o texto autoemendado: *aprobado por 39 votos a favor, 38 votos en contra e 5 abstencións. (Páx. 60.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as medidas de planificación, avaliación e restauración dos espazos naturais afectados polos incendios, con base científica, participación social e cooperación europea: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 61.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa situación que se presenta cos menores non acompañados que chegan a Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 61.)*

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos: *aprobados por 63 votos a favor, ningún voto en contra e 8 abstencións. (Páx. 62.)*

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 62.)*



Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 62.)

A deputada Ana Belén Pontón Mondelo (BNG) intervén para pedir que se vote por separado o punto 1 da proposición non de lei que se vai votar a seguir, no que o seu grupo parlamentario manifesta a condena do xenocidio que se está producindo en Gaza por parte do Goberno de Israel. (Páx. 63.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e dezanove deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e dezanove deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza, agás o punto 1: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 63.)

Interpelación da deputada Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Mercedes Queixas Zas (BNG).* (Páx. 64.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos).* (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Mercedes Queixas Zas (BNG).* (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos).* (Páx. 72.)

Interpelación das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas para mellorar a situación do servizo de axuda no fogar en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 74.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez).* (Páx. 78.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S).* (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez).* (Páx. 82.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación das deputadas María Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025. (Punto sétimo da orde do día.)



Intervención da autora: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 84.)

Resposta da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 87.)

Réplica da autora: *María Montserrat Prado Cores (BNG)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 91.)

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos problemas no servizo ferroviario ocasionados por mor da vaga de incendios. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Paula Prado del Río (P)*. (Páx. 93.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Paula Prado del Río (P)*. (Páx. 95.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 95.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual en Palestina. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 98.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 99.)

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información trasladada polo Goberno central á Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada desde a nosa comunidade ao abeiro do Plan social polo clima. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Gonzalo Trenor López (P)*. (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (María Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 101.)

Réplica do autor: *Gonzalo Trenor López (P)*. (Páx. 103.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (María Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 103.)

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación e ao acondicionamento das infraestruturas do CEIP Torre de Illa, do concello da Illa de Arousa. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 105.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 106.)

Réplica da autora: *Paloma Castro Rey (S)*. (Páx. 107.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 108.)



Pregunta da deputada Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o anuncio da Consellería de Política Social e Igualdade da creación de centros específicos para acoller os menores migrantes non acompañados á súa chegada a Galicia. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Ariadna Fernández González (BNG)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 110.)

Réplica da autora: *Ariadna Fernández González (BNG)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 111.)

Pregunta da deputada Silvia Longueira Castro e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a previsión da Xunta de Galicia de defender os dereitos das persoas cooperativistas de Xuxán fronte á xestora. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 112.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (María Martínez Allegue)*. (Páx. 115.)

Pregunta da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado en que están as xestións para a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *María Elena Candia López (P)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 118.)

Réplica da autora: *María Elena Candia López (P)*. (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Sanidade (Antonio Gómez Caamaño)*. (Páx. 120.)

Pregunta da deputada Iria Taibo Corsanego e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a previsión do Goberno da Xunta de asumir a tradución ao galego do programa Atenea nun prazo que permita a súa dispoñibilidade na administración da xustiza desde o momento da súa implantación. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 121.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 122.)

Réplica da autora: *Iria Taibo Corsanego (BNG)*. (Páx. 123.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 124.)

Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos polos que en agosto aínda non se xestionara a biomasa das faixas secundarias nas parroquias con maior risco de incendio forestal. (Punto noveno da orde do día.)



Intervención do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 125.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 126.)

Réplica do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 127.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 128.)

Remata a sesión ás seis e vinte e catro minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bo día.

Reanúdase a sesión.

Acabo de comunicar —e fágoo agora a toda a Cámara— que hai un acordo e que se acepta a proposta do Grupo Parlamentario Socialista na que pedía que se gardase un minuto de silencio. O escrito foi dirixido á Mesa do Parlamento. Polo tanto, habendo o acordo de todos os grupos —acabo de falar agora con todos os portavoces—, imos gardar un minuto de silencio dentro do que era a proposta que o Grupo Socialista propoñía. *(Murmurios.) (A vicepresidenta segunda, Montserrat Prado Cores, pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, a proposta é que o Grupo Socialista pediu que se gardase un minuto de silencio. Bueno, está aí e pódese volver ler. *(Murmurios.)* É a proposta. Creo que a coñecen todos os grupos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero creo que xa a coñecen todos os grupos. Señor Besteiro, vostede coñece a proposta, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego coñécea, Democracia Ourensana coñécea e o Grupo Parlamentario Popular coñécea. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non ricemos o que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos ao fundamental. Gardamos un minuto de silencio, tal como se recolleu na proposta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, un minuto de silencio. *(Pausa.)*

(Todos os deputados e deputados, así como os membros da Mesa e do Goberno e os asistentes a esta sesión plenaria, postos en pé, gardan un minuto de silencio.)

(Os deputados e as deputadas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia mostran un cartel co lema: «Paremos o xenocidio en Gaza».)

Grazas. *(Aplausos.)*

Retomamos a orde do día.

Punto oitavo, preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto das prioridades inmediatas da súa acción política

O PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Si. Grazas, señor presidente.



Grazas aos grupos por este apoio nese minuto de silencio que nos une a todos, sen lugar a dúbidas. Digo porque —recordando o que aconteceu no pasado no mundo— recordo as palabras de Elie Wiesel, que no ano 1986 foi Premio Nobel da Paz —saíu libre e vivo dun campo de concentración de exterminio, de Auschwitz, non así os seus pais nin a súa irmá pequena, que morreron gaseados no campo de exterminio— e que dicía, cando tivo a súa aceptación do discurso do Premio Nobel da Paz, que o único que non entendía, que non chegaba a comprender, era a indiferenza dos que permaneceron calados. E dicía unhas frases que as quero ler textuais porque creo que son importantes no momento que vivimos. Dicía: «Debemos tomar partido. A neutralidade axuda ao opresor; o silencio ante o horror axuda ao verdugo».

Isto lévanos, loxicamente, a considerar tamén o momento que vivimos hoxe. O que acontece noutras partes do mundo aféctanos e retrátanos como demócratas e como seres humanos, e o respecto aos dereitos humanos retrátanos tamén. Fixarse no momento histórico que nos toca vivir tamén é importante, e tamén o é actuar contra ese momento que nos toca vivir, se é así, baseándonos na defensa dos dereitos humanos e dos principios democráticos que deben rexer. O que acontece fóra da nosa comunidade tamén nos afecta, pero tamén debe rexer o que facemos dentro da comunidade, o exemplo que temos que dar.

As prioridades polas que lle pregunto ao presidente nesta sesión de control son basicamente para iso, para evitar unha situación que cremos que se está producindo. Cando falamos de xenocidio en Gaza, ás veces calamos; hoxe defendemos esa posición de que condenamos ese xenocidio en Gaza. Pero non podemos calar, non podemos permanecer neutrais nesta posición; temos que tomar partido, é o momento de tomar partido. Cando se fala de emigrantes menores non acompañados —isto é, de menores que chegan sen pais e nais—, non podemos mirar para outro lado; non podemos, como fixo a Xunta de Galicia no seu momento, xerar unha polémica, un discurso, bueno, que fomenta políticas de odio, nin podemos poñer trabas, nin, ao final, as ocorrencias de plantexar un centro de concentración para eses migrantes menores non acompañados. (*Murmurios.*) Esas posicións xeran e contribúen ás veces a facer políticas de odio, como está acontecendo en Monforte. Ante esa política da ultradereita da que non quero que se contaxien pero que están correndo o risco de mirar con autocompracencia, hai que poñer pé en parede e con firmeza tomar partido e dar a cara.

Señor presidente, a cuestión que se plantexa no noso territorio é de fortaleza contra esa ameaza; unha ameaza da ultradereita que soamente avanza a autocompracencia, coa compracencia do Partido Popular ou coa covardía de non defender os problemas. Vox está avanzando no seu electorado, e a autocompracencia coa que ven algunhas políticas e a copia dalgunhas políticas supón realmente unha ameaza para o momento en que vivimos. É un momento histórico onde non podemos facer outra cousa máis que priorizar todas aquelas políticas que combatan os postulados desa ultradereita como verdadeira ameaza ao noso sistema democrático, á nosa forma de convivir e ao respecto dos dereitos humanos. As prioridades tamén se poden trasladar e se deben trasladar desde a nosa comunidade.

Grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, que bonitas son as palabras, pero as palabras teñen que ir acompañadas de feitos ou, polo menos, de posicionamentos coherentes.

Acabamos de gardar un minuto de silencio polas vítimas de Gaza. Probablemente vostede non o esperaba hai dous minutos, e probablemente buscaba que non fose así. Os galegos teñen que saber que a proposta do Partido Popular era, por suposto, gardar un minuto de silencio en recordo, en respecto e en repulsa ao que está pasando en Gaza, e tamén manifestar a nosa repulsa polas vítimas de Hamás, e vostede dixo que non. Eu alégrome moitísimo de que con esta actitude evitásemos o que vostede estaba buscando, que era politizar este asunto e obedecer a consignas desde o principio. *(Aplausos.)* E alégrome moitísimo de que os galegos non fagan distinción entre vítimas boas e vítimas malas e de que os galegos sexan moito máis solidarios e moito máis respectuosos que o seu partido e o seu Goberno. Señor Besteiro, alégrome sinceramente. *(Aplausos.)*

Fala vostede de que non hai que sementar odio, de que non hai que dicir palabras que inciten ao odio, e fala de campos de concentración. *(O deputado José Ramón Gómez Besteiro pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostede. Fala de «campos de concentración». Foi o que dixo. Bueno, moi ben, señor Besteiro, ¡que mala memoria ten cando non lle convén! Xa me dirá que pasou, entón: 15 menores non acompañados enviados polo Goberno, os 15 nun mesmo centro. É o de sempre: se o fan vostedes, non pasa nada; se o fan os demais, hai que empezar a utilizar esa linguaxe provocadora e belicista que si que sementa o odio, señor Besteiro. É que se retrata vostede perfectamente.

Pregúntame polas prioridades do noso Goberno —encántame poder falar de cousas que si que podemos arranxar dende aquí directamente—. Mire, as prioridades do noso Goberno son moi fáciles de atopar. Están nos orzamentos, estaban nos do ano 2023, nos do 2024, están nos do 2025 e estarán nos do 2026. Eu comprendo que para un socialista falar de orzamentos é complicado, porque non saben vostedes o que é, nin o plantexan, pero é unha ferramenta fundamental para prestar un servizo público; aí están as prioridades e aí pódense executar. Polo tanto, se quere coñecer cales son as prioridades que se corresponden exactamente cos nosos compromisos —para o cumprimento dos cales os galegos nos deron unha confianza infinitamente maior da que lle deron a vostede—, simplemente consulte os orzamentos. *(Aplausos.)* Insisto, é unha ferramenta que a vostedes lles resulta bastante descoñecida. *(Aplausos.)* E o seu goberno —o Goberno central, que vostede apoia e defende cunha submisión digna de mellor causa— é que nin se plantexa facelos. Non ten tempo, está a outras cousas. E, claro, cando queda moito tempo libre, vostede pódese dedicar a outras cousas.

Onte vimos como o Goberno central deixaba toda unha provincia —provincia pola que vostede se presentou, señor Besteiro— sen acceso á conexión eléctrica. «Grazas á súa influencia» —segundo dixo—; despois recuou. Probablemente lle deron un toque, pero para iso si



ten tempo. Ten tempo para non criticar en absoluto que se plantexe un recurso de inconstitucionalidade contra a obrigaón que se establecía en Galicia —e que se establece— ás eléctricas de repotenciar, de eliminar molinillos, de obrigar a que o 50 por cento da electricidade quede en Galicia. Iso non lle gusta ao Goberno central, e vostede aplaude que non lle guste. Ten tempo para que se nos paralice unha valoración rápida que estamos facendo que permitiu dobrar o número de persoas que accedían á dependencia e estaban cobrando. Non lle gusta ao Goberno central e vostede apláudeo. E aplaude tamén unha lei de amnistía para a comunidade, que apoia o Goberno, aplaude vostede que se decidan as competencias de emigración... Todo iso apláudeo e para iso ten tempo, señor Besteiro. Mire, ten tempo para cousas que non son nin as prioridades do Goberno nin as prioridades dos galegos. Por iso probablemente eu son o presidente da Xunta e vostede o presidente do club de fans de Pedro Sánchez e o presidente dun grupo parlamentario cada vez máis minguante.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

JOSÉ RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, señor presidente.

Ben, lamento, de entrada, que voten iso por que non leve o Partido Socialista o protagonismo, non porque estea convencido. Vostede mesmo se retrata. *(Aplausos.)* Non está convencido, nin dixo a palabra «xenocidio». Pero, ben, esa é a súa opción. Hoxe tomou unha opción que foi votar a favor dun minuto de silencio, pero xa o dixo: para que nosoutros non levásemos... ¡Pero, se nós non pretendiamos nada! O que pretendiamos era, precisamente, unha manifestación total por parte do Parlamento de Galicia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* do que non están acostumados a dicir. Pero, á marxe diso, sorpréndeme que non entre nas cuestións.

O outro día, cando foi a comparecencia en relación cos incendios, falaba das partidas orzamentarias, e discutiamos e probabamos que moitas desas partidas orzamentarias non estaban executadas, e vostede presumía moito de que a partir do 1 de xaneiro ten os presupostos operativos, pero é que despois non os executa. Por tanto, ¿que hai de bo niso? Absolutamente nada, falta de eficacia.

O que eu lle plantexo é se está disposto a abrazar, como parece, as posturas negacionistas dunha ultradereita que lles está comendo terreo por todos os lados. *(Aplausos.)* E dígolle que ten que poñer pé en parede, que ten que parar, que non ten que facer seguidismo do que lle marcan desde Madrid, porque vostede é o presidente da Xunta. E, polo que vexo, está máis desconectado da realidade que Altri da liña eléctrica. ¡Claro que si!, ¡claro que si! *(Aplausos.)*

¡Moitas propostas para a provincia de Lugo! Si, unha en dezasete anos, e negando unha realidade: que hai capacidade industrial para facelo; pero non foron capaces nin de presentar proxectos industriais.



Ao negacionismo climático é ao que se están sumando e ao negacionismo contra a violencia machista. Todo iso que preconiza a ultradereita o están comprando. (*Murmurios.*) E o que eu quero ver é que o presidente de todos os galegos e galegas se opón formalmente a esa forma de facer política.

Eu non falei de campos de concentración, falei de centros de concentración de migrantes menores... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) E falei dunha opción política: de concentrar a 80 migrantes menores non acompañados sen pais e nais en Monforte. Iso xerou de por si unha espiral de odio, que tiñan que prever que, efectivamente, se ía producir; cunha política máis eficaz: máis de 2.700.000 galegos e galegas, máis de 300 concellos e 250 migrantes menores non acompañados. ¿Podemos facelo doutro xeito? Si que podemos facelo. Eu o que quero é que nas prioridades políticas —¡políticas!, de liderado político que se lle exige ao presidente da Xunta— adopte esas decisións: pé en parede e posturas contra esa ameaza real que nos afecta a todos e que chegará tamén a este recuncho da Europa occidental e democrática. Non o dubide, chegará se vostedes non deixan de tomar actitudes covardes e compracentes coa política dos partidos ultra. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, ¿sabe de que estou convencido e de que está convencido o meu grupo? Estou convencido —valla a redundancia—, e a inmensa maioría dos galegos, de que non hai vítimas de primeira ou de segunda, de que non hai vítimas de mellor ou peor condición. O pobo galego é solidario e defende que se acabe a guerra de Gaza e defende que se acaben tamén os asasinatos de Hamás. Iso é o que defende o pobo galego, e diso estamos convencidos. (*Aplausos.*)

Vostede terá que explicar por que algo se pode condenar, e estamos absolutamente convencidos, pero o outro non. E non hai outra razón que as instrucións que vostede recibe. ¡Se a súa insistencia en todo o que di o demostra perfectamente! ¡Que bo vasalo, se houbese bo señor!, porque vostede como vasalo non ten prezo. O malo é o señor que o manda, que todos coñecemos quen é. Claro, faino incorrer en contradicións enormes. Ou sexa, que, mire, Goberno de España —páxina web—, inclusión: «*El Gobierno central pondrá en marcha un centro de acogida de refugiados en Castro de Rei en una parcela cedida por la Diputación de Lugo*». ¿Pero que está criticando vostede, señor Besteiro? ¿Pero dáse conta como o deixan quedar —o Goberno central que vostede apoia—?: «*Centro de acogida de refugiados en Castro de Rei en una parcela cedida por la Diputación de Lugo*». ¿Dáse conta das contradicións nas que entra? ¿Dáse conta? (*Aplausos.*) E cando saia outro alcalde ou alcaldesa dicindo que non o quere aí, como fixo o alcalde de Monforte, iso non é fomentar ningún discurso de odio; iso está ben porque o di un socialista.

Mire, véselles tanto o plumero que é que non vale a pena... Simplemente hai que dicirlle á xente que observe e que xulgue.



Volvo dicirlle que vostede o domingo presumía, antes de que lle desen o toque, dicindo «¿ti de que vas?» —supoño, en nome do Goberno—, dicindo que toda unha provincia, a través do que vostede tombou, ía quedar sen conexión eléctrica. Foi o que nos dixeron onte. ¡Foi o que nos dixeron onte, señor Besteiro! ¡Noraboa!, ¡noraboa!

Eu crin que facer política se trataba de cousas en positivo para gañar puntos en Galicia. Pero a vostede dálle igual. O que lle interesa é gañar puntos en Madrid, probablemente para ir a Madrid, señor Besteiro. *(Aplausos.)*

Pero mire, eu quero —xa llo dixen moitas veces— que quede, estou encantado de que quede. Probablemente teño moitas máis ganas eu, xa case por un interese egoísta, da que teñen a maioría dos galegos e, desde logo, da que ten a maioría do seu grupo. Estou convencido.

Polo tanto, eu recomendaríalle que cambiase os seus puntos de vista, porque quero que siga aquí moito tempo. Dígollo en serio. E, ao mellor, se leva tantísimo tempo, acabará enterándose das prioridades. Desde logo, os orzamentos —que os nomeei— eu supoño que vostede saberá o que son porque está nunha cámara que os aproba todos os anos. Entrarán dentro de moi pouco. Dálle igual, pero asegúrolle que son importantes, e aí verá as nosas prioridades, que van seguir sendo as que foron estes anos e as que nos fan merecedores da confianza dos galegos.

Seguiremos duplicando o parque de vivendas; seguiremos atendendo os galegos que vostedes desatenden, porque non financian, como tiñan que financiar por lei, a atención á dependencia; seguiremos elevando o nivel dos servizos públicos; seguiremos facendo que Galicia sexa unha comunidade acolledora, onde veña xente, que suba o PIB tamén pola xente que nos visita; seguiremos fomentando as exportacións, as industrias potentes que cumpran coa normativa, a pesar de todos os atrancos que vostedes poñen; seguiremos defendendo un financiamento xusto para Galicia —non queremos quitarlle nada a ninguén, pero tampouco imos deixar que nolo quiten, e estano facendo co seu apoio, señor Besteiro—; seguiremos dicindo que o que é inxusto non pode perpetuarse; seguiremos denunciando o trato desigual que se está dando a Galicia para favorecer outras comunidades autónomas —e todos sabemos cales son—; seguiremos defendendo que hai que cumprir coas infraestruturas, que hai que liberalizar a peaxe da autopista canto antes, que hai que deixar de adiar —co seu apoio sempre no Congreso— a transferencia; e seguiremos defendendo todo o que lle interesa a Galicia.

Agardo que vostede estea aquí moitos anos para, desde a oposición, seguir vendo cales son as nosas prioridades.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para que nunca máis unha muller perda a vida traballando do servizo de axuda no fogar

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, presidente.



Permítame empezar mostrando a perplexidade ante un feito que nunca pasou neste Parlamento. E é que se garde un minuto de silencio e non se diga por que. E a razón está clara: é porque o Partido Popular non quere pronunciar a palabra «xenocidio». E fano porque vostedes o que están é aupando e apoiando a posición de Israel, equiparando aquí vítimas e verdugos. Teñen a oportunidade de rectificar coa iniciativa que traemos a este pleno para dicir o que hoxe senten a maioría dos galegos e das galegas, e é que están indignados e horrorizados ante o xenocidio que se está producindo en Gaza.

Desde logo, estou segura de que vostedes non son conscientes da enorme distancia que hai entre o que hoxe senten os galegos e as galegas e o papel bochornoso que está facendo o Partido Popular. E a historia xulgaraos, aos que están cometendo o xenocidio e aos que se poñen de perfil. *(Aplausos.)*

Quero darlles a benvida ás traballadoras do SAF, traballadoras que eran compañeiras de Teresa de Jesús, que o pasado 29 de maio foi asasinada a machetazos no concello do Porriño mentres facía o seu traballo nun domicilio. Teresa tiña 45 anos e foi asasinada —¡foi asasinada!— mentres prestaba un servizo público.

Cincuenta e seis días despois o seu goberno non tomou nin unha soa medida, nin unha, para protexer as traballadoras do SAF, un colectivo de 12.000 mulleres; mulleres que denuncian que en moitas ocasións teñen que sufrir discriminacións, acosos e violencia; mulleres que, ademais, están facendo un traballo moi duro en condicións precarias.

¿Sabe canto cobran? ¿Sabe canto cobran estas mulleres, que teñen que facer un traballo que é moi complexo, que vai desde cambiar cueiros a ter que erguer cos seus propios lombos a moitas mulleres poñendo en risco a súa saúde? Pois a maioría delas non chegan nin ao salario mínimo interprofesional. Esa é a dura realidade das traballadoras do servizo de axuda no fogar.

¿E que fai vostede, señor Rueda? Non fai nada; ao contrario, desprotéxeas. Desprotéxeas cando permite que 12.000 mulleres teñan que traballar en condicións de precariedade e cun convenio que leva trece anos caducado. E vostede sen mover un dedo, a pesar de que se trata dun servizo público. E desprotéxeas tamén cando vota en contra neste Parlamento das propostas do BNG para mellorar o financiamento do SAF. Faino unha vez tras outra. Van xa tres veces que votou en contra nesta lexislatura. Votou «non» en xullo de 2024, «non» en xullo de 2025 e «non» en setembro de 2025, no último pleno. Señor Rueda, deixe de dicirlles «non» ás traballadoras do SAF. *(Aplausos.)*

É máis, en lugar de aumentar, o que fixo foi recortar o financiamento do SAF. Os galegos e as galegas teñen que saber que entre os meses de xullo e agosto o seu goberno lle recortou 17 millóns de euros a este servizo. O SAF colapsado e o que fai o PP é recortar fondos. Esta é a resposta que vostede lles dá ás traballadoras do SAF, que tiveron que ver como unha das súas compañeiras era asasinada brutalmente este verán.

Señor Rueda, esta situación ten que cambiar. Por iso preguntolle: ¿que vai facer o seu goberno para protexer as mulleres que traballan no SAF, que fan un labor que é fundamental para as familias e a sociedade? *(Aplausos.)*



O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, antes de responderlle ao que vostede pregunta, quero dicirlle que acabamos de gardar un minuto de silencio nunha declaración que condenaba o xenocidio en Gaza, perfectamente conscientes. E tamén somos perfectamente conscientes, como todo o pobo galego, de que vostedes serán sempre incapaces de condenar os asasinatos de Hamás. Aí está a diferenza entre un grupo e outro, entre unha Galicia maioritaria e a súa Galicia, señora Pontón. *(Aplausos.)* O sectarismo, a consigna e o politiquero barato por encima das vítimas.

Señora Pontón, mire, todo o respecto ás traballadoras que hoxe nos visitan —ás cales saúdo tamén, e a moitísimas traballadoras do servizo de asistencia no fogar en tantísimos concellos galegos—. É difícil, como en tantas cousas, responderlles a vostedes en serio. Probablemente non saiban que a última vez que falamos de vítimas de violencia machista vostede dixo —e quedou tan tranquila— que a nós non nos importaban nada e que só nos importaría, se en vez de mulleres, fosen futbolistas. ¡Ese é o seu nivel! ¡Iso é o que hai! Así pensa vostede; son os seus esquemas mentais. Despois disto, eu podería dicirlle que non teño por que responderlle, mentres non pida desculpas, pero xa sabemos que non vai pedir desculpas. Vostede, tan capacitada e tan propensa a facerse «a ofendidiña» con calquera cousa, cando vostede di este tipo de cousas considera que non ten por que sentirse en ningún momento obrigada a pedir desculpas. ¡Alá vostede cos seus disparates! Se non dixese disparates, ao mellor, estaría un pouco máis pegada á realidade.

Mire, as traballadoras do SAF son traballadoras municipais por unha decisión da Lei de servizos sociais impulsada polo Bipartito. Vostedes decidiron que fosen traballadoras municipais. A partir de aí sabemos que é necesario o apoio económico da Xunta de Galicia para soste este servizo, que vai medrando, porque é necesario. Son unhas grandísimas profesionais. Faime moitísima graza que vostede fale de recortes cando está apoiando un goberno en Madrid que nos debe 2.500 millóns de euros, *(Aplausos.)* que tamén irían para pagar o servizo de asistencia no fogar. ¡É increíble, señora Pontón! ¡É increíble! Empezaron reclamando estes cartos porque saben que se deben, que tamén irían ao SAF, e cando viron que lles tomaban o pelo ata se esqueceron de reclamalo. Esta é a realidade e isto é o que hai que saber.

E ademais, en todo caso, ¿que está facendo vostede?, ¿o de sempre? ¿De que nos se está acusando?, ¿de que somos os responsables dun suceso que conmoveu a toda Galicia, señora Pontón?, ¿de que un enfermo mental matou a unha traballadora, cando todos quedamos absolutamente arrepiados? Vostedes, o de sempre: Ana Pontón, investigadora policial, xa determinou os culpables, e díxo aquí e queda tan tranquila. ¿Que é o que está dicindo exactamente?

Mire, señora Pontón, estamos traballando. Presentaremos no mes de outubro á Fegamp un protocolo para defender estas mulleres; iso si, en colaboración cos concellos. Espero que os



do Bloque se animen a colaborar. Escoitándoa a vostede, ao mellor, pensan que non teñen ningunha responsabilidade, pero si que a teñen, e esta é a maneira de intentar arranxar os problemas. Se fose por vostedes, xa estaría todo solucionado: a culpa é do PP, eu odio aquí, fago as comparacións disparatadas e *a otra cosa mariposa*... Pero isto non funciona así, señora Pontón. Quizá por estes plantexamentos leva vostede vinte e cinco anos na oposición; probablemente por estas posturas absolutamente demagóxicas, descoñecedoras da realidade. Incluso polo descoñecemento da realidade do financiamento, de como funciona todo, vostede di as cousas que di. Pero, afortunadamente, nós temos que funcionar doutra maneira e somos conscientes de que temos que axudar os concellos a que cada vez haxa máis servizos de asistencia no fogar, a seguir —estamos en negociacións coa Fegamp— aumentando financiamento, e esperemos non escoitar máis as súas barbaridades, que, por certo, unha vez máis llo digo, que brava é aquí e que mansiña en Madrid: Lei do «só si é si», pulseiras de Aliexpress... Alí o único que di é: bueno, a ver se nos dan explicacións; é imprescindible recibir algún tipo de argumentación. Esa é a súa mansedume en Madrid; a bravura téñena aquí. Ana Pontón en estado puro.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MNDELO: Señor Rueda, se vostede cre que por vir aquí insultarme se solucionan os problemas das traballadoras e dos traballadores do SAF, primeiro, está moi equivocado e, segundo, o que nos está demostrando é a súa falta de nivel político. (Aplausos.) Teño que dicirllo, señor Rueda. Quere vir facer destas sesións do Parlamento unha lameira; unha lameira, dende logo, con mentiras, con insultos, e aí xa lle digo que non nos vai atopar, porque vostede o que quere é desviar a atención sobre os problemas.

Primeiro, quero dicirlle que me parece gravísimo que, cando se está cometendo un xenocidio en Gaza, veña aquí dicir que, que propoñamos a súa condena, é politiquero barato. Estamos falando da vida de miles de persoas que, primeiro, a moitas xa as arrasou Israel e outras están neste momento morrendo de fame e sede. Polo tanto, se vostede está tan preocupado, supoño que imos contar co seu voto a favor na iniciativa que traemos a este pleno para dicir alto e claro que este Parlamento condena o xenocidio en Gaza. (Aplausos.) Contaremos co seu voto positivo, señor Rueda.

E mire, señor Rueda, a realidade é que desde que se produciu este asasinato o seu goberno non fixo nada. Houbo unha reunión coa Fegamp, convocada pola Fegamp, á que non foi nin un só cargo directivo do seu goberno, ningunha das persoas que ten que tomar decisións. E vén vostede aquí ¿a fardar de que, señor Rueda?, ¿a fardar de que? ¡É que pasou algo gravísimo! E o que non pode ser é que as administracións e quen ten a titularidade do servizo, que é a Xunta —que lle quero lembrar que non se inventou no 2009, o que se fixo foi regulalo—, non actúen. A responsabilidade da Xunta é actuar. E eu quero deixarlle aquí tres propostas, porque estamos falando de 12.000 traballadoras.



A primeira é que hai que aprobar con urxencia un protocolo que protexa esas mulleres que están traballando no SAF, para que, cando haxa denuncias por acoso ou por violencia, se suspenda inmediatamente ese servizo.

En segundo lugar, señor Rueda, cremos que tamén é importante que se ocupe da precariedade desas mulleres, e por iso o que lle dicimos é que ten que facer valer o papel da Xunta para reclamarlles ás empresas que se senten a negociar un convenio, porque é unha vergoña que empresas que están cobrando do erario público se neguen a negociar cando teñen a esas traballadoras nunhas condicións de precariedade.

E, en terceiro lugar, faga o seu traballo, señor Rueda. Deixe de ter asfixiados os concellos co SAF, que están pagando unha parte moi importante dese servizo, e acepte a proposta que lle facemos desde o BNG para incrementar o financiamento a 20 euros. ¿Vostede sabe canto custa hoxe a prestación dese servizo? Custa 24 euros de media. A Xunta está poñendo só 12 deses euros. Iso quere dicir que concellos que non teñen capacidade están poñendo máis recursos que a Xunta de Galiza para manter o SAF. E, mire, vostede recortoulles 17 millóns de euros este verán. ¡É que está aquí a documentación que enviaron ao Parlamento galego! (A deputada Ana Belén Pontón Mondelo mostra un documento.)

Polo tanto, señor Rueda, mire, menos insultos e máis gobernar, respecte as mulleres que traballan no SAF e non veña aquí faltarlles ao respecto. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, efectivamente, politiqueo barato é pensar que hai vítimas de primeira ou de segunda; politiqueo barato é priorizar entre uns asasinatos e outros; e politiqueo barato xa foi no seu momento —están repetindo a historia—, na invasión de Ucraína, que xamais fosen capaces de condenar o que estaba facendo Rusia. (Aplausos.) Iso é politiqueo barato, que se volve repetir, síntoo moito.

Mire, fáleme de propostas. Moi ben, o protocolo —xa lle dixen— trasladarémolo á Fegamp en moi breve de tempo. Hai que intentar facelo ben para acertar; insisto, en colaboración cos concellos. Pero, ¿que está contando aquí?, ¿que o servizo é de titularidade autonómica? ¡Pero se vostedes decidiron que fose un servizo municipal! Podían ter decidido que fose autonómico, pero non, non, municipal. Naquel momento supoño que lle verían algún tipo de rendibilidade política. E agora vénnos contar o que non hai. ¿Que recortamos 17 millóns de euros? Son movementos orzamentarios. ¿Algún concello está recibindo menos...? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Algún concello, señora Pontón, está recibindo menos do que viña recibindo? Pois entón, ¿de que me está falando vostede? ¡¿De que me está falando vostede, señora Pontón?! (Aplausos.)



Vostede, en vinte e cinco anos na oposición, non estivo nin un minuto manexando un carto público, pero algo podía ter aprendido xa de como funcionan estas cousas, señora Pontón. Non aprendeu absolutamente nada, e así vén dicir as cousas que está dicindo.

Mire, fala de propostas. Eu fágolle outra: diga hoxe publicamente que, se o Goberno central non nos paga os 2.500 millóns que nos debe para servizos sociais, vostede non vai apoiar os orzamentos en ningún caso. Se fai iso, eu empezarei a crela e, se non, señora Pontón, será a Ana Pontón de sempre, que fai o de sempre. Cando se levanta, na segunda réplica, sempre empeza co mesmo: «Non vou admitir ser insultada». ¡Pero se eu non a insulto nunca, señora Pontón! Non, non, o que digo son realidades. Mire, se dicir que vostede dixo disparates como o do futbolistas... ¿Ou non o dixo, señora Pontón? ¡Se iso é insultala...! Síntoo moito, pero non, «nunca es triste la verdad, lo que no tiene es remedio», dicía o señor Serrat, señora Pontón. E, polo tanto, isto hai que dicilo porque é unha verdade moi triste: hai que dicir os disparates que vostede di e as poucas solucións que aporta. Polo tanto, queda esa proposta enriba da mesa. Néguese vostede a aprobar os orzamentos en Madrid se non nos dan os 2.500 millóns de euros. ¡Cantas cousas poderíamos facer, e cantas cousas estamos facendo a pesar diso!

Nin unha soa palabra para a decisión de onte do Consello de Ministros —que vostede apoia— respecto da paralización das valoracións, que estaban introducindo un montón de persoas no sistema da dependencia. Pasamos de 18 e 70 millóns de euros, moitos deles tamén para pagar o servizo de asistencia no fogar ás persoas que o solicitaban. Agora xa non imos poder facelo porque se nos plantexou un recurso, porque lle molestaba ao consello de ministros probablemente que aquí en Galicia as cousas funcionasen moito mellor do que eles poden facer funcionar. (*Aplausos.*) ¡Diso, nin unha soa palabra!

Polo tanto, señora Pontón, á parte de facerse «a ofendidiña», para ser crible hai que ser coherente, e para ser coherente hai que facer o mesmo nun sitio e noutro. Tan brava aquí e tan mansa en Madrid. Aquí di todos os disparates que todos coñecemos e en Madrid pide con toda delicadeza a ver se nos poden explicar auténticas —¡esas si que son auténticas!— cousas que tamén nos arrepían, como o das pulseiras, pero nin un só comentario. Ou a Lei de só si é si, que vostedes apoiaron, e nin un só comentario. Ou o Aliexpress no que se converte o Goberno central, nin un só comentario. Paréceme moi ben, porque isto dá dinamismo. Igual que quero que siga o señor Besteiro, quero que siga vostede moitísimos anos; a ver se pode chegar a cincuenta anos na oposición, tamén estaría moi ben. Pero, mire, mentres estea aquí, sexa un pouco coherente. Unha oposición que non diga disparates axuda a un goberno que quere cumprir, e este goberno quere cumprir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O PRESIDENTE: Continuamos co punto sexto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa situación que se presenta cos menores non acompañados que chegan a Galicia

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.



Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Continuamos co tema que onte nos ocupaba aquí, nesta tribuna, e que tamén nos ocupou hoxe, polo que acabamos de escoitar, sobre a realidade das nenas e nenos que chegan ao noso país sen os seus pais e sen as súas nais, fuxindo, como dicíamos onte, de ningunha parte, tratando de chegar ao que se supón que é unha salvación, pero que en moitos casos —como xa dicía onte— nada é o que parece, porque nos temos medo uns aos outros. Nós temos medo porque —continuando co que dicía onte— todos levamos dentro unha semente de racismo —iso é inevitable—, todos temos medo ao diferente; e eles teñen medo porque, entre outras cousas, veñen fuxindo do medo, veñen sós e veñen a unha terra da cal, supostamente, tiñan unha idea moi equivocada e non saben o futuro que lles espera.

Aquí fálase dunha cifra destas nenas e nenos que se estima en máis de trescentos que chegarán a Galicia. No día de hoxe esa cifra xa diminuíu, porque van cumprindo a súa maioría de idade e hoxe xa é menos do que nos dicían hai un mes, porque algúns xa —como dicía— son maiores de idade e xa non están dentro deste programa. Polo tanto, todo o que fagamos neste sentido, todo este traballo que fagamos para acoller os nenos e nenas que chegan sen os seus pais aquí ten un tempo finito: ata os 18 anos, aí acábase a historia, aí non hai máis. E temos xustamente ese tempo para influír na mellor maneira posible no que vai ser o seu futuro.

Como estamos en que isto ten que facerse —hai un real decreto aprobado xa no mes de febreiro para que isto concorra—, nós instabamos a Xunta de Galicia, o Goberno, a que fixese tres medidas que entendemos que van racionalizar e que van axudar a que isto teña unha boa implantación. Primeiro, que se presentase nun prazo de dous meses —é dicir, basicamente cando acabe este período de sesións— un informe sobre a situación dos centros de menores, tanto daqueles que son entidades coas que ten un convenio como aqueles que son públicos que estean en Galicia. A segunda era promover un programa de información e sensibilización sobre o acollemento destes menores para que se poña en valor que o noso país se converte agora nun territorio de acollemento, fronte ao noso pasado como un pobo migrante durante séculos. É dicir, hai un paralelismo nalgunha medida e hai tamén un empatía na que podemos traballar, e concienciar non só aqueles que teñen que traballar e teñen que estar no eido da infancia, senón toda a poboación. Porque —insisto— acabamos de ver casos bastante dramáticos, como o de Monforte, e iso estamos a tempo de paralo. E, por último, presentar neste prazo dun mes un desglose de fondos que destina o Goberno de España para Galicia, co fin de levar a cabo os programas de acollemento destes menores.

Isto é traballar con cifras, con datos e con realidades, para que cando cheguemos aquí non esteamos nese albur de sensacións e de ideas —que non están certas, en moitas ocasións— e que cando se trasladan desde este Parlamento ás portas, aí afora, levan outra mensaxe. Porque, ao fin e ao cabo, van ter que convivir con nós, van ser parte das nosas vidas e eu espero que en boa medida paguen as nosas xubilacións, porque son xente que se van asentarse neste país, que van ter que encontrar un traballo, que van ter que crecer, que van ser parte



das nosas familias. Temos que ter as mans e a mente abertas para acollelos sen ningún tipo de resquemor.

Hai un dato que é certo: que todas as comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular se negaron de forma reiterada a todo este traballo. Primeiro, pasaron seis meses negándose a acoller soamente trescentas nenas e nenos que correspondía ao ano 2024 en toda a Península. Non quixeron visitar os centros de acollida que hai, por exemplo, en Canarias, onde o Goberno foi o que os convidou a todos vostedes, a todos os dirixentes das comunidades autónomas para, ademais diso —ademais de ver estes centros— poñer en marcha un grupo de traballo conxunto, de forma que se puidese estudar a situación real de acollida no noso país. Vostedes votaron en contra da conferencia sectorial en xullo de 2024 e pasaron todo este ano 2025 impugnando xudicialmente ese real decreto lei que agora está xa en vigor e quen nos leva a este acollemento que faremos nas diferentes comunidades autónomas.

Non hai motivos para non acoller que non sexan os exclusivamente racistas. Esa negativa de acoller e os recursos xudiciais que presentaron por parte das comunidades autónomas do Partido Popular está estreitamente vinculada coa súa relación coa extrema dereita en moitas comunidades; en moitas comunidades necesitan situarse nesa narrativa. E, por outro lado, non negocian outro tipo de cuestións que son fundamentais para a cidadanía, como pode ser a sanidade, a dependencia ou a educación. É dicir, céntranse en abrazar estes postulados cando eu estou segura de que o Partido Popular na súa esencia nunca estivo dese lado. Pero esta é a realidade á que nos ten levado ata o de agora.

Como dicíamos onte, ese xerme que produce desconfianza hai que paralo, porque unha vez que se sobrepasan eses límites non hai marcha atrás; e a marcha atrás soe ser, entre outras cousas, moi custosa para a sociedade. É basicamente tender pontes para o entendemento, para recoñecernos e para ter a solidariedade necesaria para conformar os nosos valores como unha sociedade diversa, que é o que imos ser, en definitiva. Igual estabamos acostumbrados aqueles que fomos fillos da emigración, e incluso migrantes, a ser parte dunha sociedade diversa nos países onde nacemos ou onde nos acolleron, pero non estamos afeitos aínda, na súa totalidade, a que España sexa hoxe unha sociedade diversa en pleno dereito, sen resquemor, sen adxectivos que teñan máis de pexorativo que de simpático. Entón, este tipo de cuestións a hora de paralas é agora. Non hai outro momento de paralas, non hai outro momento de darlle á infancia, máis que ata os dezoito anos, toda a atención que merece.

E, por outra parte, o Goberno de Pedro Sánchez asegura este financiamento para atender estes nenos. Volvemos dicir que hai fondos, máis de cen millóns —como dicíamos onte— para as comunidades autónomas. ¿Que sucede? Que nalgunhas delas —tamén o dicíamos onte— se fixeron ata seis rebaixas fiscais ás rendas máis altas, no caso de Andalucía. ¡Claro! No caso de Galicia, hai máis de quíntos millóns que non se recadan por mor do imposto de patrimonio nas taxas máis altas; ou mesmo os 4.000 millóns que non queremos facer nosos desa débeda que podemos condonar co Estado. E mesmo outros 22 millóns que, na última rolda da reunión sectorial de todas as autónomas con respecto á infancia, se repartían para comunidades como Canarias e Murcia. E que, ademais, gobernadas polo Partido Popular, decidiron que non era o seu tema, decidiron que non ían a esa reunión nin aceptaban eses fondos.



É dicir, estamos nesta política que eu estou segura de que, se vostedes non tivesen á súa dereita unha extrema dereita que os presiona para ter o poder, chegaríamos a un entendemento. Porque isto basicamente é unha cuestión razoable. Aquí non se está a falar, en todo este plantexamento desa repartición de nenas e nenos sen pais e nais, máis que de datos razoables. Porque, a todo isto, hai unhas estimacións que pasan polos números que se fixeron para cada comunidade autónoma e que se calculan a partir da capacidade ordinaria de cada comunidade autónoma. Son unhas cifras que pasan por dividir a poboación existente entre a poboación estranxeira que xa vive en cada comunidade autónoma. E, no caso de Galicia hai, por exemplo, 244 persoas, o número máximo de persoas atendidas, mentres a súa capacidade ordinaria é de 886. É dicir, que incluso recibindo menos deses trescentos nenos migrantes que van chegar a Galicia, estamos por debaixo da nosa capacidade ordinaria para recibir estas nenas e nenos que —insisto— veñen sen os seus pais e as súas nais. E, ademais, —vanme permitir— entre 2.700.000 persoas é unha cifra pequena, asumible e eu diría que incluso diluída entre toda a poboación.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Agora remato.

Por tal motivo —acabo de explicar—, tanto pola capacidade ordinaria que temos de recibir estas nenas e nenos como polo financiamento que por parte do Goberno de España sempre se lle ofreceu e se lle está dando a Galicia, eu pido que teñamos en conta e levemos a adiante todas estas propostas que traemos aquí, porque basicamente vai acontecer. Eu creo que estes acontecementos van ser produtivos e, evidentemente, van ser efectivos se todos estamos ao que temos que estar, que é a facer da nosa solidariedade un modo de acollida.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto. *(O deputado Armando Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de palabra.)*
Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Fernández González.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Volvemos estar no mesmo debate de onte, que ao final é un debate para saber e para decidir se somos solidarios ou non. Primeiro, para que lle transmitan ao señor Rueda que, se quere diñeiro, o que ten que facer é aceptar os 4.000 millóns de quitación da débeda, que levamos defendendo dende o BNG durante todo este tempo. *(Aplausos.)* Segundo, tamén dicirle ao señor Rueda que non hai vítimas de primeira e de segunda, como tampouco hai inmigrantes de primeira e de segunda. E, terceiro, porque onte parece ser que —se non se quere escoitar, evidentemente, non se oe nada— non quedou claro —ou queren que non quede claro— o



seguinte, que é que nós condenamos firme e determinadamente os actos que se produciron esta fin de semana en Monforte. Tanto é así que esta fin de semana houbo unha concentración en repulsa destes actos e alí estaban membros da executiva nacional do BNG, membros de Galiza Nova, militantes do BNG e seis deputados do Parlamento galego. Non vin absolutamente ningún deputado do Partido Popular nesa concentración de repulsa. *(Aplausos.)*

Miren, a maquinaria de manipulación mantense basicamente con confusión e engorda maioritariamente con medios de comunicación que só recoñecen a man que lles dá de comer. Esa maquinaria de manipulación pasa por riba de todo, sen importar dar datos falsos, sen importar retorcer cifras e sen importar non contrastar ou desinformar. Esa maquinaria de manipulación é capaz de converter un rapaz ou unha rapaza que chega nun caiuco sen nada nos bolsillos —posiblemente sen nada no estómago e sen ninguén a quen darlle a man para saír del—, que está en perigo e é vulnerable de xeito extremo, en perigoso. Esa maquinaria de manipulación, ao igual que acabo de dicir, é capaz de converter alguén que escapa da violencia en violento. E esa maquinaria de manipulación é capaz converter alguén que escapa das guerras en delincuente. E vostedes, confrontando, retorcendo datos, dividindo a poboación, dividindo os inmigrantes e distraendo co insulto, son cómplices da mediocridade —é unha evidencia—. Esa mediocridade o único que fai é seguir alimentando o monstro da manipulación. E nós non imos ser cómplices diso.

O primeiro no que menten é no seguinte: din que isto se fai sen ningún tipo de previsión. Falso, iso é mentira, levamos meses —meses— sabendo que estes rapaces e estas rapazas chegarán. É máis, o seu líder en Madrid, o señor Feijóo, en xullo do ano pasado dixo —palabras textuais— que «prometía solidariedade e empatía cos catrocentos nenos que chegarían». Pero logo despois rompéronse os pactos de goberno con Vox e houbo un xiro da manipulación. Daquela empezoulles a chamar «menas», en vez de «nenos e nenas», e xa saturaban o sistema. Xa se lle esqueceu a solidariedade e xa se lle esqueceu a empatía. Nese tempo —neses meses todos que levamos aquí reclamando dende o BNG recursos para o sistema de acollida—, vostedes o que fixeron foi mirar cara a Madrid para ver a batallíña política en vez de prepararse, en vez de actuar de maneira dilixente e en vez de actuar con previsión. É máis, tanto miraron para a partida madrileña que non foron nin ás conferencias sectoriais escoitar a información que se lles daba sobre estes menores. Nin tempo para iso tiñan. E onte protestaban porque as conferencias sectoriais eran por correo electrónico, no caso do conselleiro de Educación. Bueno, pois aquí foron presenciais, pero vostedes non tiveron tempo ir ata alá. E agora improvisan. Di o director do centro que vai recibir eses menores que non sabía hai unhas semanas que eses nenos ían chegar alí, cando nós o sabiamos desde hai meses, cando Feijóo o dicía o ano pasado.

Máis cousas. Chamarlle «avalancha» xa lles dixen que me parecía de bastante mal gusto onte —xa llelo dixen—, pero tamén é manipular a maiores. Porque, miren, un neno por concello galego non me parece un número inasumible, iso para empezar. Porque, ademais, falou agora o seu líder aquí da guerra de Ucraína, dos refuxiados. Naquel momento pediron un plan específico de acollemento para os refuxiados ucraínos. Nós, no 2023, tiñamos no noso país 3.000 refuxiados ucraínos. Eles non eran moitos; os nenos africanos, si. O problema non son os acollidos, porque para nós tanto teñen brancos coma negros; o problema son vostedes, porque diferencian guerras e diferencian nenos e nenas. *(Aplausos.)* En Madrid



—desas comunidades que agora tanto rachan as vestiduras de acoller a nenos e nenas— hai 23.000 refuxiados ucraínos, hai 45.000 refuxiados ucraínos. E agora votan por fóra, porque non queren os rapaces e rapazas que lles corresponde.

E logo a desinformación do noso sistema, que iso xa me parece non que é de mal gusto; iso xa é a malicia. Miren, nós temos 886 prazas en centros residenciais de menores. Atendemos máis de novecentas crianzas. Iso xa dá o dato do que nos preocupa o seu benestar. Hai máis nenos ca prazas neses centros de menores. Ese sistema téñeno vostedes colapsado; non o van colapsar nenos e nenas que aínda non están aquí. E desas prazas, desas 886, hai 273 ocupadas por nenos e nenas que chegaron e que son inmigrantes non acompañados; 273, non 886, que quede este dato claro. Son menos do trinta por cento das nosas prazas.

Os que colapsan o sistema son vostedes, que teñen as equipas técnicas a rebentar de expedientes, que teñen os centros infrafinanciados e que tratan as familias acolledoras coma se fosen un problema. Non é responsabilidade de ningún refuxiado que acabe de saír do campo de refuxiados de M'Berra, onde hai 300.000 persoas que chegan alí entre outras cousas pola violencia do Sahel. Eles non teñen a responsabilidade de ter o sistema dotado e financiado; vostedes si. Simplemente o que queren é que non molesten, é o único que lles preocupa.

Teñen rapaces e traballadoras en precario. Eu voules dar un dato. ¿Saben cantos centros residenciais de menores tiñamos no 2009 no noso sistema de protección? Sesenta e un ¿Saben cantos centros temos dezaseis anos despois? Sesenta e dous. O Partido Popular aportoulle ao sistema de protección infantil un centro de menores residencial en dezaseis anos. E aportoulle exactamente cinco prazas en dezaseis anos. ¡Cinco! Creou unha praza cada tres anos. Imaxínense o interese. E logo o que colapsa o sistema son os nenos e as nenas que veñen escapando da miseria; non o Partido Popular. ¡Claro que si! (*Aplausos.*)

Se queren falar do Estado —e con isto remato— tamén podemos falar. En Canarias hai máis de catro mil nenos acollidos. Están hacinados, están amoreados, non poden estar alí porque é unha situación de continxencia migratoria. Hai que colaborar. E en Cataluña, actualmente, mentres nós acollemos 273 menores aquí, están atendendo máis de dous mil seiscientos e, aínda así, van acoller voluntariamente agora 31. Entón, se queren falar de Cataluña falen, pero dean datos reais. E dean datos reais sobre o seu sistema de protección, que teñen feito unha miseria.

Entón, o problema aquí é se queremos votar ser solidarios ou non. Evidentemente, rexeitando as nosas emendas de onte, a votación do Partido Popular é que non queren ser solidarios.

Para rematar, para non axudar sempre hai excusas, sempre. E para axudar só se necesita dignidade, solidariedade, responsabilidade e, sobre todo, única e exclusivamente —e é triste ter que pedilo nun Parlamento—...

O PRESIDENTE: Grazas.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: ...respectar os dereitos humanos.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Señora Fernández, a ver, eu xa sei que vostedes son poucos cando van a esas concentracións, pero, home, pedirlle ao PP que saíamos na súa axuda... E máis cando o que se facía nesa manifestación maioritariamente era culpar o Partido Popular de que se tivese producido o ataque e non o ataque en si mesmo. Pero, mire, teñen unha oportunidade. Nós presentamos e debatemos onte unha iniciativa, voten a favor desa iniciativa e estarán condenando ese ataque ao edificio de Prodeme. ¡Tan sinxelo coma iso! (*Aplausos.*)

E mire, señora Longueira, creo que o primeiro que hai que pedir —non só aos demais, como vostede fai habitualmente, senón a un mesmo— é seriedade e coherencia. Porque na proposta que estamos a debater, na exposición de motivos, vostede falaba de que literalmente Galicia ten unha capacidade ordinaria para acoller 886 menores e a realidade é que chegarán 317, segundo o decreto aprobado en agosto. É certo que Galicia ten 886 prazas, tamén llo digo á señora Fernández, pero esas prazas non están desocupadas; esas prazas, como ten dito en numerosas ocasións a Consellería, están ocupadas ao 108 por cento. Temos neste momento 938 menores. Esa é a razón pola que a Xunta lle vén dicindo ao Estado que, nestes momentos, nestas circunstancias, non podemos acoller máis menores sen rachar o noso sistema de protección. Un sistema de protección que é dos máis valorados do Estado. Xa lle digo, señora Longueira, que Galicia non abandona eses menores cando teñen 18 anos. Galicia ten o programa Mentor, que é recoñecido a nivel de España e a nivel europeo e que acompaña eses menores aínda ata que teñen máis de vinte anos para que se poidan incorporar na sociedade. (*Aplausos.*) Son vostedes, é o Partido Socialista, o que nos obriga a rachar ese sistema de protección.

E é mentira, é absolutamente falso, que nos neguemos a acoller menores. O que vén dicindo a Xunta é que para poder atender eses menores que van vir e que nós acollemos —porque estamos acollendo de forma voluntaria moitos máis dos que nos correspondería por poboación— o que nós necesitamos para que eses nenos teñan as necesidades cubertas é que, como se veu facendo sempre ata que Sánchez necesitou os votos de Puigdemont, haxa un diálogo e un financiamento.

Señora Fernández, claro que é unha cobertura social atender a eses menores. En ningún momento se cuestiona, en ningún momento a Xunta cuestionou que os vai atender. Pero, mire, custa cartos, jeh! Con tuits non se paga esa cobertura social; custa cartos. (*Aplausos.*) Exactamente 30 millóns de euros e vostedes están a favor de que o Goberno central non nolo financie. Porque tamén lle digo, señora Longueira, non deu nin un só euro para atender os menores neste ano o Goberno central. Nin un só euro. E o Ministerio xa advertiu as comu-



nidades de que así vai seguir sendo, de que teñen que facerse cargo as comunidades da atención a eses menores.

O Goberno leva meses tomando decisións unilateralmente, decisións que afectan as comunidades autónomas. Ben, non exactamente Sánchez e o Goberno socialista, senón máis ben Puigdemont. Converteuse esas comisións sectoriais das que vostede tanto fala nunha pantomima, cunha falta de respecto absoluto ás comunidades, onde unicamente teñen que ir escoitar o que xa teñen decidido o Goberno de Sánchez e Puigdemont. ¿E a vostede estráñalle que deixen de ir as comunidades autónomas a esas reunións? ¿De verdade lles pode estrañar?

Señora Longueira, ¿que é para vostede «solidariedade»? ¿Que é para o PSOE «solidariedade»? ¿que o PSOE de Sánchez, para manterse na Moncloa, use os menores migrantes como se fosen paquetes, que os colla, os distribúa por toda España, excepto por Cataluña e polo País Vasco, sen un só euro? ¿É iso para vostede solidariedade? ¿Ou mesmo intentar sen éxito darlle as competencias de emigración a Cataluña para facer un cordón sanitario e evitar que sigan entrando emigrantes? ¿É iso solidariedade? Ou talvez é solidariedade a do señor Tomé, que poñía á disposición en Castro de Rei unha finca para que se construíse un centro para emigrantes de 250 prazas e agora, cando chegan os menores non acompañados, o seu municipio non os quere. ¿É esa a solidariedade do Partido Socialista, señora Longueira? (Aplausos.) Unha solidariedade, a do Partido Socialista, coa que está absolutamente de acordo o Bloque Nacionalista Galego. Porque ¿que é para o BNG a solidariedade? O que transmiten é que son moi solidarios nas redes, moi solidarios coas pancartas, moi solidarios nas manifestacións, moi solidarios neste Parlamento; pero, que saibamos —e ao mellor estou equivocada—, ningún dos concellos gobernados por vostedes puxeron á disposición da Xunta de Galicia nin centros nin medios para acoller eses menores que chegan ata aquí.

Do Bloque sabemos tamén que o seu nacionalismo galego consiste en estar a favor de que a Cataluña vaian cero, ao País Vasco vaian cero e aquí veñan todos que queira Sánchez; sen ningún financiamento, claro. Curioso xeito de entender o nacionalismo galego e a solidariedade para Galicia, señora Fernández. O mesmo que cando vostedes reclaman que a débeda dos cataláns llela axudemos a pagar os galegos. O mesmo que cando están a favor de que Sánchez pague o 50 por cento da dependencia ao País Vasco e só o 35 por cento aos galegos. Señora Fernández, humildemente, creo que teñen que empezar a plantexarse se chegou o momento de, ademais de cambiar as súas políticas feministas, que é no que andan pensando, pensar tamén en cambiar as súas siglas. Porque, sinceramente, de galegos quedalles moi pouco. (Aplausos.)

E miren, que quede claro unha vez máis: claro que Galicia é solidaria e claro que Galicia vai atender eses menores migrantes non acompañados, a pesar de que o Goberno de Sánchez, co apoio do BNG, nos se está obrigando a rachar o noso sistema. Un sistema que consiste en oitenta pequenas residencias repartidas por toda Galicia, onde os menores de todas as nacionalidades conviven absolutamente integrados. Un sistema no que en Galicia o 58 por cento dos nenos que están no sistema de acollida. Somos un dos que máis porcentaxe temos de nenos menores en acollemento familiar, superando en máis de seis puntos a media de España. Miren: o 58 por cento en Galicia en acollemento familiar, o 42 en Cataluña e o 36 no País Vasco. Este é o sistema que queremos manter, este é o sistema polo que estamos a



solicitarlle ao Goberno que trate con seriedade a inmigración, que poña en marcha as políticas migratorias serias e que non as poña só á disposición do seu colchón na Moncloa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Ben, a ver se me dá tempo. Imos facer un pouco de política creativa, señora Arias. Eu convidoa —polo aprecio que lle teño e tamén porque estamos aquí na mesma materia— a dúas reunións. Unha co señor Tomé, que eu sei que debe ter debilidade polo señor Tomé. Ademais, somos da zona, vémonos por Monforte. Mire, unha para que lle explique de que vai o de Castro de Rei: centro de migrantes; non de nenas e nenos, centro de migrantes. Que é un concepto diferente, senón xa falamos alí na conversación co señor Tomé e o explicamos. E eu despois convidoa, porque vai estar con nós o secretario de Estado, que lle é de Vigo, non hai problema. Entón, co secretario de Estado, como a súa compañeira, ou quen vostedes decidisen, non se dignaron a ir ás reunións sectoriais, polo que sexa —a xente está moi ocupada, hai moito que facer na casa e fóra—, pois veña vostede comigo á reunión con Rubén e infórmaa de todas estas cuestións. Porque vexo que ao mellor podíamos chegar a un entendemento, pero creo que está mal informada; basicamente porque non van ás reunións ou, se van, levántanse porque teñen preza por algo. Entón, eu enténdoo.

E despois, mire, Pedro Sánchez non ten tanta capacidade para rachar co sistema. O sistema está rachado. Xa o dixo vostede: están co 108 por cento. ¿Por que? Porque nunca miraron polo sistema de integración. ¡É que non miraron para el! Teñen como teñen todo este sistema de menores, que é un auténtico batiburrillo onde os traballadores sociais xa non saben nin que facer. Pero, claro, agora veñen as circunstancias, pero tamén é verdade que teñen vostedes, temos en Galicia, un terceiro sector do que se pode botar man e que hai moitos deles especializados en infancia. Traballen co terceiro sector.

Non hai problema, se vostede non pode dende a Xunta de Galicia, ou se a súa conselleira non pode dende a Xunta de Galicia, vaíamos ao terceiro sector, que nos vai axudar. Porque, efectivamente, está colapsado. Pero encantoume que vostede o dixera, porque, claro, se o dicimos nós igual non vale. Pero está moi ben que vostede diga aquí que está colapsado. Pero aínda así, vostede sabe que hai solucións para problemas. E non ao revés do que fan vostedes, que é poñer un problema en cada solución.

Eu trato de facer sempre na primeira parte unha cuestión de dicir «imos chegar a un acordo». Porque eu plantéxolle aquí unha cuestión numérica. Nin sequera lle estou falando aquí de ideoloxía, de acollemento ou non acollemento...; estou falando dunha cuestión numérica e dunha cuestión de sensibilización. Porque nos vai estoupar na cara. Nisto imos todos e, cando estoupe, toda esta cuestión que ten que ver coa violencia racista imos todos nela. Non nos fai mellores a uns que a outros, non nos van distinguir por ser solidarios ou non so-



lidarios. Imos todos no lote. Haberá un responsable, pero imos todos no lote como sociedade. É unha cousa bastante denigrante. Entón, estamos no momento de paralo. Primeiro, estamos no momento de facelo ben. É dicir, van chegar aquí estes nenos, fagámolo ben.

Despois, estamos no momento de facernos mellor persoas, porque ata a bondade hai que traballala, ata ser feliz hai que traballalo. Un non nace sendo feliz nin nace sendo boa persoa; hai que traballalo. Isto hai que traballalo na sociedade. Sábeno ben os concellos, aos cales xa vexo que vostedes agora queren botarlles encima da mesa tamén que vaian facendo eles cos menores o que poidan. Téñenos ateigados. Ou sexa, mirar para os concellos e todo isto ao final ¿saben ao que nos leva? A ese plan estratéxico que pedimos sempre. Vostedes, como non queren falar cos concellos porque evidentemente o PSOE é un partido municipalista, eu enténdoo. Non queren falar cos concellos porque é *la madre de todas las batallas*, pois entón estamos nisto.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Remato agora.

Pero non volte a poñer encima dos concellos algo que ten que facer a Xunta. Eu non sei que van votar, supoño que votarán que non. En calquera caso, eu xa lle digo que empezaba esta réplica convidándoa a dúas reunións: unha co señor Tomé e outra co señor Rubén López.

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Convidareina os días que estean aquí.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos

O PRESIDENTE: Para esta proposición non de lei hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e hai outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:



1. *Asumir as súas responsabilidades políticas ante o anuncio da compañía Ryanair de redución das súas operacións en Galicia, pola falta dunha política de apoio do Goberno galego aos aeroportos de Galicia durante os últimos anos.*
2. *Poñerse á fronte de promover actuacións que reforcen as redes turísticas e aeroportuarias en Galicia, colaborando cos municipios afectados para abrir novas vías turísticas.*
3. *Facer públicas as contas de Turgalicia en relación coas colaboracións con compañías aéreas.*
4. *Manifestar o seu apoio aos traballadores e traballadoras, obxecto do ERE anunciado por Ryanair para o persoal do aeroporto de Santiago de Compostela, por considerar o devandito ERE como totalmente inxustificable e realizar as xestións que sexan necesarias ante a compañía Ryanair para a súa retirada.>>)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Paulo Ríos Santomé, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

<<O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. *Reclamar do Goberno español a colaboración para poñer en marcha un Plan de Dinamización dos aeroportos galegos que incorpore medidas concretas e tamén compromisos orzamentarios para o seu financiamento, que atenda cuestións como a mellora dos accesos ás terminais, a súa conexión intermodal, a apertura as 24h ou o aproveitamento das súas potencialidades no transporte de mercaderías.*
2. *Reactivar con urxencia o Comité de Rutas, como instrumento de coordinación para articular un sistema aeroportuario galego, integral e tecendo sinerxías con base na cooperación e especialización das tres terminais galegas.*
3. *Financiar a posta en marcha dun servizo de autobús exprés ao aeroporto de Peinador, como o que xa existe noutras terminais galegas.>>)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Borja Vereá.

BORJA VEREA FRAIZ: Moitas grazas, presidente.

Traemos hoxe aquí un debate importante. Gustaríame antes tamén saudar e mandar todo o apoio aos traballadores afectados por esta decisión de Ryanair, especialmente aos cen traballadores de terra que teñen activo un ERE. Digo que traemos aquí un debate importante que exige posicionamentos políticos e que exige responder preguntas e traer a esta tribuna, sobre todo, toda a sinceridade posible. Porque as preguntas que debemos responder son pre-



guntas que se están facendo en moitos outros sitios. ¿Queremos unha Galicia aberta? ¿queremos unha Galicia máis aberta ao mundo? ¿Queremos unha Galicia máis multiconectada ao exterior? Polo tanto, necesitamos respostas, porque aquí non serve «si e o contrario». Nós, este grupo parlamentario, responde sen matices. Si, queremos unha Galicia aberta ao mundo, unha Galicia máis universal e unha Galicia con máis conexións aéreas.

Polo tanto, non caben discursos irresponsables. Aquí non cabe levar á confusión, falar de turismo depredador, falar de masificación, falar de saturación e despois poñer cara de enfadado ou enfadarse moito porque se perden conexións aéreas. Iso non é ter credibilidade; hai que ser coherente e hai que ser responsable co que se defende. (*Aplausos.*) Abrir, por parte do BNG, unha batalla co turismo ou coa industria turística e despois poñer cara de susto porque se van perder douscentos empregos. Cen empregos directos de traballadores que eu coñezo persoalmente e que nos están vendo. Cen empregos directos de traballadores de terra que teñen un ERE e cen que van marchar a outros aeroportos. (*Aplausos.*)

Ou dicir, como dixo o BNG, que o problema de Ryanair é que os galegos imos poder saír menos de Galicia. Ese é o que dixo, o problema de Ryanair. Claro, como se os galegos cando viaxamos, ou os membros do BNG cando viaxades ou os santiagueses cando viaxamos non masificásemos. Nós non saturamos, nós non xentrificamos... Os únicos malos son os que veñen e os que chegan a Galicia.

Polo tanto, teñen que responder. Por iso pedía sinceridade nesta tribuna. ¿Queren vostedes máis conexións aéreas e, polo tanto, que veña máis xente a Galicia? ¿Ou queren menos conexións aéreas e que veña menos xente a Galicia? Porque se a resposta é si terán que pedir desculpas polos discursos dos últimos meses e dos últimos anos falando de masificación e falando de que está vindo demasiada xente. Por tanto, darémolles a benvida á nosa visión dunha Galicia aberta. E, se din que non, que non queren máis conexións aéreas, serán coherentes, porque se estará cumprindo a súa folla de ruta: menos conexións aéreas para que haxa menos xente porque Galicia está masificada. Esa sería a coherencia, e imos esperar a ver que é o que din e o que responden nesta tribuna. A nosa resposta é clara: unha Galicia máis aberta, unha Galicia máis universal e unha Galicia con máis conexións aéreas. E, polo tanto, a perda de conexións aéreas de Ryanair é unha malísima noticia. Desde este grupo parlamentario o que dicimos é que hai que recuperar estas conexións e aínda conseguir e pelexar por máis conexións aéreas. Necesitamos tres aeroportos que funcionen e, para que funcionen, o primeiro que hai que recoñecer é que non o están facendo. Os tres aeroportos galegos non están funcionando. Necesitan unha planificación eficiente de rutas e mellorar a súa viabilidade e competitividade. En definitiva, ser máis útiles e ser mellores.

Pero, ¿quen é o dono dos aeroportos? ¿Quen é o titular dos aeroportos? ¿Quen é o competente? ¿Quen ten a competencia e quen ten a xestión dos aeroportos? A Administración xeral do Estado, a través de AENA, do Ministerio, gobernada polo Partido Socialista. Titularidade e competencia. Os aeroportos non son nin dos concellos nin da Xunta de Galicia. ¿Quen ten as infraestruturas? ¿Quen ten toda a información? ¿Quen ten toda a administración? ¿Quen ten todos os orzamentos? ¿Quen ten todos os recursos humanos? ¿Quen ten a capacidade de establecer taxas, de xestionar as rutas? A Administración xeral do Estado. Esta é unha competencia total, unha competencia exclusiva, unha competencia indiscutida. Polo tanto, as



decisións e que se cumpran esas decisións corresponden a unha administración xestionada polo Partido Socialista. Polo tanto, os ministerios, AENA e Ryanair teñen que solucionar canto antes un conflito económico no que os prexudicados estamos sendo os galegos.

E diríxome ao Partido Socialista. AENA é unha empresa pública. Polo tanto, por riba de calquera beneficio industrial ou de calquera beneficio económico está o interese público. O interese público aquí é contribuír ao equilibrio territorial. Potenciar os grandes aeroportos e asfixiar ou afogar os medianos e pequenos aeroportos non parece a decisión política máis acertada. Polo tanto, propoñemos medidas concretas a quen ten que tomalas, que é o Partido Socialista e, polo tanto, somos transparentes. O que nós fariamos propoñemos que o fagan vostedes, e terán todo o noso apoio. Revisen as taxas aeroportuarias aplicadas por AENA. Actualicen esas taxas, co fin de favorecer a competitividade dos tres aeroportos galegos e veremos non só como comezan a volver as conexións perdidas, senón como chegan máis e como máis compañías deciden implantarse nos nosos aeroportos.

Hai unha necesidade urxentísima, hai un clamor na sociedade galega por coordinar por fin os tres aeroportos galegos, con xenerosidade polas partes, con visión estratéxica e con ambición. Pero isto ten que pilotalo o titular da competencia, das instalacións e de todos os mecanismos. Porque, claro, ademais xa hai un órgano para isto, que o Comité de Coordinación Aeroportuaria. Convoquen ese comité de coordinación, que só pode convocar o Ministerio. *(Aplausos.)* Aí si que estaremos todos sentados axudando, pero a decisión —e remato xa— ten que tomala o Ministerio. ¿Por que? Porque é o único que pode obrigar a que se executen esas decisións; o que ten o poder e a competencia para levalo a cabo. Polo tanto, pedimos que se tomen en serio as súas competencias, pedímoslles que comecen a actuar. As medidas están claras, as propostas son estas. Se houbese outras, por suposto que estaríamos dispostos a valoralas. Pero, por favor, executen, traballen e tomen as decisións e, sobre todo, lévenas a cabo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor López Font.

CARLOS LÓPEZ FONT: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

En primeiro lugar, queremos trasladar a nosa solidariedade aos traballadores afectados polo ERE, consecuencia dunha decisión empresarial absolutamente inxustificada. *(Aplausos.)* Comprometemos desde esta tribuna que contarán con todo o noso apoio nas súas reivindicacións. O PP, señor Vereza, «tarde piaches», porque ata agora non foi o PP quen apoiou os traballadores.

O Partido Popular converte este Parlamento na sede da confrontación permanente co Goberno do Estado. Dá o mesmo o tema que traian, todo se orienta a criticar o Goberno e responsabilizar



o Goberno de Pedro Sánchez. Absolutamente incapaces de facer autocrítica, de asumir as súas responsabilidades de goberno. Sempre son do Goberno do Estado, e sen máis proposta que a confrontación. Para isto, señor Vereá, non os elixiron os galegos; elixíronos para gobernar.

O tema que tratamos hoxe, a proposta do PP, é un claro exemplo do anterior, diría que un dos mellores. Estamos ante unha decisión dunha compañía de arealiña que decide marcharse do aeroporto de Peinador despois duns graves incumprimentos que provocaron que o Goberno municipal de Vigo tivese que sancionalos en dúas ocasións, e a redución de voos no aeroporto de Santiago de Compostela. A motivación dada, totalmente inxustificada. Como as cousas hai que chámalas polo seu nome, unha chantaxe pura e dura. Chantaxe, señorías do Partido Popular, a toda a sociedade. Chantaxe contra o que merece unha posta en común entre todas as administracións. E vostedes, como Goberno de todos os galegos, deberían liderar esta contestación desde o seu Goberno, aínda que isto supoña unha confluencia co Goberno de Pedro Sánchez. Pero non, posiciónanse vostedes á beira desta postura de chantaxe. Xustifícanos na práctica e sèrvellos para presentar este texto absolutamente infame.

Que vostedes defendan o interese de Galicia, como constantemente presumen aquí, é mentira, e esta proposta demostra. ¿Parécelles a vostedes xustificada que por un incremento de 0,68 céntimos en cada billete unha compañía poida tomar unha decisión de marcharse e escenificar que sofren un abuso descomunal, cando esta compañía ten uns beneficios do 21 por cento? A todo isto, señor Vereá, un incremento obrigado en cumprimento dunha lei do Partido Popular de 2014 no Goberno do Estado.

A pretensión desa compañía é irse a outros aeroportos que considera máis rendibles. Non van suprimir servizos; trasládanos castigando Galicia. E vostedes sen criticar esa decisión, porque vostede non o fixo aquí. O Goberno da Xunta debería saír de inmediato contestar á compañía; facer fronte co Goberno do Estado e cos concellos afectados denunciando esta auténtica chantaxe e defendendo os consumidores.

O Goberno de Rueda e o Partido Popular de Galicia son cómplices desta medida arbitraria que, a maiores, pode supoñer entre 100 e 120 despedimentos de traballadores e traballadoras de aquí, aos que vostedes, ata hoxe, non mostraron a máis mínima solidariedade. *(Aplausos.)* Para vostedes é mellor 120 despedimentos, se isto pretenden imputarllo ao Goberno de Pedro Sánchez, que saír en defensa dos intereses da sociedade galega no seu conxunto e destes traballadores e traballadoras. Todo o que vostedes predicán aquí é mentira e pura demagogia.

Porque o Goberno do Estado merecería, señorías do Partido Popular, que se puxesen en valor todas as medidas que se tomaron en relación coas infraestruturas aeroportuarias, que, como vostedes tratan de ocultarllelas ás galegas e aos galegos, imos nós enumeralas. O Goberno do Estado leva anos apostando polos tres aeroportos galegos, con investimentos de máis de cento trinta millóns de euros en infraestruturas clave, como a ampliación do aeroporto de Vigo, a primeira torre de control dixital en Peinador ou a renovación da pista no aeroporto de Santiago. Puxéronse en marcha bonificacións e incentivos ás arealiñas con ata un corenta por cento de desconto nas taxas de pasaxeiros e o reembolso do cen por cento na taxa de seguridade. Apoio publicitario, participación en foros internacionais e ferramentas para implementar casos de negocios personalizados ao contexto actual do mercado.



Outro motivo do Goberno galego moi importante para poñerse á beira dos que chantaxean as administracións e os usuarios é a incompetencia do Goberno da Xunta do PP, que durante dezaseis anos foi incapaz de ter unha política de apoio aos aeroportos de Galicia. Unha falta total de propostas de coordinación, de apoio, de diálogo coas tres cidades con aeroporto e sen unha visión de futuro para abrir, en colaboración co resto das administracións, novas vías turísticas e novos mercados. Non tiveron unha aposta decidida polo sistema aeroportuario galego.

A todo isto débese engadir a política escurantista do Goberno galego en relación coas subvencións ou contratos publicitarios con compañías aéreas. En concreto, a petición reiterada de transparencia nas contas de Turgalicia foi denegada de forma sistemática. Por iso, unha vez máis reiterámolo, porque igual detrás desas contas que nos negan existe algunha explicación á decisión de Ryanair e vostedes prefiren ocultalo. Nada novo, é a súa forma de gobernar. Nisto seguro que ten moito que ver a política sectaria que vostedes practican. Como nestas tres cidades vostedes non gobernaron salvo pequenos períodos, é evidente que non estaba entre as súas prioridades o apoio e a colaboración.

É tarde, pero é hora de que o Goberno de Rueda asuma as súas responsabilidades. Póñanse a traballar nunha sincera colaboración co Goberno central e cos tres concellos para mellorar a nosa posición aeroportuaria. É hora de abandonar a confrontación. Por iso presentamos unha emenda de substitución que esperamos que acepten; sobre todo o punto catro, de apoio aos traballadores, que —finalizo como iniciaba— terán todo o noso apoio nas súas reivindicacións e ante un ERE que debe ser retirado de forma inmediata.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Ríos Santomé.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Señor Vereá, quixera comezar esta intervención —como non pode ser doutro xeito— solidarizándonos e apoiando as reivindicacións dos traballadores e as traballadoras que están a sufrir este ERE criminal por parte de Ryanair e que ven perigar o seu modo de vida, o seu emprego. Señor Vereá, comezaba vostede pedindo un debate sincero e honesto. Ben. Seguiu despois dándolle inicio a un festival do cinismo, que despois seguiu o señor Font. Explicarei por que.

Por unha banda, está moi ben solidarizarse cos traballadores e coas traballadoras cando teñen un problema. ¡Pero quizais tería sido mellor que na reforma laboral que vostedes fixeron no seu momento non eliminasen a autorización administrativa dos despedidos colectivos! (*Aplausos.*) Vostedes consentiron e artellaron o mecanismo para que agora Ryanair poida despedir máis de cen traballadores en Santiago de Compostela. ¿Iso díxolle aos traballadores cando



se reuniu con eles? Pero xa está o BNG aquí para dicilo: que pola súa incompetencia e polo seu conchabeo con grandes empresas como Ryanair é posible que se faga ese ERE sen que as administracións competentes teñen nada que dicir ao respecto. E despois, o Partido Socialista, coa última reforma laboral —suposta reforma laboral— que fixo o seu Goberno. ¿Tocou este aspecto da reforma do Partido Popular? *No, padre. ¡Deixouna quedar! Deixouna quedar*, e tamén son colaboradores de que Ryanair poida facer este ERE criminal que vai mandar máis de cen persoas á rúa. (*Aplausos.*) Entón, se queremos ter un debate sincero e un debate honesto, comecemos por poñer cadaquén no seu sitio. Porque vostedes, uns e outros, turnándose, coma sempre, en contra dos traballadores e traballadoras deste país.

Despois, quería un debate sincero e honesto e veu falar dunha iniciativa sobre os servizos aeroportuarios, sobre a cuestión de Ryanair, e ao que se dedicou foi a criminalizar e atacar o BNG, poñendo na nosa boca cuestións que nós non dixemos. Vostedes deben pensar, ou queren trasladarlle á sociedade, que nós estamos contentos e contentas de que Ryanair marche de Galiza. Deben pensar iso. E, se non o pensan, deben ter a mala fe suficiente para facer que outros o pensen. E nada máis lonxe da realidade.

Temos un problema, efectivamente, no sistema aeroportuario galego. Temos varios problemas. Os dous principais son unha dobre dependencia: por un lado, a dependencia de grandes empresas multinacionais como Ryanair, que poden decidir unilateralmente deixarnos sen servizo —sen un servizo fundamental do que dependen moitísimos sectores, moitísimas persoas neste país—, cunha decisión totalmente unilateral. Unha grande empresa como Ryanair pode decidir deixar nun isolamento aéreo o noso país. E iso é o que vostedes nunca quixeron atallar; veremos se queren atallalo desta volta.

Despois, tamén, unha dependencia total do Estado. Señor Vereza, eu creo que coa súa argumentación o que cae vostede é na súa trampa favorita, chamada «a España das autonomía». Claro, ¿para que queremos un Goberno galego se non ten a capacidade, se non ten a vontade —que aínda é máis importante que a capacidade— de poñerse á fronte destas cuestións? De dicir: eu teño que xogar un papel aquí; estas infraestruturas son fundamentais para o meu país e temos que estar os primeiros defendendo este sistema aeroportuario, ¿Por que non o queren facer? Vaíamos máis alá, pidamos a transferencia dos aeroportos. ¿Cal é o problema en pedila? Que vostedes realmente non a queren. Porque a vostedes formalmente aquí impórtalles moito o que pase no aeroporto de Santiago e de Vigo, pero despois éles exactamente o mesmo que o de Bilbao, que o de Madrid, que o de Barcelona e que moitos outros. Vostedes non queren asumir que os problemas de país necesitan unha solución de país; que temos que ser nós, mediante o xuízo da nosa soberanía, quen realmente xestione os nosos recursos, as nosas infraestruturas e as nosas necesidades.

E aí está a chave da cuestión: por un lado, unha dependencia a unha grande empresa, de xeito brutal, que pode facer o que queira —incluído, grazas a uns, primeiro, e a outros, despois, despedir máis de cen persoas sen que se poida facer absolutamente nada—; e, despois, que marchen e que leven todo de aquí.

As nosas emendas eu creo que non as leu, porque se as lera realmente, eu creo que non viría con este ton contra o BNG sen sequera saber cal era a nosa posición. Inventou un cacho,



pero non acertou. Porque realmente nós vimos poñer enriba da mesa medidas a curto, medio e longo prazo para que isto non volva acontecer; para realmente artellar un sistema aeroportuario galego, deseñado, planificado e coordinado en resposta ás nosas necesidades. E iso nunca se fixo. Temos tres aeroportos nun país que compiten entre eles, que duplican liñas. E vemos como, ano tras ano, este último indicador do mes de setembro di que baixou a porcentaxe de pasaxeiros e pasaxeiras neste último verán. Estamos perdendo competitividade. Xa antes de que Ryanair anunciase a súa decisión, totalmente inxustificada, estábamos perdendo competitividade. E, sobre todo, estámosla perdendo se o comparamos co crecemento do aeroporto de Sá Carneiro. Claro, os tres aeroportos galegos teñen que traballar en conxunto, sen unha competición directa entre eles. Hai que crear sinerxías. Hai que realmente considerar isto unha cuestión de país e que a Xunta de Galiza lidere o que quere que sexa o sistema aeroportuario galego do futuro.

Iso inclúe moitísimas cousas, non só os propios servizos aéreos. Inclúe toda a rede de transporte intermodal para conectar os diferentes aeroportos. Iso tamén está na man da Xunta de Galiza. No que non directamente, como no caso do ferrocarril, pedimos, unha vez máis, a transferencia dos servizos ferroviarios aos galegos; que se implante o servizo de proximidade. E despois, todo o que ten que ver co autobús. Unha das partes da nosa emenda é para dotar o aeroporto de Vigo dun servizo exprés de autobús, que iso si que pode ser competencia da Xunta de Galiza.

Pero é que realmente vostedes non queren chegar ao fondo da cuestión; queren que todo siga igual. Aproveitar a escusa de mal pagador de Ryanair co tema das taxas aeroportuarias para meterlle o dedo no ollo ao Goberno central. Porque, claro, o problema é que estamos xogando cun tema moi importante. Non é só que quedemos sen a capacidade de ir e volver fisicamente dun espazo, senón todo o que conleva ter un sistema aeroportuario que funcione. Todo o que está asociado a iso. Os propios traballadores da Ryanair, neste caso, pero todo o que se xera en cidades como Santiago ou como Vigo; e non só en Santiago e en Vigo, senón todo o que ten que ver coa súa área metropolitana e coa súa periferia. Pero vostedes na parte resolutiva das súas propostas o único que fan é defender a empresa. É xustificar unha subida das taxas para que a empresa marche.

E mire, sobre a cuestión das taxas, porque aí tamén o Partido Socialista está introducindo unha falacia, que son os investimentos que fixo Aena nos diferentes aeroportos. A gran maioría deles son investimentos obrigados pola ESA, a nivel de seguridade. É que, se non o fixera, já que nos poderíamos ater! E despois coa torre de control dixital, á que o colectivo de controladores e controladoras aéreas de Vigo, e galegos en xeral, estaba totalmente en desacordo, por entender que traía unha perigosidade innecesaria e unha precarización dos seus postos de traballo.

Polo tanto, efectivamente, nós entendemos que ten que haber taxas aeroportuarias; taxas aeroportuarias que, aínda que subisen, a empresa Ryanair —con máis de 2.000 millóns de euros de beneficio no último ano— podería pagar e non quere. Prefire utilizar de reféns os traballadores e as traballadoras para facerlle un pulso ao Goberno do Estado e seguir aumentando os seus lucros económicos. Non podemos seguir dependendo dos ditados e dos lucros económicos de grandes empresas nin tampouco do que o Goberno do Estado decida



para nós. Temos que ser nós quen collamos realmente a iniciativa; que o Goberno da Xunta de Galiza colla a iniciativa e se poña a defender que necesitamos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

PAULO RÍOS SANTOMÉ: ...un servizo e un sistema aeroportuario galego ben articulado, coordinado e que responda ás nosas necesidades, non ás das grandes empresas nin ás do Goberno do Estado.

Máis nada. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Era a quenda do Grupo Parlamentario Mixto, que non se encontra presente. Entendo que renuncia ao seu turno de intervención.

Entón, pecha novamente o autor da proposición non de lei, o señor Vereá.

BORJA VEREA FRAIZ: Grazas, presidenta.

Señor Ríos, vostede non respondeu, non respondeu. Hai unha pregunta que creo que é importante que responda o BNG: ¿queren vostedes máis conexións aéreas e, polo tanto, que siga vindo, ou que veña, máis xente a Galicia ou non? Se a resposta é «si», terán que pedir desculpas polo que levan dicindo nos últimos meses e nos últimos anos: «masificación», «exceso de xente», «exceso de visitantes», «zonas saturadas»... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que é unha falacia? É unha realidade, a xente enténdeo perfectamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Queren máis conexións aéreas e que siga chegando máis xente a Galicia? Se a resposta é «si», levan mentindo os últimos dous anos. Repasen as actas no Parlamento ou, mesmo, no Concello de Santiago. Polo tanto, entendo que non quixese responder de xeito explícito, porque se a resposta é «non», sería vostede coherente: están contentos coa perda de conexións aéreas porque queren que veña menos xente. As súas políticas teñen consecuencias. *(Murmurios.)* Acaban de coñecerse en Santiago os datos de ocupación hoteleira deste verán, co peor dato de ocupación hoteleira dos últimos cinco anos. Esas son as súas políticas e as súas decisións. *(Aplausos.)*

Señor Font, é vostede un político serio e con traxectoria política. Non pode dicir aquí *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que o problema dos aeroportos en Galicia non é responsabilidade da Administración xeral do Estado, porque vostede sabe que non é así. Eu entendo que poida facer aquí un discurso, pero sabe que non é así. É unha competencia exclusiva, total e indiscutible; polo tanto, o único que pode tomar decisións e, o máis importante, facer que esas decisións se executen é a Administración xeral do Estado. Estamos traendo a este Parlamento tres propostas, ¡tres propostas! Non vimos criticar —por suposto que politicamente si—, pero si propoñer —tres propostas—. Espero que hoxe teñamos esa unanimidade.

En canto ao cuarto punto da emenda do Partido Socialista, o que propoñemos é incorporalo como transacción na nosa PNL. Incluso, xa lle adianto que se ten que ser votado por puntos para que haxa unanimidade no asunto do apoio aos traballadores dun ERE —por



certo, un ERE de competencia estatal —, non haberá problema en que teñamos esa votación por puntos.

En todo caso, quero lembrar as nosas propostas. Vimos coas ideas claras e con medidas sobre a mesa: revisen e actualicen as taxas aeroportuarias para que os aeroportos galegos sexan máis competitivos; convoquen o comité de coordinación, porque é nese comité e coa autoridade dos ministerios onde se poden tomar decisións que serán de obrigado cumprimento para os tres aeroportos; e respondamos esa demanda, ese clamor social, da sociedade galega de que, por fin, haxa unha planificación conxunta dos tres aeroportos galegos para comezar a sermos o territorio referente do Noroeste peninsular en materia de transporte aéreo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Cecilia Vázquez Suárez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Seguir avanzando nun sistema educativo que é referente en inclusión mediante o desenvolvemento da Estratexia Galega de Inclusión Educativa, dotada con 116 millóns de euros ata 2030, unha folla de ruta que recolle liñas de actuación específicas para atender ao alumnado que presente necesidades específicas de apoio educativo.

2. Continuar dotando aos centros do profesorado e especialistas adecuados ás necesidades que presente o alumnado, dentro dun mapa escolar que varía cada curso.

3. Avanzar na integración do alumnado estranxeiro mediante o desenvolvemento do programa galego de acollida e apoio educativo aprobado e en marcha para tal fin.

4. Mellorar as condicións do profesorado e dos centros co desenvolvemento do Acordo de mellora educativa asinado cos sindicatos o 11 de outubro de 2023 con medidas específicas entre as que se



atopa un plan de redución da burocracia, pactado coas organizacións sindicais e que suporá un aforro de máis de 120.000 horas por curso e uns 600 pasos administrativos».)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para defender a proposición, ten a palabra a señora Fernández Davila.

MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Bos días a todos e a todas.

Grazas, presidenta.

Como pais e nais das nosas fillas e fillos, dicimos que teñen todo o dereito do mundo de ser atendidos debidamente nos centros educativos. Todas queremos que cheguen lonxe na vida e sabemos que a formación vai ser fundamental para que se desenvolvan como persoas e para que teñan maiores oportunidades. Cando somos nais e pais dunha nena ou dun neno NEAE, con necesidades específicas de apoio educativo, a cousa cambia moito. A esta preocupación súmanse outras moitas que teñen que ver cos aspectos e as características do seu carácter, da súa discapacidade, da súa enfermidade, do seu trastorno ou da súa conduta. Engadimos, pois, ingredientes a unha receita na que non temos nin a seguridade nin o control suficientes para saber o seu resultado.

Falamos, pois, de familias que consomen todos os seus recursos económicos en buscar todas as terapias, públicas ou privadas, que as poidan axudar a mellorar a súa relación social, a súa atención e a súa concentración, os seus medos e as súas fobias e a controlar as súas emocións; que visitan gabinetes de pedagogía, de psicoloxía e granxas con terapias de cans ou burros; e que acoden á atención temperá con especialistas, ao exercicio físico en piscinas e con cabalos...; é dicir, buscan todo aquilo que mellore o seu día a día e que poida ofrecerlles un futuro mellor. ¡Que menos que ter servizos educativos, obrigatorios e de balde por lei, que cubran esa parte básica dunha escolarización que permita o seu desenvolvemento persoal e educativo!

«A miña ansiedade ía en aumento cando se achegaba o día primeiro de setembro», dicíame a min unha nai. «Fun ao colexio da miña filla porque antes do verán ninguén me dixo que apoios ía ter María o día 8. Ela estaba tamén moi nerviosa e desgustouse moito cando lle dixen que, para o primeiro día da clase, non tería unha persoa docente de referencia que a acompañase na aula en cada xornada educativa». María, como moitas outras nenas, nenos e adolescentes, precisa dese seguimento personalizado para que poida comunicarse co resto das compañeiras e dos compañeiros e, polo tanto, para poder entender as tarefas e as explicacións que lle fai a súa titora na clase.

O Partido Popular, no Goberno da Xunta, coa súa restrición de persoal docente e de especialistas, un ano máis, fai que a incerteza dure todo o verán para estas familias, como mínimo. Neste curso especialmente, moitas delas non están a recibir estes apoios, sobre todo en casos como o de María. Ela é unha nena cun trastorno que dificulta a súa comunicación, que está illada socialmente e que non dispón dese recoñecemento da discapacidade porque, unha, non é preciso para ela e, outra, porque a súa familia non quere colgarlle esa etiqueta.



O resultado é nefasto para o alumnado que se atopa nesta situación un curso completo, xa que hai unha relación directa entre recibir os apoios na aula de xeito estable e inclusivo e estar aparcada un curso enteiro sen avanzar ao ritmo do resto da súa clase. Isto produce no alumnado NEAE moita frustración e ansiedade, dándose cadros de crises de ansiedade que precisan atención en urxencias ou na unidade de atención de saúde mental.

Isto é algo que é sinxelo de evitar, señores do Partido Popular. O Goberno só ten que aplicar a normativa actual sobre diversidade e inclusión, pero o Partido Popular optou por un modelo educativo que resta efectivos e recursos na escola pública, en tanto desvía fondos públicos —cartos que son de todas as galegas e de todos os galegos— a centros privados a través dos concertos. É un goberno que non cre na educación pública, senón no beneficio do privado, e onde o alumnado non deixa de ser un número co que xogar para que as contas lles dean a vostedes.

Vostedes, señores do Partido Popular, levan dezaseis anos de continuos recortes no ensino público, reducindo efectivos nos cadros do persoal dos centros, precarizando e maltratando os docentes e tomando medidas que só serven para que a Consellería de Educación e o presidente saian na prensa e fagan propaganda continua.

Ao mesmo tempo que o Partido Popular publicita os seus maquillados datos e desvía fondos aos centros privados, é o responsable de que o profesorado se atope desbordado e angustiado. Atópase así, primeiro, pola gran porcentaxe de alumnado NEAE dentro da aula e tamén polas ratios elevadas que fan case imposible a atención personalizada que precisa cada un dos seus alumnos.

O Partido Popular no Goberno impide aplicar de xeito inmediato o cómputo de «por dous» ou «por tres» ao alumnado NEAE, debido a que moitos deles non teñen o recoñecemento da discapacidade. Aumentaron vostedes a burocracia que debe facer o profesorado sen un horario destinado a esta función e que vai en detrimento do seu labor docente co alumnado. Unha preocupación importante para os docentes está sendo asumir unha redución do horario lectivo sen que a Xunta de Galiza aumente os efectivos, prexudicando así o alumnado NEAE, que ve reducidos estes apoios e reforzos.

Atopan dificultades extremas as direccións dos centros educativos para organizar os horarios e para distribuír as funcións e os apoios cun cadro de docentes especialistas mermado ano a ano. Isto provoca que moitos dos centros abandonen proxectos e que, por este motivo, estean presentando a súa dimisión. Vou ler un titular nada máis, que di: «Nove profesores impartirán para dar clase a vinte e tres alumnos da aula de terceiro B de primaria do colexio O Grupo» —lémbrolle que está no concello de Ribeira—. Xa ven, son nove profesores que deben pasar por unha clase para atender, coma se fosen un só titor, ese alumnado.

O Partido Popular obriga tamén o profesorado a aplicar as instrucións para este novo curso, no que censura as súas actividades complementarias e tamén limita os apoios e os reforzos que vai necesitar este alumnado con necesidades específicas. ¿Cales son as consecuencias de todo isto? As consecuencias son que teñen moito do alumnado sen atender debidamente, sobre todo o que máis o precisa, o máis vulnerable. O presidente Rueda e o conselleiro de



Educación enchen a boca con datos de inclusión. Falan dun 94 por cento, o mellor de todo o Estado, pero as familias afectadas ben coñecen que esta inclusión nas aulas, se non vai acompañada dos recursos materiais e dos profesionais necesarios, non levan o alumnado a ningures. O Goberno do Partido Popular na Xunta será así o responsable de perder un curso sen avanzar dentro da aula.

Escoitamos o conselleiro de Educación no día de onte, neste pleno, expoñer todas as novidades deste curso, os datos manipulados do mellor número de profesorado, do éxito do Plan Mega, do E-Dixgal ou da Estratexia inclusiva 2030; pero non dixo nin unha soa palabra de cando ían dispoñer os centros daqueles especialistas, titores ou docentes de apoio necesarios para atender todo o alumnado e que agora están a reclamar as familias e as direccións.

O alumnado NEAE precisa de persoal docente e especialista estable en cada etapa educativa para conseguir uns resultados óptimos no seu desenvolvemento persoal e educativo. Non valen os parches e non valen os cambios constantes das docentes que son referentes para eles. Só conseguen frustrar estes nenos e estas nenas que dispoñen duns informes claros que din os recursos que van precisar ao longo da etapa educativa. Calquera outra cousa que se faga é contraria á normativa e aos seus dereitos.

Así que o BNG presenta hoxe, con esta PNL, unha batería de propostas que deberían facelos reflexionar sobre a situación deste alumnado tan sensible, aquel que precisa máis apoios e reforzos e que vai depender dos docentes e dos especialistas para avanzar en igualdade de condicións que o resto dos compañeiros e das compañeiras. Igual que quere facelo pois María ou outros alumnos que se nomearon onte —Mauro e Guille—, que son nenos que están esperando a que vostedes movan ficha, señores do Partido Popular, e asuman a súa responsabilidade. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos co voceiro do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Comesaña.

JULIO GARCÍA COMESAÑA: Moi bo día.

Grazas, presidenta.

Señorías, efectivamente, o Partido Popular presentou unha emenda a esta proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego sobre as actuacións que debe poñer en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo, os chamados NEAE.

O Grupo do Bloque Nacionalista Galego presenta unha iniciativa con nove puntos, que tratou de explicar a súa portavoz agora mesmo nesta mesa e que eu vou utilizar, directamente, para rebatelos. Entendo que a comparecencia, por petición propia, do conselleiro onte non serviu para nada. Vostede non mudou o que tiña previsto antes desa comparecencia e aplicou



o mantra do Bloque: no verán, os lumes, e no inicio do curso, as deficiencias do profesorado. Pois imos comentar os nove punto por punto.

O primeiro é o de «actualizar o catálogo de profesores especialistas existentes dende o ano 2009». Actualmente, no sistema educativo galego, e xa o dixo onte o conselleiro —vou dicir isto moitísimas veces porque así, ao mellor, reforzamos a idea das comparecencias, que deberían servir para algo, aínda que aquí parece que non—, o señor Román, desenvolven o seu labor máis de cinco mil —¡cinco mil!, ¡cinco, cero, cero e cero!— profesionais dedicados á atención á diversidade. Curiosamente, son o dobre que no 2009 —cinco mil—, pero vostedes din que non hai profesores de educación especial.

En apenas quince anos, tamén se duplicaron os especialistas específicos. Eses cinco mil son o conxunto de orientadores PT e AL. Soamente neses quince anos, pasouse de ter mil cincocentos PT e AL a tres mil; é dicir, o dobre tamén, mil cincocentos máis. O noso sistema conta actualmente con máis de setecentos profesionais por riba do catálogo aprobado para os centros. Ese catálogo, que leva moitos anos, se o aplicamos estritamente nos centros educativos galegos, vemos que hai setecentos profesionais, case nove parlamentos de Galicia máis do que di o catálogo.

Máis alá destes números, o importante é lembrar, como recollía a normativa que regula estes aspectos —o decreto e a orde de atención a diversidade—, que a inclusión, señora Fernández, é unha tarefa que corresponde a todo o centro —¡a todo o centro!—. Iso vostede, curiosamente, non o menciona nunca. É o mesmo guión de todos os anos: «recortes», «privatización», «menos investimento»... Agora, centran as críticas tamén na atención á diversidade porque saben que é un ámbito onde a manipulación, e non hai máis escoitala a vostede, é moito máis doada; pero novamente aí están as cifras e os resultados.

É a comunidade —isto si que lle quedou, por certo, alégrome— máis inclusiva de España. Non é o 94 por cento, é o 93,3 por cento do alumnado con necesidades especiais o que está matriculado en centros ordinarios. É, de longo, a comunidade que máis inclusión ten en todo o Estado. Os estudos de TIMSS e de PISA tamén o din: somos o ensino máis equitativo de toda España. Obviamente, por moito que se avance, nunca vai ser suficiente. Sempre haberá un diagnóstico novo nunha aula, un neno que empeora ou un neno que chega novo. É imposible estar sempre nas ratios óptimas, de aí que ás veces falemos, aínda que a algún non lle guste, de aspectos puntuais que se arreglan e que cada curso mudan. Os nenos entran nun centro, van para outro e hai que mudalo, pero, como digo, dende o curso pasado somos a primeira comunidade autónoma, ademais, que pondera o alumnado que presenta esas necesidades educativas especiais contabilizándoo por dous ou por tres dentro da aula, tanto en educación infantil como en educación primaria. Por agora, iso só se fai en Galicia. Non hai outra comunidade autónoma que o estea facendo. Dende o 1 de setembro, ademais, está en marcha a estratexia de inclusión, aprobada hai uns meses no Consello da Xunta. Isto dígoos por esa revisión de especialistas da que vostede fala na súa proposición non de lei.

Respecto do punto dous, «dotar do material e dispositivos de protección necesarios para o alumnado NEAE que o precisa», os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo sempre teñen ese material. O que pasa é que eu creo que ao Bloque lle gusta xogar con eses



outros conceptos, os NE e os NEAE, e mesturar todo. Os que precisan dispositivos téñenos nos centros educativos galegos.

Canto a «complementar as necesidades educativas especiais con plans e programas estables no tempo que sexan referentes para o alumnado máis vulnerable», señora Fernández, a estratexia galega de inclusión está aprobada e dialogada coas entidades, con 116 millóns de euros, ata o ano 2030. ¿Parécelle pouco estable e pouco planificado? Créanse ciclos de FP adaptada en colaboración cos centros de educación especial; póñense en marcha medidas e programas de acompañamento ao alumnado con necesidades específicas; mellórase a formación do profesorado en activo, e do que virá no futuro, en coordinación coas facultades; e tamén se establecen idearios formativos adaptados aos ritmos e ás necesidades do alumnado con ese risco de abandono.

Sobre «activar programas específicos e dotados de efectivos suficientes para o alumnado estranxeiro dende o primeiro día de curso e durante o tempo que o precise», tamén, novamente, a Xunta de Galicia —debería sabelo— ten en marcha un programa específico de acollida que se centra en dous aspectos fundamentais: a aprendizaxe da lingua e a avaliación do nivel académico do alumno, para que, cando chegue, sexa integrado no nivel máis acaído.

Pide vostede retirar o punto do 36.2 das instrucións para o desenvolvemento do curso 2025-2026. É un pouco absurdo, porque tanto a orde como o decreto son regulacións promovidas e aprobadas polo Goberno da Xunta de Galicia e, polo tanto, é evidente que o seu maior interese é que se aplique ese decreto. O único que fan as instrucións é —insisto, xa llo dicía antes— limitarse a recordar que a atención á diversidade é un traballo de todos, e iso é o que recolle o artigo 48 da orde de atención á diversidade. Este indica que ese reforzo educativo e o apoio do profesorado se levarán a cabo «no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración do profesorado con dispoñibilidade horaria». Iso é o que di a normativa. Isto non se pode deixar sen efecto, unha normativa coa que, precisamente, o que se quere facer é lembrar ese cumprimento.

Respecto de «recuperar os dereitos laborais dos docentes, de acordo co acordo de 2007», isto non ten nada que ver coa atención á diversidade, señora Fernández. Isto é un gol que lle coa vostede ao Parlamento e, de paso, axúdaselle á CIG a intentar defender cuestións laborais. En Galicia, o profesorado goza das melloras acordadas cos sindicatos que as quixeron. Evidentemente, a CIG non quixo esas melloras. A CIG Ensino non foi capaz de chegar a ningún acordo nestes últimos anos —contábo o onte moi ben o conselleiro— e prefiren o conflito que as melloras concretas.

Sobre o horario lectivo en educación primaria, o horario do profesorado xa se reduciu en Galicia de 25 a 23 horas no curso 2024-2025 —de 25 a 23—. Despois, escoitamos a Pedro Sánchez falando diso tamén a nivel nacional. E o paso de 20 a 18 horas en educación secundaria está tamén previsto, tal e como figura nese acordo; claro, ao mellor vostede non o coñece; como non o asinou a CIG, igual non o coñece, pero aí está recollido. Son moitas as melloras para os docentes, como a conciliación, a redución ou a burocracia. Tamén aplicamos



unha mellora salarial para aquel profesorado que se forma e que asuma funcións de responsabilidade. No seu día houbo quen dixo que non se faría; evidentemente, estaban equivocados.

Podería dicir o mesmo do punto 7 da súa PNL, do punto 8 e do punto 9.

En todo caso, insisto en que esas melloras están aí. O acordo cumpriuse e todos os aspectos específicos para eses reforzos aos nenos que os precisan están en marcha; polo tanto, nós non imos apoiar esta PNL. A nosa emenda recolle unha serie de puntos que, se vostedes se dignan a lelos, creo que poderían estar a favor de votalos. Nós, dende logo, si que votariamos eses puntos para continuar na mellora desas necesidades especiais que, efectivamente, teñen os nenos e que maioritariamente se cumpren, pero nalgunha ocasión, como digo, polas características propias do curso, non se poden adaptar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto tampouco se encontra na sala; por conseguinte, pasamos ao Grupo Parlamentario Socialista. Ten oito minutos.

AITOR BOUZA MANSO: Bo día, señorías.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe traemos a debate unha proposición non de lei que, para nós, aborda un tema fundamental. Onte na comparecencia do conselleiro xa abordamos este tema en profundidade e, xustamente, sorpréndenme as declaracións que fai hoxe o voceiro do Partido Popular nesta tribuna dicindo que, realmente, non entendemos nada do que se dixo por parte do conselleiro. Ao mellor, o que dixo o conselleiro non é que non nos convenza, é que non é a realidade.

A inclusión, señor Comesaña, non soamente é meter alumnos e alumnas nos centros ordinarios, senón que é dotar de recursos eses alumnos e esas alumnas para que realmente poidan estar ben atendidos. Diso vai a inclusión. Polo tanto, iso é o que nós estamos reivindicando hoxe aquí. É o que reivindicamos hoxe, pero tamén o que reivindicamos durante todos estes días. A inclusión hai que crela, non soamente é unha porcentaxe. Isto non vai de que falemos do 93 por cento ou do 94 por cento, coma se isto fose unha competición. Non todo son ratios e non todo son porcentaxes. O alumnado que precisa das necesidades son persoas e o que necesitan son recursos. Polo tanto, deixemos á marxe todas esas cifras, que están moi ben e son moi grandilocuentes —moi ben para os titulares que vostedes poden vir dicir aquí—, pero que non arranxan os problemas reais das persoas.

Nós o que reivindicamos é que deixen esas porcentaxes e vaian aos centros educativos. Baixen a cada un dos centros educativos, onde hai alumnado que precisa realmente de que as políticas da Xunta de Galicia sexan efectivas. Por iso, ¿como non imos apoiar unha propo-



sición non de lei que, realmente, reivindica claramente este tipo de cuestións? Están moi ben os acordos que se adoptan e aos que se chegan cos sindicatos, pero están moito mellor cando se executan estes acordos, cando se levan á práctica e cando, sobre todo, non se falta a eses acordos facéndoo pola porta de atrás —a Xunta de Galicia de maneira unilateral, co voto do partido maioritario nesta cámara, como vostedes din moitas veces— a través da lei de acompañamento. ¡Diso non faláron, é unha mágoa! Porque falar das ratios e dos acordos está ben, pero vostedes, unilateralmente, cambiaron esas cuestións a través da lei que acompañá os orzamentos. Esa é a realidade tamén, señor Comesaña. *(Aplausos.)*

Polo tanto, eu o primeiro que quero facer é poñer o foco onde ten que estar. Eu escoito o Partido Popular falar de porcentaxes, de datos, de cifras e de que hai cinco mil profesores destinados ás necesidades educativas, o dobre que en 2009. ¡Menos mal, señor Comesaña! ¡É que no 2009 non había nin a metade do alumnado con necesidades especiais! Todo depende con que se compare. Claro, se o comparamos co que realmente fai falla, ao mellor, falta o dobre do que hai. *(Murmurios.)* Todo sempre depende da comparativa que fagamos. Por iso, non comparemos e non sigamos co 2009. ¿No 2009? ¡Eu no ano 2009 estaba no bacharelato, señor Comesaña! Sexamos realistas e vaiaos á práctica. ¿Que fai falla a día de hoxe?

A Xunta de Galicia o que ten que facer é gobernar para os galegos, para as galegas e para as necesidades que ten o alumnado e o que onte estaban aquí os pais e as nais reivindicando. Non é porque o diga eu, é porque se imos a calquera centro onde haxa alumnado con estas necesidades, o que teñen vostedes que facer é solucionar os problemas, ¡para iso gobernan! ¿Non queren gobernar Galicia? Pois, gobernen de verdade. ¡Non poñan escusas e non comparen co 2009! Comparen co ano pasado, comparen co ano que vén e, sobre todo, comparen coa realidade que hai en Galicia. Iso é co que terían que estar preocupados, xa que parece que a confrontación ten que ser a de «nós queremos chegar ao 95 por cento, ao 97 por cento, ao 94 por cento...». A min dáme igual o 94 por cento. Eu quero que, cando vaiaos a un centro educativo, calquera alumno que precise un recurso o teña, sexa o que sexa, *(Murmurios.)* e iso non é o que está a pasar.

Entón, a min —de verdade— dáme igual a porcentaxe, porque a realidade é cando ves as nais chorar porque os seus fillos non teñen un apoio. Iso é o que rompe o corazón a calquera. Eu creo, á parte, que a vostedes tamén, pero ¡reivindíqueno! Non veñan aquí falar de ratios como se fosen números, sen máis. Para min cada alumno e cada alumna que precisa un recurso é unha persoa e, xa que tanto se nos enche a boca de falar de familias e de persoas, defendamos as familias e defendamos as persoas. *(Aplausos.)* Iso é o que ten que facer un goberno serio e comprometido coa educación pública en Galicia. Polo tanto, se non, a inclusión é unha trampa. Deixar un neno sentado nunha aula pero sen poder seguir, sen poder aprender e sen poder relacionarse non é inclusión, é abandono. Iso é o que temos que reivindicar hoxe aquí.

Se facemos que o profesorado estea absolutamente saturado nas aulas porque non dá... Claro que hai que poñer en valor o esforzo que fai todo o profesorado e toda a comunidade educativa co propio alumnado con necesidades educativas. Iso vai de seu, claro que si. Grazas a todos eles é polo que estamos hoxe podendo dicir que, realmente, estes alumnos teñen unha



atención mínima, pero fai falta moito máis. Cando hai nenos que chegan á escola e non atopan os apoios comprometidos e cando os profesores de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe teñen que repartirse entre tres ou catro centros, ao final, por moito que se esmeren, non chegan. É imposible. Os equipos directivos xa non saben como cadrar os horarios, os orientadores están desbordados e o resultado é sempre o mesmo: a frustración. É unha frustración para o profesorado, para as familias e para os nenos e as nenas que ven como o seu dereito á educación se converte no que non debería ser nunca: unha carreira de obstáculos.

Polo tanto, cando falemos de todo isto, falemos tamén do custo emocional para todos eses nenos e todas esas nenas que padecen iso. Significa que hai nenos que chegan á casa e choran porque non entenden nada do que pasa na clase; significa que hai nenos que deixan de falar ou de relacionarse porque non teñen quen lles axude a facelo; e significa que hai familias que se senten soas e desatendidas porque, realmente, teñen que pagar do peto os dispositivos de comunicación ou os reforzos externos que deberían estar pagados e sufragados pola administración competente na materia. Polo tanto, xa que nos gusta tanto falar doutras administracións, apliquemos o conto e as competencias que ten a Xunta de Galicia, que as execute, para iso as ten.

Señorías, detrás de cada cifra e de cada rostro, hai unha historia e hai unha vida. Iso é no que temos que pensar. Neste Parlamento non soamente temos que vir facer unha confrontación política, temos tamén que vir pensar o que pasa nas familias que están xustamente detrás destas portas. Iso é o que lle pido ao Partido Popular, cando reflexione e teña que facer práctica e gala da súa política educativa.

Polo tanto, en base a todo isto, eu creo que é moi importante que se poñan xa recursos de maneira inmediata e que tamén, como non pode ser doutro xeito, se corrixa todas esas deficiencias que hai a día de hoxe no sistema educativo para as persoas que necesitan esa necesidade educativa.

Nós imos apoiar esta iniciativa porque é de xustiza, porque responde ao que reclaman as familias, porque responde ao que reclaman os docentes e porque só así a palabra «inclusión» deixará de ser propaganda e pasará a ser realidade.

Señorías do PP, deixen de ver triunfos e de vendelos cando realmente non existen, porque, mentres vostedes fan os discursos, hai nenos e nenas en Galicia que están quedando atrás, e iso en democracia é inaceptable. Un país mídese pola maneira en que coida os seus nenos e as súas nenas, e sobre todo as máis vulnerables; hoxe Galicia suspende, e iso é responsabilidade da Xunta do Partido Popular. Nós estamos aquí sobre todo para mudar e para exixir que mude esa realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición non de lei.



MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: Ben, señor Comesaña, di vostede que o BNG vén aquí sempre dicir o mesmo, que é o que toca a principios de curso. É que, con igual acción, o mesmo resultado, ¿que esperaba? Se vostedes non cambian un ápice, nós seguiremos demandando o que necesitamos, (*Aplausos.*) o que necesitan estas familias e o que necesita este alumnado. De verdade que cando teñamos a confianza depositada en nós por parte de todos os galegos e galegas, aplicaremos o modelo que nós reclamamos e que sabemos que vai funcionar para todo este alumnado, sobre todo para este alumnado NEAE.

Vostedes —como dicía onte o conselleiro— van sobrados: van sobrados de profesores, van sobrados de especialistas, van sobrados en todo, aplican todo perfectamente, teñen un montón de protocolos e de programas. Pero a realidade é ben distinta, moi distinta. De feito, este ano xa temos 142 PT menos grazas a non sacar o concurso de prazas de atención preferente; e o cómputo, este dous por dous ou por tres do alumnado con discapacidade, primeiro, deixa fóra o alumnado NEAE que non ten esa circunstancia —claro, pero xa lle expliquei o que era; se non o quere ver, é problema seu—. E, en segundo lugar, ademais, impleméntase progresivamente, igual que as ratios. ¡Que casualidade!, van vostedes primeiro xubilarse antes de ter conseguido implementar as ratios e estas circunstancias, (*Aplausos.*) cando é necesario agora, iso non é necesario para dentro de dous ou tres anos, é necesario agora. (*Aplausos.*)

Ben, publicitan a diario implementar protocolos e programas —tamén o dicía—, pero sen docentes suficientes, sen especialistas. A maioría dos centros están por baixo dos catálogos. Como sae no periódico, onte traía un feixe de folios que eran fotocopias dos periódicos: saían máis de cen centros educativos que tiñan problemas e estaban por debaixo do seu catálogo.

Teñen de verdade o corazón de pedra. Onte non foron capaces de subir e falar cos pais e as nais que estaban aquí, con eses problemas fundamentais para os seus fillos, que non llelos dan solventado. Só hai que miralos aos ollos, ver a documentación que traen e saber se necesitan eses recursos ou non, soamente iso.

Así que toda a comunidade educativa está en pé de guerra: están en pé de guerra as nais, están as ANPA, as direccións dos centros, que están dimitindo, e o profesorado tamén.

Ben, a súa emenda, ¿que quere que fagamos con iso? Non llo vou dicir, porque despois me vai dicir que os estou insultando e que non teño educación. Entón, non lle vou dicir o que imos facer coa súa emenda, pero non imos aceptar algo que o que está dicindo é que van seguir con todo exactamente igual que agora, porque son estupendos e fan todo perfectamente.

Así que, ben, eu creo que deben saír aí á rúa, falar con eles e dicirlles claramente que van votar en contra de actualizar os catálogos, de ter máis programas, de centros estables; ben, en contra de que esas instrucións van limitar eses recursos que teñen eses rapaces e demais. Nisto trátase exactamente, de ver que modelo, que é o que queremos aquí votar hoxe; con esta votación o que imos é premer...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Davila.



MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA: ...un botón en vermello ou un botón verde. Co vermello, vostedes van seguir co mesmo modelo que teñen ata agora, aplicando simplemente que os mellores son os que están normalizados; e os demais nenos que teñen máis necesidades que son diferentes, que teñen diversidade, pois terán que ir á privada ou aterse a outras circunstancias, porque no seu modelo de verdade que non encaixan, señor Comesaña.

(Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e dezanove deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza

O PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas. E para formulala ten a palabra a señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señorías, en Gaza estase producindo un xenocidio e este Parlamento ten que denunciálo e condenalo de maneira oficial, sen medias tintas e sen escusas, porque hai que chamar as cousas polo seu nome. O que está facendo o Estado de Israel co pobo palestino é un xenocidio de Estado e Netanyahu é un criminal de guerra que debe ser xulgado. *(Aplausos.)*

As imaxes que nos chegan desde Gaza son estremecedoras: miles de persoas asasinadas a mans dun Estado que busca o exterminio do pobo palestino; imaxes de asasinatos que buscan borrar todo un pobo do mapa para ocupar e colonizar por completo o seu territorio.

E, señorías, ninguén pode dicir que non o sabía, primeiro, porque a través dos medios de comunicación e das redes sociais podemos ver como se bombardean hospitais, edificios, escolas, campamentos de refuxiados; podemos ver como se impón un bloqueo inhumano para matar de fame e sede toda unha poboación, incluídos miles de nenos e de nenas inocentes, nenos e nenas que nalgúns casos foron utilizadas como diana mentres estaban facendo cola para conseguir algo de comida e de auga.

E o Estado de Israel, con absoluta inhumanidade e impunidade, tampouco se oculta. Estes días, Herzi Halevi, o xefe do Estado Maior do Exército de Israel, dixo: «En Gaza vivían 2,2 millóns de persoas, o 10 por cento están mortas ou feridas, máis de 200.000». «E isto non é unha guerra suave» —dicía—. En realidade, isto non é unha guerra, porque só hai un exército dun estado que está bombardeando unha poboación. *(Aplausos.)*

Israel fala de 200.000 vítimas, pero as cifras poden ser moito máis escalofriantes, porque a relatora da ONU para Palestina dixo que realmente os datos oficiais se podían multiplicar por dez, que estaríamos falando de 680.000 persoas asasinadas, 380.000 nenos e nenas inocentes.

Ninguén pode dicir que non o sabía, porque o di a ONU dunha maneira clara e contundente nun informe que conclúe que Israel está cometendo xenocidio; unha investigación indepen-



dente na que se referencian os aterradores actos cometidos por Israel. Din que é un xenocidio porque están intentando matar membros dun grupo, causar dano físico e mental grave e crear condicións de vida que buscan a destrución total ou parcial do pobo palestino en Gaza. Chris Sidoti, un dos responsables da elaboración deste informe, dixo que «as mortes non son accidentais nin danos colaterais, son o resultado dunha estratexia militar de bombardeos intensivos e terra queimada. O noso informe debuxou a imaxe completa durante dous anos da destrución.» E di: «A destrución é tal, unida á política de fame, que as condicións de vida son insustentables».

Non podemos quedar caladas, señorías, non queremos quedar caladas. Todos e todas temos a obriga de frear o exterminio do pobo palestino. *(Aplausos.)* E os primeiros que teñen a obriga de facelo son os estados e o Goberno; así llelo mandata a Convención para a prevención e a sanción do delito de xenocidio; unha convención que é para a prevención, e eu creo que é importante salientar isto, porque esa convención obriga a actuar para impedir que se cometa o xenocidio.

Pero a realidade é que o Estado de Israel leva violando o dereito internacional, ocupando o territorio palestino e expulsando a súa poboación desde hai máis de medio século. E aí están as sucesivas resolucións da ONU denunciando a ocupación ilegal e exixindo a retirada do Estado de Israel do territorio palestino desde hai décadas, señorías. Israel leva masacrando o pobo palestino con absoluta impunidade demasiado tempo, ante o silencio cómplice da comunidade internacional, non así coa complicidade da xente.

E eu quero dicir que me sinto tremendamente orgullosa do pobo galego, que leva moitos anos sendo solidario con Palestina. Vímolo ao longo destes dous anos, mobilizándose fronte ao xenocidio en Gaza, e vímolo recentemente durante La Vuelta denunciando a participación dun equipo sionista e facendo o que os gobernos non fan: defender os dereitos humanos e dicirlle ao pobo palestino que non está só, que a nosa man está tendida. *(Aplausos.)*

E, fronte a isto, ¿que fixo o Partido Popular? Amosar o seu apoio ao Estado criminal de Israel, chegando a recibir o embaixador no Parlamento e na Xunta, cando levaban máis dun ano masacrando a poboación palestina. Tamén intentan criminalizar a poboación que de maneira cívica e pacífica exerce o seu lexítimo dereito á protesta fronte á barbarie sionista.

E, por suposto, o que fixo o Partido Popular até agora foi negarse a condenar oficialmente o xenocidio en Palestina. É máis, estes días eu escoitei o señor Aznar —non sei se vostedes tamén tiveron ocasión de escoitalo—, que dixo: «*Si Israel perdiera lo que está haciendo, no nos damos cuenta del problema que tendríamos en el mundo occidental y en Europa*». Isto, señorías do Partido Popular, xa non é ser cómplices, é jalear o xenocidio, *(Aplausos.)* jalear unha limpeza étnica.

Hoxe desde o BNG traemos unha proposta clara e concisa para que este Parlamento, de maneira oficial, condene o xenocidio contra o pobo de Palestina e tamén que lles exixa aos gobernos sancións contra o Estado de Israel, comezando pola ruptura de relacións diplomáticas, económicas, comerciais e financeiras. Espero que hoxe o Partido Popular non vete que de maneira oficial este Parlamento aprobe esta iniciativa e que, polo tanto, imos contar co voto unánime.



Señorías, en Gaza está en xogo a supervivencia do pobo palestino, pero está en xogo o triunfo da humanidade fronte á barbarie. Se deixamos que se extermine todo un pobo diante dos nosos ollos, estaremos permitindo que a senrazón prevaleza sobre todo aquilo que nos fai humanas. Agora mesmo, mentres nós estamos aquí, hai pais e nais que en Palestina están buscando os seus fillos e fillas debaixo dos escombros, hai nenos e nenas que van morrer antes de saber o que é vivir sen medo, hai homes e mulleres que son arrancados da terra que lles pertence desde hai xeracións con violencia e impunidade absolutas. Practicar o silencio, a indiferenza e sobre todo o negacionismo do xenocidio é ser cómplice dun Estado de Israel que ten as mans manchadas de sangue.

Palestina converteuse nun símbolo e, se non freamos o xenocidio, estaremos baixando os brazos ante a impunidade e ante a barbarie. Se deixamos que a ocupación e o exterminio se impoñan, non caerá só Palestina; se permitimos que iso pase, que a forza bruta gañe, ningún estará a salvo.

Pero, pese ao que estamos vendo con espanto, eu tamén teño a confianza de que a voz, o corazón e a mobilización de miles de persoas en todo o planeta será capaz de frear este xenocidio; porque poderán destruír Gaza, pero non poderán destruír a verdade: que o pobo palestino existe e que ten dereito a vivir na súa terra en liberdade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe quero iniciar a miña intervención adiantando o voto a favor desta proposición do Bloque Nacionalista Galego e recoñecendo, como xa falamos noutros debates anteriores en relación con este tema, que, se ben tanto a postura en relación coa política internacional como cos aliados internacionais do PSdeG ou do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego son moi distintos, agora non estamos a falar disto aquí. O tema do que hoxe estamos a falar sobrepasa todo isto, porque estamos a falar de dereitos humanos, de conciencia e de deber moral.

A situación de Gaza é desoladora. Estamos a asistir a un xenocidio en todos os termos e sen medias tintas. Ninguén dubida, ou polo menos así non o dubida o 82 por cento da poboación española, que a intención do Estado de Israel, gobernado por Netanyahu, é destruír total ou parcialmente a poboación palestina, e que está desenvolvendo un plan mediante matanza de membros, a lesión grave á integridade física ou mental, o sometemento a condición de existencia que levan á destrución física e ao traslado forzoso. E defínoo así e leo literalmente, porque así é exactamente como definiu a ONU no ano 1948, no artigo segundo da Convención para a prevención e sanción do xenocidio, o delito de xenocidio; e, como ven, encadra perfectamente na actuación que está a levar a cabo neste momento o Goberno de Israel. *(Aplausos.)*



Polo tanto, non caben palabras baleiras, non caben termos que deshumanicen esta actuación, porque a comunidade internacional o está a presenciar en directo, a través dos medios de comunicación, a través das redes sociais. Non hai maneira de negar o que está a acontecer en Gaza, porque o vemos todos os días: nenos morrer de fame, persoas asasinadas mentres corren detrás dun convoi de comida, bombas destruindo hospitais e colexios e cidades arrasadas. *(Aplausos.)*

Porque vemos como se asasinou periodistas, periodistas locais, periodistas internacionais; como se cortou o acceso a Internet para intentar non deixar rastro da brutalidade; como se expulsou as ONG do territorio, como se está a poñer trabas. O outro día reuniámonos os tres grupos parlamentarios cos cooperantes de Médicos pola Paz e dicíannos como se está a poñer trabas á entrada dos cooperantes, como modificaron os requisitos para as que as ONG, practicamente, non se poidan rexistrar e, polo tanto, non poidan acceder ao territorio.

Como milleiros de camións de axuda humanitaria —contábannos tamén en primeira persoa estes cooperantes— permanecen parados na fronteira sen poder acceder ao territorio; e os poucos que entran, tres ou cinco cada día, fano controlados por milicianos estranxeiros ou colonos israelís, que aproveitan a entrada destes camións para, no mellor dos casos, mercadear con estes bens, pero, no peor, subornar, coaccionar ou asasinar a poboación palestina que se achega a eles desesperada pola ausencia de comida e de produtos básicos.

Quen non se conmocione con isto, señorías, quen non se conmocione con isto ten un grave problema de humanidade.

E tamén cabe preguntarse, despois deste relato: ¿cal é o límite moral? ¿Cal é o límite legal? ¿Que máis ten que facer Netanyahu? Porque onte xa anunciou que, como a comunidade internacional siga presionando, vai anexionar tamén Cisjordania. E a case dous anos dende o inicio desta ofensiva a comunidade internacional comeza a reaccionar timidamente ante un Estado como Israel, que a estas alturas xa vulnerou todas as normas do dereito internacional con total impunidade.

¿Que futuro nos espera nun mundo no que os países non respectan a orde internacional establecida? Israel actúa con total impunidade, chamando a UNRWA terrorista, expulsándoa do territorio, ante a pasividade da ONU.

A Corte Penal Internacional ditou hai un ano unha orde de arresto, por incorrer nun delito de lesa humanidade, contra Netanyahu, que moitos países a día de hoxe nin recoñecen. A comisión independente da ONU xa denominou como xenocidio estas actuacións. E Estados Unidos, cómplices desta barbarie, e a Unión Europea, non reacciona de forma unánime nin contundente. É desolador.

Son increíbles posturas, por exemplo, como a do Goberno alemán, que, pola súa mala conciencia, se nega a condenar estes feitos, cando tería que ser ao revés; tería que ser o que coñece un exterminio en primeira man o que primeiro se mantivera nunha posición contundente. *(Aplausos.)*



E, dende España, dando exemplo, exemplo de humanidade, como xa fixemos noutras etapas da nosa historia. Unha postura firme do Goberno de Pedro Sánchez que vai un paso por diante. (*Aplausos.*) Nós xa recoñecemos hai un ano os dous estados e que esa era a única forma de saír pacificamente dese conflito. E onte recoñecérono moitos países, como Francia, Portugal, Reino Unido ou Bélxica.

Pero tamén dando exemplo España e Galicia como cidadanía. Como cidadanía nesas protestas de carácter illado e tamén nas protestas ante a Volta Ciclista, que mostraron á comunidade internacional que a poboación española non vai branquear un xenocidio.

Como illou o mundo a Sudáfrica cando foi o apartheid ou a Rusia cando foi a invasión de Ucraína, agora ten que illar Israel no eido comercial, cultural e deportivo tamén. Porque é a única forma de humillar e mostrar rexeitamento a esa conduta na esfera internacional, sensibilizar a opinión pública global e aumentar a presión económica e política global para que cese e dea un alto ao fogo. Outra postura non cabe, é miserable.

A min avergóñame, avergóñame ver dirixentes políticos do Partido Popular tan mediocres que están a facer política con esta situación. E falo de Esther Sánchez, que escribiu no seu tuit: este ano votarei Israel en Eurovisión. Ou a presidenta Ayuso, chamando kale borroka e xentuza máis de 100.000 madrileños que pedían que cese o xenocidio, mentres ela sacaba unha foto co equipo israelí; é miserable esta conduta. Ou o señor Tellado, que non é quen de condenar o que está a facer Israel sen atacar na mesma frase a Pedro Sánchez ou apelar ao dereito deste país a defenderse, conduta que, por certo, repetiu hoxe Rueda hai uns minutos; ou Aznar, que di: *Israel tiene que ganar, Israel nos salvará*. Non, perdoa: Israel salvarao a el e os seus intereses económicos. Pero, ben, nada podemos esperar dun personaxe que nos meteu nunha guerra con Iraq, (*Aplausos.*) coa escusa de que tiña armas de destrución masivas e que provocou o maior atentado da historia do noso país. Ou Feijóo; ben, de Feijóo a verdade non sei que frase sacar, porque leva dous anos dando bandazos; o pobre non sabe nin onde está.

E o peor de todo é que a historia se repite e todos sabemos que despois dun tempo, cando todo isto pase, todos eles negarán ter tido esa postura. ¿Por que? Porque terán vergoña de recoñecelo. Pero o mundo despois disto seguramente non volva ser igual.

E cantaba Aute: *Mercaderes, traficantes, más que náusea dan tristeza, no rozando ni un instante la belleza*. E moi lonxe da beleza está a postura que está a ter neste momento o Partido Popular.

Por iso dende aquí pido altura de miras, señorías do Partido Popular. Conserve vostedes a súa dignidade como persoas ante unha situación que é indefendible, porque Galicia institucionalmente ten que dar exemplo de humanidade. E iso non se fai facendo un minuto de silencio sen aclarar publicamente o motivo, senón desenvolvendo as actuacións como as que contén esta proposta. Polo tanto, espero que vostedes tamén a apoién.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Martínez.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Señorías, non hai galego inmune ao que está a acontecer en Palestina, non hai galego que non se conmovia coas novas e as imaxes que diariamente chegan de alí, non hai galego que non sufra ante esta barbarie e non hai galego que non a condene e que non avogue para que cese de inmediato. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, señorías, non hai tampouco ningún militante, simpatizante ou votante do partido que máis se parece a Galicia que non faga o mesmo. Que quede total e absolutamente claro. O Partido Popular de Galicia condena rotundamente o masacre, a matanza, a barbarie, a atrocidade que supón o ataque xeneralizado e sistemático co que o Goberno de Israel está a castigar a poboación de Palestina; condénao rotundamente e sen ningún tipo de paliativo. *(Aplausos.)*

Esta condena, señorías, nin é menos grave nin menos rotunda nin menos firme polo feito de non compartir a cualificación xurídica que vostedes queren impoñer a toda custa. Non compartir a utilización do termo «xenocidio» nin desvirtúa nin fai menos o que está a pasar na Franxa de Gaza, nin impide que poidamos gardar un minuto de silencio nesta Cámara, incluíndo esa expresión, «xenocidio», aínda que non a compartamos, señorías. *(Aplausos.)*

¿Que é o importante? ¿A poboación civil de Palestina está a ser atacada de xeito xeneralizado e sistemático polo Goberno de Israel? Rotundamente si. ¿É menor o seu sufrimento e máis feble a nosa condena por non caer na súa trampa de querer cualificar a intencionalidade do Goberno de Netanyahu, que é o que distingue xenocidio de lesa humanidade? Rotundamente non. Deixemos esa cualificación xurídica para a Corte Penal Internacional.

E esta postura, señorías, non é exclusiva do Partido Popular. É a postura que segue a manter a día de hoxe a Unión Europea e a que onte mesmo mantivo o secretario xeral de Nacións Unidas, Antonio Guterres, na Asemblea Xeral.

Concordamos na condena e concordamos en que a barbarie ten que parar, e ten que facelo da man da presión da diplomacia internacional, intensificando o esforzo para establecer novas conversas de paz, que exixan como paso previo a liberación dos reféns, que a día de hoxe seguen secuestrados por Hamás, e un cesamento do fogo do Goberno de Israel que permita e garanta a entrega segura de axuda humanitaria. Hai que volver canto antes ao 6 de outubro de 2023, día previo ao salvaxe atentado de Hamás, que dinamitou o proceso, e que vostedes, señorías, non é que se neguen a condenar —que tamén—, é que non lle adican nin unha soa liña na súa iniciativa, señorías. *(Aplausos.)*

E concordamos tamén en que o futuro debe pasar por dous estados mutuamente aceptados e con fronteiras seguras, que exclúa o control de Gaza por potencias alleas ao pobo palestino pero que tamén exclúa o control de Hamás, que non pode ser parte da solución, porque —



repitan comigo, señorías — Hamás é unha organización terrorista. E nisto tamén deberíamos concordar. (*Aplausos.*)

Polo tanto, é moito máis importante aquilo no que, de quereren vostedes, concordariamos facilmente que aquilo que nos separa. Pero o realmente triste é que eses atrancos que vostedes poñen ao acordo nada ten que ver coa defensa do pobo palestino. Non vai diso. Nesta estratexia súa de frustrar o acordo, señorías —e teño que dicírllelo—, é verdadeiramente obsceno velos facer causa irrenunciable do termo «xenocidio» cando hai apenas uns meses vetaron neste Parlamento a declaración institucional en memoria das vítimas do holocausto. É realmente obsceno, señorías. (*Aplausos.*) ¿Ou acaso é que nese cainismo ancestral no que vostedes queren afundir Galicia, ademais de bos e malos galegos segundo os voten ou non a vostedes, hai tamén bos e malos xenocidios segundo que pobo sexa a vítima, señorías?

Pero —repito— o peor de todo é que esta estratexia súa de dinamitar o consenso non ten outro obxectivo que dividir, polarizar, tensar, para desgastar e incluso deshumanizar o adversario político. Asasinados, xenocidas, xenófobos... chamáronos, iso só na sesión de onte. E todo na procura dun posible rédito electoral, señorías.

Non conten con nós para iso, señorías, con nós non. Nós imos persistir na procura do consenso, poñendo sempre por diante de intereses partidistas o interese das persoas, o de todas as vítimas inocentes, (*Aplausos.*) a quen vostedes lles negan o consenso por un feixe de votos. Pero nós non, nós sempre por diante das persoas e logo os votos.

É moi preocupante, señorías, a formulación que fan vostedes do boicot contra Israel. Porque a reducen indebidamente a distinguir entre gobernos, estados e pobos. Nesta mesma lexislatura este Parlamento condenou accións do Goberno de Maduro, pero non Venezuela e o pobo venezolano; ou o Goberno de Putin, pero non Rusia e o pobo ruso; por certo, señorías, en ambos os dous casos, sen o seu apoio. ¿A quen vai saudar a historia, señora Pontón, ou pensan que tamén están vostedes no lado correcto da historia, señorías? É moi perigoso entender indiscriminadamente esas medidas de boicot ao pobo israelí, pois facilmente poden identificarse con ese discurso do odio que tanto critican.

Pero o máis grave, señorías, é que propoñen vostedes un boicot indiscriminado, que é incoherente e hipócrita. (*Aplausos.*) É incoherente porque non se promove para denunciar as accións que están a desenvolver outros gobernos, como é o caso de Rusia, con 2.400 nenos ucráinos mortos dende a invasión; de Sudán, con 18.000 persoas asasinadas e 9 millóns de desprazados; ou de Nixeria, con 7.000 cristiáns asasinados e outros tantos secuestrados, só no que vai este ano e polo mero feito de selo.

Pero, sobre todo, é hipócrita. É hipócrita, señorías, porque, coma sempre, o BNG actúa como sumo sacerdote do fariseísmo político, e predica unha cousa mentres fai exactamente a contraria.

Señorías, na cidade da Coruña, o Goberno socialista, co apoio imprescindible do BNG, vén de regalar a un fondo estranxeiro o desenvolvemento urbanístico do barrio das Xubias, situado a pé de ría. ¿Saben vostedes a quen pertence ese fondo estranxeiro? (*O deputado Roberto*



Rodríguez Martínez mostra un documento.) Nada máis e nada menos que ten como principal socio o grupo Edmond de Rothschild. Pero ¿como veñen vostedes pedirlle a ninguén que rexeite todo tipo de comercio co Estado sionista? Pero ¿que pode haber máis sionista que os cartos da familia Rothschild, señorías? *(Aplausos.)* Lideraron a Nakba palestina hai un século, foron claves no recoñecemento de Israel con importantes doazóns á campaña de Truman, e hoxe o seu legado continúa a través de fundacións que financian o liderado sionista e proxectos de asentamentos en Cisjordania.

Eu espero, señora Pontón, que na súa réplica anuncie que retiran inmediatamente o seu apoio a este pelletazo urbanístico que vostedes queren perpetuar con eses cartos. ¿Ou é que acaso o seu compromiso co drama que está a vivir a poboación inocente de Gaza chega xusto ata onde empeza a perigar o sillón da señora Sanmartín en Santiago? ¡Que vergonza, señorías! *(Aplausos.)* É que miren, nin sequera lles vou dicir: hai que ter moita cara; voulles dicir que hai que ter moito estómago. Señora Pontón, ¡que noxenta hipocrisía a que vostedes practican!, ¡que verdadeiro noxo!

Remato. Caídas as máscaras, nós invitámoslos a abandonar as poses partidistas, a incoherencia e a hipocrisía, e volver á senda do consenso. Volvan á senda do consenso. Xuntos xa temos demostrado que se pode condenar rotundamente as atrocidades que está a cometer o Goberno de Israel sen cualificalo necesariamente como «xenocidio». E isto non supón defender nin moito menos xustificar o Goberno de Netanyahu. Pódese defender a causa palestina e a súa poboación civil, e iso non supón defender ou xustificar a Hamás, e pódese ser El Jaber sen que Hamás teña nada polo que nos felicitar, outra vergoña, obra e graza de Pedro Sánchez, señorías. *(Aplausos.)*

Temos demostrado que se pode clamar polo cesamento inmediato da barbarie da man da diplomacia internacional, exixindo a uns a liberación dos reféns e a outros un cesamento do fogo que garanta corredores seguros para a axuda humanitaria. E temos demostrado que se pode avogar por un futuro de dous estados mutuamente recoñecidos e con fronteiras seguras que libere a Palestina da espada do Goberno de Israel e da parede de Hamás.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ROBERTO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Remato.

Deixémonos de enredos populistas, de cualificacións que non nos corresponde facer e de boicots irracionais e perigosos. Nunca solucións sinxelas deron resposta a problemas complexos, e sen dúbida estamos ante un dos máis complexos da nosa historia contemporánea. Esperano de nós os palestinos na Franxa de Gaza, pero tamén os galegos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señorías, é realmente unha pena que a Televisión de Galiza non sexa unha Televisión ao servizo dos galegos e das galegas e que poida retransmitir en



directo os plenos que se producen neste Parlamento, porque hoxe poderían ver a baixeza moral, a inmoralidade e a falta de humanidade do Partido Popular, que é incapaz de condenar o xenocidio en Gaza. (*Aplausos.*)

Señoría, un xenocidio que, si, nós levamos denunciando moito tempo, e síntome moi orgulloso de estar do lado correcto da historia. Pero é que é un xenocidio, que non o é porque o diga o BNG, é que hai unha comisión independente da ONU que acaba de analizar o que está pasando en Gaza. E claro que importa como lle chamamos, non é o mesmo dicir unha atrocidade que un xenocidio. Ten connotacións moi diferentes respecto das responsabilidades e respecto das medidas que hai que tomar. E o que está pasando en Gaza é un xenocidio, señorías do Partido Popular. E díxo con toda claridade a ONU, que di que se cumpren catro das cinco condicións que hai na Convención de prevención e de loita contra o xenocidio.

Pero hoxe aquí o que vemos é un acto hipócrita e de cinismo político sen límites do Partido Popular, que cre que gardando un minuto de silencio pode lavar a súa mala conciencia coa complicidade que está demostrando co Estado de Israel. (*Aplausos.*) Díganme que hai de incoherente en pedir que se condene o xenocidio do que xa fala a Organización das Nacións Unidas. Díganme que hai de incoherente en romper relacións económicas e diplomáticas co Estado de Israel. Porque ¿acaso as sancións non son un mecanismo que se utiliza cando un estado viola o dereito internacional? ¿Por que hai sancións para Rusia e non para o Estado de Israel, que está cometendo un xenocidio co pobo palestino?

Pero, señorías do Partido Popular, incoherencia a de vostedes, que veñen aquí equiparar vítimas con verdugos, (*Aplausos.*) e esa é unha inmoralidade na que nós non imos nin colaborar nin, desde logo, participar.

Señorías, o Partido Popular, de novo, do lado equivocado da historia. O señor Rueda, que hoxe pola mañá nos dicía que isto era un xenocidio, agora vai votar «non» a recoñecer oficialmente que o que está pasando en Palestina é un xenocidio. É dunha hipocrisía política que nos demostra que non teñen límites. (*Aplausos.*)

Pero, señorías, ¿que máis ten que pasar? Pídolles que abandonen o seu negacionismo, que condenen o xenocidio en Gaza, que se sitúen do lado correcto da historia, por decencia, por humanidade e por estar á altura do que nos está demostrando o pobo galego, que hoxe está mirando con incredulidade e con espanto como o Goberno do señor Rueda elixiu xustificar a barbarie en vez de defender a humanidade. Rectifiquen e póñanse do lado correcto da historia, porque xa lles digo que a historia non os absolverá. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O PRESIDENTE: Rematado o debate sobre as proposicións non de lei, procedemos á súa votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Raquel Arias.



Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(A deputada Ariadna Fernández González pide a palabra.)

Pide a palabra a señora Fernández. Déanlle voz ao escano da señora Fernández. Grazas.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: É para pedir a votación por puntos, separando o que se engadiu na súa propia autoemenda do restante.

O PRESIDENTE: Correcto. ¿Acepta, señora Arias, esa votación por puntos? ¿Acéptaa? ¿Perdón? Déanlle voz. ¿Acepta vostede a votación por puntos?

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Si, aceptamos esa votación por puntos para poder chegar a un acordo unánime para rexeitar o ataque que sufriu o edificio de Prodeme en Monforte de Lemos.

O PRESIDENTE: Grazas.

Moi ben, entón procedemos. O primeiro punto sería votar logo a autoemenda que se propuxo.

Votamos.

Votación do texto autoemendo da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta autoemenda.

O PRESIDENTE: E agora votamos a proposta inicial, que formulou xa a señora Arias.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e catorce deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que acolla os menores solicitantes de asilo, garanta o financiamento e realice unha repartición xusta, agás o texto autoemendado.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 38; abstencións, 5.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.



O PRESIDENTE: Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa de dona Paloma Castro.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Paloma Castro Rey e do deputado Carlos López Font, sobre as medidas de planificación, avaliación e restauración dos espazos naturais afectados polos incendios, con base científica, participación social e cooperación europea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia por iniciativa de dona Silvia Longueira.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, sobre determinadas accións que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa situación que se presenta cos menores non acompañados que chegan a Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa do señor Trenor López.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Hai unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista, que consiste en incorporar como engádegas o punto 4 do PSOE á proposición non de lei. Votaríase por puntos. Os tres primeiros son os orixinais e o punto cuarto por separado. ¿É correcto? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Votamos, polo tanto, esta transacción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón. Correcto.

Entón, punto 1... *(Pausa.) (Murmurios.)* Bueno, tranquilos, imos alá. Primeiro, efectivamente, hai unha transacción —como como di aquí— e, en concreto, o que piden son dúas votacións:



primeiro, os puntos 1, 2 e 3; e, despois, o punto 4. ¿É correcto así? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Pois entón imos alá.

Primeiro, puntos 1, 2 e 3.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2 e 3 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 63, abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos.

O PRESIDENTE: Votamos agora o punto número catro.

Votamos.

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López e catorce deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación co impacto da anunciada redución das operacións de Ryanair en Galicia e coa competitividade dos aeroportos galegos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por proposta da señora Fernández Davila.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Popular, que non sei se foi aceptada. ¿Señora Fernández Davila, acéptaa? (Pausa.) Non a acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego co fin de mellorar a atención educativa ao alumnado galego, singularmente a aquel máis vulnerable e con necesidades especiais de apoio educativo.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Pontón. Non se presentaron emendas.

(A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pide o uso da palabra.) ¿Si, señora Pontón? Déanlle voz ao escano da señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Grazas, presidente.

Pido que se separe o primeiro punto, onde dicimos que se manifeste, de maneira clara e rotunda, a condena do xenocidio que se está producindo en Gaza por parte do Goberno de Israel. Ese punto que se vote separadamente.

O PRESIDENTE: Grazas.

Votamos entón ese punto número 1 da proposta.

Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e dezanove deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Ana Belén Pontón Mondelo e dezanove deputados/as máis, sobre as medidas e a postura que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o curso das operacións militares de Israel en Gaza, agás o punto 1.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Poden abrir as portas.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, interpelacións. Neste caso de doña Mercedes Queixas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Interpelación da deputada Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a eficacia do modelo educativo que impulsa a Xunta de Galicia para cumprir os obxectivos da normalización lingüística

O PRESIDENTE: Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día, señorías.

Señor conselleiro, Lois Pereiro escribiu «que a vida non me sorprenda xamais desprevido, calado e neutral». Desde logo, no BNG nunca, nunca nos pillarán nin calados nin neutrais (*Aplausos.*) para denunciar o que acaba de corroborar a Organización para as Nacións Unidas: que o que está perpetrando o Estado de Israel é un xenocidio, propositado e deliberado, contra o pobo palestino en Gaza. (*Aplausos.*) A indiferenza, a neutralidade, a distancia, a frialdade ante a vulneración dos dereitos humanos e o voto en contra de recoñecer un xenocidio en Gaza que acaba de perpetrar o Partido Popular convérteos definitivamente en cómplices de Israel, un Estado coas mans manchadas de sangue. A historia xulgaraos, pero desde logo a sociedade galega xa os está a xulgar hoxe en día.

Señor conselleiro, seguramente lembrará que no último pleno eu lle fixen unha pregunta sobre o patrimonio cultural material, concretamente sobre a avaliación que entendiamos que debería ter feito a Consellería de Cultura sobre a afectación dos lumes no patrimonio cultural galego. E hoxe voulle preguntar polo patrimonio cultural inmaterial e polo símbolo por excelencia identitario, que é a lingua; nomeadamente, pola política lingüística aplicada ao ensino do seu Goberno agora que acaba de comezar un novo curso escolar.

Eu hoxe teño que dicirlle, antes de máis, que agardo que a súa actitude sexan máis respectuosa e acorde co decoro que se agarda dun conselleiro do que o foi no pleno pasado. Porque nese pleno vostede agochou precisamente a ausencia de resposta na descualificación á miña persoa. Quedou evidenciado que non a avaliaron para nada, que non pensaran en cal foi o impacto e incluso as perdas sobre o patrimonio cultural de toda esta vaga de incendios —a peor de toda a historia do noso país— que sufrimos o pasado mes de agosto. Unha verdade que, en calquera caso, —como sempre pasa coa verdade— quedou ao descuberto hai poucos días cando dende a Consellería se dirixiron aos alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados por estes lumes para preguntarlles que patrimonio cultural ardera ou se vira afectado. Para isto é para o que vale unha Consellería de Cultura, ese gran mérito



e logro novidoso que anunciara Rueda. Por fin tiñamos unha consellería de cultura, agora aínda está por ver para que.

Por certo, aproveito para preguntarlle agora se tamén se dirixiron aos alcaldes da Ribeira Sacra para preguntarlles como se viu afectada a candidatura a Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra, esa candidatura que vostedes chaman «da auga». ¿Será da auga para apagar os lumes dun territorio que vostedes teñen descoidado e desprotexido? Se non fose terríbel, se non fose duro e triste, mesmo ata parecería unha mofa. (*Aplausos.*)

Falando de preguntas, neste comezo do curso escolar eu pregunteilles aos compañeiros docentes que están en activo nos seus centros educativos tamén algunhas cuestións. Pregunteilles, un ano despois de retratar o Instituto Galego de Estatística, con datos oficiais e científicos, a situación de emerxencia lingüística na que está a nosa lingua, ¿que fixo o Goberno? Un ano despois de confirmarse o continuo, o progresivo retroceso na competencia lingüística, é dicir, na capacidade para aprender galego nos menores de 14 anos, fundamentalmente, ¿que fixo o Goberno galego neste novo curso escolar? Un ano despois de lle ter demandado sucesivamente ao Goberno mudanzas na política lingüística no ensino con todo tipo de chamamentos sociais e institucionais, ¿que fixo o Goberno de Rueda para garantir o dereito fundamental de poder aprender galego na escola? ¿E que me responderon os colegas de profesión? Nada, para o galego o curso comezou como se non pasase absolutamente nada, igual que rematou o curso anterior.

Polo tanto, dende o BNG en principio chegamos a dúas conclusións: a primeira, que o Partido Popular segue negando a gravidade da emerxencia lingüística na que está instalado o galego; e, a segunda, que o Partido Popular acepta que o galego siga indo a menos, porque este era o obxectivo da súa política lingüística dende o momento en que volveron ao Goberno da Xunta de Galiza en 2009 e aprobaron, de forma totalmente unilateral, en contra de todo o mundo, o decreto da infamia. Si, hoxe xa está verificado que non era un decreto do plurilingüismo, senón un decreto do monolingüismo. (*Aplausos.*) Por iso, ratificamos que é o decreto da infamia, porque é unha infamia gobernar en contra da lingua propia e da lingua oficial de Galiza. É unha infamia prohibir aprender en galego nalgúns materias. É unha infamia desterralo practicamente das aulas de educación infantil. É unha infamia non lle garantir aos pais e ás nais que piden unha aprendizaxe en galego unha escolarización en galego para os seus fillas e fillos, e prohibírllelo o Goberno do Partido Popular. É infame converter a lingua propia e oficial deste país —a lingua que a inmensa maioría dos galegos e das galegas queren, independentemente da lingua que falen— nunha lingua irrelevante.

Patricia, unha compañeira profesora de Lingua e Literatura Galega nun instituto da Coruña, díxome contundentemente, e teño que dicírllelo aquí a vostede e ao conxunto da señorías do hemiciclo: «Mercedes, teño que asumir que para o meu alumnado o galego é unha lingua residual, unha terceira lingua estranxeira. E non é porque teñan prexuízos, non; é porque teñen falta de oportunidades para aprendelo». Esta é a realidade sociolingüística do noso país, señor conselleiro.

Eu previsibelmente pensei cal pode ser ao mellor a súa resposta, porque a verdade é que son bastante previsíbeis sempre: «unha norma non se pode mudar dun curso para outro». Se



vai ser así, eu xa lle adianto a miña pregunta: ¿está seguro, señor conselleiro? ¿Está seguro de que non se pode mudar dun curso para outro? Pregúntelle ao seu actualmente director xeral de Cultura, porque el xa o fixo como secretario xeral de Política Lingüística en 2010. Xa o fixeron unha vez, fíxese. Recuperaron o Goberno da Xunta en marzo de 2009 e en maio de 2010 xa estaba aprobado e publicado no DOG ese mal chamado «Decreto de plurilingüismo». Dun ano para outro, sen ningún tipo de consulta, sen pedir opinión e, por suposto, en contra de todo o mundo; mesmo en contra da lei, da Lei de normalización lingüística e do Plan Xeral de Normalización Lingüística. (*Aplausos.*) Por iso o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza anulou dous artigos que eran totalmente estruturais para o Partido Popular, pero que eran absolutamente lesivos para o galego e para a normalización lingüística. Para o PP quedou claro que, para facer recuar o galego, sobra tempo e ambición, pero, para comezar a reverter a emerxencia lingüística, fáltalles tempo e vontade política, porque lles sobra ideoloxía reaccionaria antigalega e antigaleguista.

Mais tampouco temos que ir tan atrás para ver que as cousas si poden mudar de final dun curso para o comezo do seguinte, só cun pequeno verán polo medio. Tomaron dúas medidas agora, de forma inmediata, para comezar este curso. A primeira, por fin, rectificar e comezar a reverter o erro que supuxo o Edixgal. Con todo, tamén lles digo que lle deben unha explicación á sociedade galega: ¿que aconteceu coa alfabetización das nosas crianzas con este modelo pseudodixital de Edixgal? ¿Como afectou os procesos de lectoescritura? ¿E como afectou a posibilidade de desenvolver a comprensión lectora? Seguen pendentes de explicarllo á sociedade galega. E a segunda mudanza que trasladaron rapidamente aos centros foi esa comunicación para impor nos colexios e institutos o control ideolóxico, a censura ás actividades que a vostedes non lles gustan, porque non din o que vostedes queren que se diga e como vostedes pensan. Porque non queren que fagamos o noso traballo fundamental como docentes, que é darlle ao alumnado ferramentas para que desenvolvan o pensamento crítico, para que aprendan a vivir nunha sociedade diferenciando o que é verdade do que é mentira. E, sobre todo, anulando, ademais, a liberdade de cátedra do profesorado. A única liberdade de pensamento que o Partido Popular tolera é aquela que segue o seu mandato, o seu pensamento único, grande e libre.

Pero —insisto— si que podían telo feito, pero renunciaron; renunciaron a trasladar algún tipo de medidas ou de propostas vinculadas ao que debería ser comezar a reverter a emerxencia lingüística. Para iso non tiveron tempo.

Ao mellor vostede me dá tamén outra resposta. Señoría, estamos traballando na revisión do Plan xeral de normalización da lingua galega. Levamos exactamente sete meses analizando o que xa está máis que analizado. Todo para intentar ocultar o que queren facer, que é evitar ter que aplicar as medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega, que segue plenamente vixente e actual na súa inmensa maioría. Porque, ante unha emerxencia lingüística coma a actual, en que o galego está en mínimos históricos, en que o galego é a única lingua do Estado que perde falantes, en que un de cada tres menores de catorce anos recoñece que non sabe falar nada ou case nada en galego, a única decisión que adopta o PP é adiar calquera proposta de cambio a favor do galego *sine die*. ¿Que máis ten que pasar, señor conselleiro? ¿Que máis ten que pasar? ¿Ata onde ten que chegar a desaparecer o galego do uso social para que as nosas crianzas teñan referentes para poder aprendelo e usalo?



Eu, para rematar, hoxe propóñolle un plan, señor conselleiro. Propóñolle o Plan xeral de normalización da lingua galega. *(A deputada Mercedes Queixas Zas amosa un exemplar dun libro.)* Aquí, no apartado de ensino, hai máis de cincuenta medidas que vostede pode empezar a aplicar dende agora mesmo. Eu só recollín catro. Catro propostas para que todo o mundo, para que o conxunto da Cámara, sexa consciente do que o Goberno do Partido Popular pode facer xa e até agora está renunciando a facer. A primeira, fomentar a elaboración de material didáctico en galego nas áreas onde se detectan máis carencias, que no día de hoxe son a inmensa maioría. E, se non, pregúntelle ao profesorado. A segunda, establecer un plan de formación sociolingüística e en normalización lingüística para o conxunto dos docentes. Pregúntelle ao profesorado as carencias que teñen neste sentido formativo. A terceira, desenvolver un plan específico destinado á poboación inmigrante que se está a asentando en Galiza. Ata agora o único que fixeron coa poboación inmigrante foi acusala de baixar as porcentaxes de coñecemento e uso do galego no informe do IGE. *(Aplausos.)* A cuarta, garantir que, como mínimo, nas diferentes etapas educativas o alumnado reciba o cincuenta por cento da docencia en galego. Todo isto está no Plan xeral de normalización da lingua galega. Só teñen que abrir este libro, só teñen que lelo, teñen que respectar o acordo de aprobación unánime desta Cámara e teñen que ter vontade política para aplicalo.

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Vostede —remato xa—, señor conselleiro, ten a responsabilidade de actuar para reverter a emerxencia lingüística. Débellelo aos galegos. Se non o fai, é porque está conforme con esta situación de emerxencia lingüística...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...e porque só se debe a Rueda. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitas grazas.

Moitas grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Señora Queixas, eu estou encantado de vir ao Parlamento cantas veces sexa preciso para falar daqueles asuntos que sexan de interese para Galicia. Polo tanto, como responsable do Goberno, como responsable da Consellería de Cultura, síntome especialmente contento de poder vir aquí cantas veces, como dicía antes, sexa necesario para aclarar, contestar e dar conta dos asuntos que son de importancia e de interese para o noso pobo.



Claro que estamos preocupados. Eu xa lle dixen aquí na resposta á súa pregunta de hai quince días sobre o patrimonio cultural afectado polos incendios. De feito, xa lle contestei. Non sei se a vostede lle gustou ou non a contestación de que estabamos en contacto, que mantiñamos contacto directo cos alcaldes para saber a realidade na situación do patrimonio. Temos detectados xa aqueles elementos e trasladada aos concellos a nosa máxima disposición a colaborar para resolver todos os problemas ocasionados por esa vaga de lumes.

Tamén falan vostedes sempre cun certo ton despectivo sobre a candidatura da Ribeira Sacra. Fraco favor lle fai o Bloque Nacionalista Galego. Advertín xa algún compañeiro seu de partido nalgunha das preguntas que tiña feito: fraco favor lle fai o BNG a unha candidatura como é a da Ribeira Sacra. (*Aplausos.*) Permítame dicirlle que por algo será a candidatura única do Reino de España a Patrimonio Mundial. Por algo será, algo se faría durante estes anos, por algo é a única que leva o Reino de España dende hai tres anos. Non se presentou ningunha candidatura a Patrimonio Mundial por parte do Goberno central. Esta está avalada e está apoiada pola parte do Goberno que lle corresponde. Espero que vostedes non fagan o necesario para que esta candidatura non consiga os obxectivos finais que todos nos propoñemos e, dende logo, que consigamos un reto histórico para Galicia.

Falou vostede de que no inicio do curso escolar falara cos seus colegas de profesión. Eu dígolle que o Goberno do Partido Popular, como dixo onte aquí o propio conselleiro de Educación, non só fala cos seus colegas de profesión; o Goberno do Partido Popular, o Goberno da Xunta de Galicia, fala con todos. Fala co profesorado, fala co alumnado, fala coas familias, fala con toda a sociedade galega para intentar entender e interpretar cal é a realidade da sociedade e cara a onde temos que ir.

Claro, a situación e a proposta súa, como sempre... Decía vostede que somos moi predicibles. Ben, se eu collo o manual de contestacións e de palabras tóxicas do Bloque Nacionalista Galego, repiten constantemente sempre os mesmos mantras: fala de emerxencia lingüística, fala do decreto da infamia, fala de infamias en xeral, da infamia do Goberno galego... Pois sinto dicirlle que vostede está chamándolle infame a unha gran maioría social dos galegos que apostan e apoian este Goberno cada vez que hai un proceso electoral. Creo que iso tamén, unha vez máis, deixa o Bloque Nacionalista Galego con esa suposta superioridade moral que teñen vostedes, que tentan impoñer vostedes á sociedade galega e os deixa a vostedes en moi mal lugar. A sociedade galega é bastante máis intelixente e bastante máis preocupada do que vostedes pensan. A sociedade galega entende, interpreta, venos e obsérvanos. Creo que moitas veces non lle demostramos demasiado respecto en determinadas intervencións tan duras e tan agresivas como se fan neste Parlamento.

Pero si interpreta e entende que hai un Goberno que deu cumprida resposta no ámbito lingüístico a aquelas necesidades que a sociedade transmitiu. Eu sinto dicirlle, señora Queixas, pero este partido, o partido que eu represento e o Goberno da Xunta de Galicia aprobou no seu momento unha lei, tendo un goberno en maioría absoluta do Partido Popular, de normalización lingüística. Unha lei que foi aprobada neste Parlamento por todas as forzas políticas e foi impulsada por un goberno do Partido Popular. Recórdolle tamén que aprobamos un Plan xeral do que vostede agora fai tanta gala e lle encanta tanto defendelo no que estiveron a remolque e viñeron a remolque durante todo o proceso. Ese plan xeral foi proposto



no ano 2004 por un Goberno do Partido Popular. E vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, como sempre, foron de mala gana detrás de todo ese proceso cando a iniciativa a levaba o Goberno e agora son vostedes, curiosamente, vinte e un anos despois, os que veñen aquí defender ese Plan xeral de normalización da lingua galega, cando foi, xa lle digo unha vez máis, un Goberno do Partido Popular o que impulsou ese documento de forma decidida. Non sei que medo poden ter agora vostedes. Non entendo cal é a problemática, o problema que lle pode acontecer a vostedes, que rexeitan totalmente unha actualización dese documento. Vinte e un anos despois, dende o ano 2004 ao ano 2025 moitas cousas levan mudado na nosa sociedade, moitísimas. Creo que a ninguén se lle escapa que o cambio social foi tan grande en moitos aspectos que calquera documento, calquera plan estratéxico precisa dunha actualización. ¡Vinte e un! Nada máis e nada menos que vinte e un anos despois.

Pero ¿cal é o resultado de todo este proceso? Que, dunha maneira máis ou menos intelixente, todas as forzas políticas se suman á elaboración dun novo documento, no que ademais participan máis de cen profesionais totalmente independentes e con capacidade e competencia acreditada para poder facelo. E os únicos que se quedan fóra de todo este proceso son os de sempre. Non é unha cuestión que nos sorprenda nin é unha cuestión que nos leve a ningún tipo de engano. É que estamos acostumados a ver un BNG atrincheirado, ancorado totalmente á extrema esquerda e que, dende logo, é un partido co que é imposible chegar a ningún tipo de acordo, a ningún. Pero xa non aspiramos no ámbito lingüístico, senón en calquera outro dos aspectos que sexan de interese para Galicia.

Este Goberno non é certo que non estea actuando e tomando decisións no ámbito do galego. Falaba vostede das persoas non nadas en Galicia e que chegan a Galicia. Ben, non sei se vostede segue os medios de comunicación, pero dígolle que a semana pasada estiven eu precisamente nun acto cos representantes da Rede de dinamización lingüística dos concellos, onde estaban presentes todos os concellos galegos para poñer en marcha un plan para formar máis de mil quiñentos estranxeiros no uso da lingua galega. Máis de vinte e oito concellos que están adheridos a ese convenio da Rede de dinamización lingüística que vai permitir que esas mil cincocentas persoas, as primeiras, poidan ter eses cursos de galego. Polo tanto, creo que estamos actuando nesa dirección.

Tamén lle avanzo que unha das medidas importantes que imos poñer en marcha agora a finais deste ano vai ser que sexamos a primeira comunidade autónoma que poñamos en marcha os cursos de acreditación de competencia, os cursos Celga, en liña. Ningunha comunidade autónoma deste país o ten. É unha cuestión revolucionaria permitir que calquera persoa, independentemente de onde viva, poida avaliar as súas competencias en galego e poida acreditarlas. Neste vindeiro mes de novembro faremos xa os primeiros exames para a acreditación de competencias en liña, ese Celga en liña en galego.

Dicía vostede que rachamos o consenso lingüístico. Eu xa lle dicía que a memoria é moi fráxil, cando a un non lle interesa tela fresca. Foron vostedes, señora Queixas, no Goberno Bipartito no ano 2007, cando aprobaron un decreto do galego que rachaba directamente co que viña sendo acordado neste Parlamento. Xa lle digo, acordamos no ano 2004 a aprobación dese Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobamos no ano 1983 a Lei de normalización lingüística. Aprobamos vostedes no ano 2007 un decreto do que o Partido Popular,



—ao final, porque tamén tiña un informe desfavorable, como ben vostede recorda, do Consello Consultivo— quedou fóra; un decreto que aprobaron vostedes unilateralmente. ¿E que pasou entre o ano 2007 e o ano 2010 dese «decreto da infamia»? ¿Que pasou, señora Queixas? ¿Quere que llo diga eu ou xa o sabe vostede? Houbo un proceso electoral e houbo unhas eleccións onde ademais houbo un debate moi intenso en relación á posición do Bloque Nacionalista Galego, daquel Bipartito, en relación co uso da lingua, ao que estaba obrigado o Partido Socialista polas posicións maximalistas do Bloque Nacionalista Galego. Houbo un proceso electoral e os galegos puxéronnos onde levan quince anos sentados, na oposición. (*Aplausos.*) E unha parte importante desa situación vén determinada pola súa posición extrema no tema da lingua e nalgúns outros aspectos que os levan a situalos sempre nesa posición minoritaria.

Vostedes, e dende logo creo que o deberían de replantexar, son a única forza política ou das poucas forzas políticas que nunca gañaron un proceso electoral nunhas eleccións autonómicas. Nunca, nunca tiveron nin a máis mínima opción de estar preto de ter unha confianza maioritaria dos galegos. E isto, dende logo, ten moitas explicacións; moitas, evidentemente. Non lles imos dar nós as solucións, porque evidentemente a nós tamén nos interesa que sigan manténdose nesa posición. Pero si é certo que ten moitas explicacións, e unha delas é pola súa posición totalmente intransixente no ámbito lingüístico.

Dígolles, para rematar, que están a tempo aínda, neste proceso de actualización do Plan, de sumarse e de traballar polo interese de Galicia. Están aínda a tempo. Nós temos o compromiso de rematar ese documento do Plan xeral, de ter un avance a finais deste ano. Non é tarde aínda para que o Bloque Nacionalista Galego poida sumarse e poida aportar aquelas cuestións que eu non dubido de que poidan ser de interese. Pero, dende logo, o que lles digo é que non van conseguir —nin nós lles imos permitir— que un Goberno que ten o respaldo maioritario dos galegos non impoña ningún tipo de condición, ningún tipo de apriorismos na negociación. Como pode entender vostede, se o Goberno, que é o que ten a maioría absoluta e a confianza maioritaria dos galegos, non pon ningún tipo de condición previa, non pon ningún tipo de liña vermella, non utiliza ningún tipo de apriorismos neste proceso de negociación, tampouco llo imos permitir a aquel partido que nunca na súa historia gañou unhas eleccións autonómicas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Grazas de novo, presidente.

Señor conselleiro, o que os galegos e as galegas teñen cada día máis claro —e iso ratifícase no crecentísimo e continuado apoio ao BNG— é que hai un goberno do Partido Popular que traizoo a confianza dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*) Que traizoa os acordos do Parlamento, os que levaron a aprobación no seu día, unánime, da Lei de normalización lingüística ou do Plan xeral de normalización da Lingua galega. É o único partido desta Cámara que es-



tivo disposto a torpedear todos os acordos, todos os consensos. Esa é a explicación que vostedes lles deben aínda tamén aos galegos e ás galegas. Vostede gábase hoxe aquí de ter aprobado e ter participado na aprobación de leis a favor do galego, que vostedes incumpriron e incumpren deliberadamente. E, ademais, é que se negan a rectificar.

Eu se tivese que escoller unha palabra para definir a súa actuación hoxe aquí neste Parlamento como conselleiro de Lingua, e neste ano e pico que leva ao cargo desa responsabilidade, sería a de «enredo». Enredo para xustificar a covardía de negarse a actuar a favor do galego no momento en que é perfectamente consciente de que está na peor situación da historia a respecto do uso, e agora xa cun problema moi importante engadido, que é a respecto do coñecemento, da capacidade e da posibilidade de aprendelo. E enredo, ademais, para disimular que están contentos e satisfeitos con este devalo, con esta debacle; vendo unha lingua, a lingua do país, atacada na principal liña de flotación e de supervivencia, que é a aprendizaxe. É a escola a que permite aprender a quen non sabe e a que permite perfeccionar a quen xa ben sabido da casa, e vostedes deliberadamente esa é a liña de flotación que persisten en atacar; e que, ademais, acaba de recoñecer que non teñen pensado mudar. A verdade é que xa o deixou bastante claro onte aquí, na demorada comparecencia, o conselleiro de Educación, e agora vostede: ningunha acción para o ensino, que era o que nós lle preguntabamos. ¿Que vai facer para reverter a emerxencia lingüística no ensino, na educación, que é o que lle está a reclamar o conxunto da sociedade a nivel social e a nivel institucional? Ningunha.

Falounos dos Celga. Mire, os Celga xa veñen do Bipartito. Polo visto, o Bipartito, co BNG tamén nesa Secretaría Xeral de Política Lingüística, algo fixo, desde logo. Está moi ben tamén que se apropie das actividades pensadas para a emigración dos concellos que están agrupados en «a lingua». Éralle moita hora. Pero copien menos e actúen máis, señor conselleiro. (Aplausos.)

Vostede coñece perfectamente, quero pensar, este estudo do Consello da Cultura Galega, que se titula *Competencias e usos das linguas cooficiais en España*. (A deputada Mercedes Queixas Zas amosa un documento.) Vostede sabe perfectamente o que di. Di que a mocidade galega é a que menos uso fai do galego e que o galego é a única lingua que perde falantes no conxunto do Estado. Esta é a conclusión dun estudo do Consello da Cultura Galega; que, non sei, igual que outros, ao mellor tamén vostede desvirtúa, devalúa ou ignora. Eu só lle quero facer unha pregunta: se este estudo ou outro oficial —non deses de percepción que vostedes encargan, así, á súa maneira— demostrase que a mocidade galega é a que ten peores resultados do Estado en matemáticas, por exemplo, ¿o Goberno actuaría? Se un estudo oficial dixese que a mocidade galega é a que ten peores resultados en castelán de todo o Estado, ¿o Goberno galego reaccionaría? Estamos seguros de que si e, se non o fixese, desde o BNG reclamariámosllo exactamente igual. ¿Por que non o fan co galego? ¿Por que se manteñen firmes nesta situación? ¿Por que aceptan esta situación de emerxencia lingüística para a nosa lingua? Por unha razón: porque están conformes con esta política consciente e intencionada que camiña deliberadamente cara á inanición e á desaparición do galego, á substitución do galego polo castelán. (Aplausos.)

Pois o curso, efectivamente, púxose en marcha e os docentes, as comunidades educativas, o que seguen vendo é que o material didáctico en galego é escaso ou nulo na inmensa maioría



das materias. O plan anual de formación do profesorado non aborda para nada a formación sociolingüística nin de normalización lingüística. Non se cobre nin sequera a demanda de poder aprender galego en todas as escolas oficiais de idiomas e en todas as seccións no conxunto do país; por exemplo, non se desenvolven programas de adquisición de linguas e programas de acompañamento lingüístico que podíamos facer nos centros e non podemos por falta de profesorado. A lingua na FP, ¿onde está, señor conselleiro? Completamente desaparecida, será por iso que lle chaman á FP «a revolución silenciosa», debe ser porque axuda tamén a silenciar dunha vez o galego. *(Aplausos.)* E xa o último do último é que nos centros educativos se comprobe como dende a Consellería cada vez se dirixen aos centros educativos máis en castelán e menos en galego.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Nin sequera a consellería está cumprindo coa Lei de normalización lingüística. A evidencia é que seguen instalados no pacto contra o galego, señor conselleiro.

E remato xa. Cando vostede chamou o BNG para falar da situación do galego, no BNG estivemos aí desde o minuto 1 e, por suposto, coa nosa portavoz nacional, Ana Pontón, á cabeza. Falta por saber onde está o señor Rueda. ¿Por que estivo desaparecido durante todo este tempo e en ningún momento liderou ese pacto?

O PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas. Remate.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Remato, señor conselleiro. Cando vostede volva querer falar co BNG, chámenos e aí estaremos. De momento, débenos unha resposta ás propostas en positivo que lle fixemos desde o BNG... *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...e a unha carta persoal que eu lle mandei. ¿Cando vai cesar a indiferenza do Goberno do Partido Popular cara ao galego, señor conselleiro? ¿Para que temos un conselleiro de Lingua? *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Peché desta interpelación, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Queixas.

A Galicia da negra sombra. Vostedes son os que traen a negra sombra a Galicia. Todo nas súas intervencións é superlativo: todo é un desastre, todo é unha desgraza, Galicia non



avanza, Galicia queda na penumbra... O problema é que o seu discurso non se corresponde coa Galicia real.

Falaba vostede de que a sociedade galega estaba exixindo, que estaba reclamando. Pero, ¿con que sociedade galega fala vostede, señora Queixas? Permítame que lle diga: ¿con que sociedade galega? ¿Cos que van ás súas manifestacións? Porque ademais son os mesmos sempre os que van ás manifestacións da lingua, da sanidade pública, dos incendios... Os mesmos falando do mesmo e escoitándose entre os mesmos. Así claro que non é capaz de entender o que pensa a sociedade galega. (*Aplausos.*) É que vostedes pensan que a sociedade galega é a que vai debaixo das estreladas ás manifestacións que convocan vostedes por absolutamente todo. E, claro, aí é onde perden vostedes un pouco a realidade do que está pasando en Galicia, do que acontece en Galicia. Galicia non é a Galicia das súas manifestacións, señora Queixas. Non, non é esa Galicia. Galicia é unha Galicia que quere ter un ensino mellor, por suposto; que, nesa loita por un ensino, evidentemente se atopa co Goberno galego. Como onte dixon na comparecencia o conselleiro, que recoñeceu que estamos nunha boa situación, pero que hai cousas por mellorar. Está claro que en todos os ámbitos así o temos.

Vostede falaba de datos. Claro que coñezo ese informe ao que vostede facía mención do Consello da Cultura, claro que o coñezo. Non é que o coñeza, senón que, para a súa incredulidade, tamén o lin, xa que sempre o pon vostede en dúbida. Falaba na primeira intervención de que eu fun un pouco agresivo con vostede hai quince días. Vostede ten esa superioridade moral que ata lle dá por dubidar se o conselleiro de Cultura sabe ler ou non. Eu tamén sei ler, señora Queixas, de vez en cando. Ese informe ao que vostede fai mención voulle dicir unha das primeiras cuestións que establece na súa parte resolutiva. Fala de que a análise xeral deste documento... É o mesmo, o que lle estou dicindo: *Competencias e usos das linguas cooficiais en España. O galego en perspectiva comparada*, o documento que utilizou vostede. Empeza dicindo que a análise xeral destaca que Galicia lidera en competencias lingüísticas entre as comunidades con linguas cooficiais. Iso vostede non o di porque non lle interesa, claro. (*Aplausos.*) Pero o seu informe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, siga. Vostede le o que lle interesa a vostede e os demais non o podemos ler. Esta frase é a que recolle este informe: «Galicia lidera en competencias lingüísticas entre as comunidades con linguas cooficiais». Xa sei que non lle interesa, entre outras moitas cuestións. Fala da posición do galego relacionado coas outras linguas cooficiais do territorio español, a cal di que evidentemente Galicia e o galego é a lingua que máis se fala en todo o territorio nacional. Iso tampouco lle interesa ao BNG. E, efectivamente, tamén fala dos retos de futuro da lingua, non só en Galicia, senón do resto das linguas cooficiais.

Fala vostede das competencias. Eu cada vez que a escoito a vostede falar das competencias lingüísticas no ámbito educativo, —evidentemente, non dubido en absoluto da súa capacidade— non está vostede criticando o Goberno galego; está criticando os seus colegas de profesión, está criticando o profesorado. Porque lle digo e insisto, señora Queixas —e, como lle gusta dicir a vostede, «estes son datos»—: estas son as notas medias do alumnado galego nas distintas etapas educativas. (*O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José Carlos López Campos, amosa un documento.*) Voulle ler: en atención primaria en sexto, final de ciclo de educación primaria, a nota media en lingua castelá é un 7,26 e a nota media en galego é un 7,17. Dous notables en notas medias en sexto de Educación Primaria. En cuarto da ESO,



final do ciclo da ESO, a nota media en lingua castelá é un 6,08 e en galego é un 6,19. Unha décima de punto máis en galego que en castelán. E en bacharelato... Xa sei que vostedes aos datos téñenlles algo de fobia, pero esta é a realidade... *(Aplausos.)* En segundo de bacharelato, a nota media en lingua castelá é un 6,25 e a nota media en galego, ¿saben cal é? Un 6,39, por encima da nota media en lingua castelá. Esta é a realidade das competencias lingüísticas. ¿Quen avalía mellor unhas competencias lingüísticas que o propio profesorado de cada unha das materias?

Pero é que lle digo máis. A Xunta de Galicia, no seu afán de validar, no seu afán de supervisar a situación do galego, como ben saben vostedes, fai unhas probas de avaliación de diagnose en segundo da ESO todos os anos. E nesas probas de avaliación de diagnose —que tampouco lle valen, porque, como non lles dan o resultado que vostedes queren, non lles interesa, pero son probas de avaliación diagnósticas— di exactamente nos resultados desas probas, en segundo da ESO, que o desempeño entre lingua castelá e lingua galega é totalmente equivalente entre as dúas linguas. Polo tanto, as competencias en galego e en castelán son equivalentes no alumnado de segundo da ESO. *(Aplausos.)* Esta é a realidade incontestable. Isto non son opinións; estes son datos. Pero, claro, cando os datos non interesan non lles facemos caso.

Eu só lles digo que, unha vez máis —insisto, e non me cansarei nunca—, están a tempo aínda. Están a tempo de non quedar marcados na historia como o partido que sempre estivo en contra ou que sempre quixo impoñer os seus mantras, non só no galego, senón noutros asuntos de interese para Galicia. Están aínda a tempo de recapacitar. Por suposto que teñen a man tendida, díxenllo en máis dunha ocasión. Por suposto que aínda estamos nese proceso no que esperamos acadar ese acordo social no galego. E supoño que non teñen vostedes ningunha desculpa para que o BNG non estea nese proceso.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Interpelación das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas para mellorar a situación do servizo de axuda no fogar en Galicia

O PRESIDENTE: Señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Bo día, señora García.

O motivo desta interpelación, evidentemente, naceu a raíz do tristemente acontecido no Porriño, co falecemento dunha traballadora do servizo de axuda no fogar, pero realmente é a desgraza que vén ao final do colapso dun sistema neste sentido; é dicir, é o detonante de



moitas outras cuestións que posiblemente estean a acontecer, pero é, sobre todo —ademais de todo isto—, o triste destino, non digo de algo que fose inesperado nalgún sentido, pero si de algo non adscrito ao que ten que ser a profesión dos coidados; posiblemente, ¿quen coidaba ao coidador?, como moitas veces se di.

E non por moito mencionado está falto de interese que voltemos outra vez, neste período de sesións, falar practicamente en todas as comisións e practicamente en todos os plenos non só da Lei de dependencia, senón do servizo de axuda no fogar, en concreto. E non deixaría de ser case unha anécdota se comparásemos o que falamos aquí do SAF e a practicamente escasa ou nula repercusión que despois isto ten á hora de afrontar estes feitos, sobre todo porque o SAF é, dentro do Estado do benestar, como o piar fundamental, e simplemente é o servizo máis demandado —como todos sabemos—, e é sobre todo o servizo que nos permite seguir sendo nós mesmos aínda nas situacións máis extremas das nosas vidas e o servizo que nos permite seguir coa nosa familia ou que os nosos familiares sigan con nós neses estados extremos que a vida ten, que é cando temos a necesidade de usalo; unha ferramenta que nos permite seguir sendo a esencia basicamente do que somos.

A semana pasada o noso voceiro e o Grupo Parlamentario Socialista reuníanse aquí, no Parlamento, con trece concellos, entre eles, os catro grandes: Vigo, A Coruña, Ourense e Lugo; e coas súas concelleiras de Asuntos Sociais ou coas portavoces na oposición, así como tamén con outros concellos de mediano e de pequeno tamaño; é dicir, era un amplo abano onde o SAF non deixa indiferente a ninguén; desde os 15 millóns de euros que vai licitar o Concello de Vigo no próximo período aos 10 millóns que vai facer o Concello da Coruña; dos 1.600 que atende Vigo, aos 800 que atende A Coruña; dos 800 en lista de espera que ten A Coruña aos case 1.000 que ten Vigo. É dicir, o SAF está dinamitado, e quen non queira velo é que non ten conciencia do que ten entre as mans, e está dinamitado en moitísimos aspectos. É dicir, non é unha cuestión de que estea dinamitado só na procura dos riscos laborais das traballadoras do SAF, que posiblemente é o máis importante de todo isto —están ao final da cadea, e acabamos de ver o que aconteceu—; está dinamitado desde o principio ao medio e ao fin. E hai varios motivos.

Eu creo que esta interpelación —que, insisto, nacía, sobre todo, coa aplicación dese Real decreto lei do ano 2024, e nacía sobre todo co interese de: salvemos o que poidamos do sistema— vai dar, ao final, unha serie de motivos que eu veño explicar aquí de por que está dinamitado e de por que eu creo que podemos incluso, nalgún sentido, analízalo —ou poden analízalo vostedes desde a súa consellería— e darlle para adiante sen a aquiescencia —eu pediría— e sen a autocompracencia de pensar que o estamos a facer ben.

Evidentemente, vostedes atenden persoas grao tres, pero, evidentemente, hai unha eiva enorme —é de todos coñecido—. Entón, o que pediríamos é esa bonhomía de saber que estamos ante un sistema que é necesario e, ademais, indispensable para a poboación galega, pero que está fallido, que nestes momentos é un sistema fallido.

En primeiro lugar, vostedes obvian e saltan as leis —eu levo repetindo isto aquí ano e medio, pero é que é verdade—, obvian a aplicación do artigo 45 da Lei de servizos sociais. Non temos plan estratéxico —repetireino todas as veces que faga falta—. Teñen vostedes programas



marabillosos, que eu xa lles alabei aquí, como é o da ELA —¡marabilloso!—, pois tomen exemplo. Teñen vostedes un director xeral que podía axudar perfectamente nesa construción dun plan estratéxico, e teñen vostedes profesionais que poden facer isto. E, de telo activado —porque somos practicamente a única comunidade que non ten este plan estratéxico—, hoxe estaríamos terminando o segundo plan estratéxico, que cada seis anos hai que facer, coas entidades sociais, cos concellos, co Estado, coa Xunta, e, por suposto, coa Axencia Galega e co Consorcio. Teñen un batiburrillo de entidades, que, bueno, se vostedes queren manter, mantéñanas, pero imos activalas nalgunha medida para que todo isto teña o seu resultado. Isto suporía traballar da man dos prestadores de servizos, que son os concellos, e suporía que vostedes coñecerían cada seis anos cara a onde imos e que é o que temos que facer.

O segundo é que por aquí pasaron —contando con vostedes— dúas conselleiras e un conselleiro que en ningunha medida retomaron o testigo un do outro: un tiña unha visión municipalista; outra chegou aquí despois do Goberno de Emilio Pérez Touriño e pasou o testigo: e, despois, está aquí vostede continuando o que lle entregan, pero seguimos nas mesmas; quero dicir, seguimos cun sistema fallido onde ninguén puxo enriba da mesa cal era o modelo que ten a Xunta de Galicia; simplemente pasaron o testigo dos uns aos outros, pero o modelo está sen identificar.

E o modelo as máis das veces —cando gobernan, non, pero se non gobernan— é pedirlle ao Estado. E isto ten unha reacción. Acaba de conformarse unha plataforma de familias de afectados que se chama Emerxencia á dependencia, conformada por 14 organizacións sociais, políticas e sindicais, para que teñamos fronte a nós a situación do sistema —é dicir, o mundo ao revés—. Onde os responsables políticos non acadan resultados de Goberno, a sociedade civil organízase. E non é fácil poñer de acordo a 14 entidades, entre eles, o Colexio de Traballo Social —por certo, xa o repetimos aquí, botados a un lado na Lei de acompañamento orzamentaria deste último ano—. Entón, non é fácil coller 14 entidades, co que isto representa, e montar unha plataforma para falar dos seus dereitos; nin sequera para manifestacións, nin para boicots, nin para facerlles ILP, simplemente para reclamar os seus dereitos. E isto é o que temos hoxe na rúa.

O terceiro. Non asumir que aquí houbo unha época de austericidio económico, desde o 2011 ao 2018, o período do seu compañeiro Rajoy; vostedes optaron por deixar sobreseído ese período. Do 2011 ao 2018 hai unha inmensa nube negra e aquí non pasou nada. Vostedes non levantaron a voz. Aquí fíxose: redución do financiamento do Estado, supresión de cotizacións á Seguridade Social das coidadoras non profesionais, demora nos recoñecementos e na prestación dos dereitos e inicio das longas listas de espera, que deron como resultado 300.000 persoas que faleceron en España —non falo só de Galicia; non é cuestión de falar só de Galicia— sen percibir a prestación recoñecida —tal e como informa a Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais— e, por suposto, unha menor calidade na prestación dos servizos. E, claro, unha vez que o señor Mariano Rajoy se levantou e o substituíu o bolso da señora Soraya Sáenz de Santamaría, pois vostedes recoñeceron que aquilo non ía ben e que tiñamos que ser os paliativos do Antigo Réxime. Existe, ademais, un plan de choque que vén do Goberno de Pedro Sánchez, que vostedes tiveron enriba da mesa —e téñeno enriba da mesa—, pero isto non bastou, porque vostedes detraen diñeiro dese plan de choque



e non acompañan esta iniciativa que ten o Goberno de España de restituír aquel goberno nefasto, sobre todo para a dependencia —non vou tocar outros temas—, e aí quedou a cousa. Ou sexa, non hai máis, non somos capaces de recoñecer que esa cifra máxica que vostedes poñen de 2.500 euros vén dun erro de xestión e dun erro de financiamento político.

Cuarto. Existe un desaxuste na normativa autonómica e no convenio colectivo. O SAF ten unha lexislación que choca coa carteira de servizos e que fai que nos atopemos nunha situación irresoluble, polo que quen dá a axuda, quen dá a prestación, ten que someterse a unha serie de servizos, pero a normativa non acompaña esa aplicación. Co cal, moitas das traballadoras vense nunha dicotomía, e é que non son capaces de prestar o que se lles pon nunha licitación porque a lei non ampara que fagan eses servizos —iso o primeiro—. E despois, cun convenio colectivo que —como ben sabe— teñen as traballadoras precarizadas e nun sistema que xa vimos os resultados que deu. E cando isto acontece, os gobernos dos concellos teñen que licitar todos estes traballos, e forman parte do sistema de financiamento da Xunta de Galicia, cando vostedes saben que destes 12 euros —exiguos e pingües 12 euros— que a día de hoxe conforman a aportación da Xunta e do Estado, 7 os pon o Estado e 5 ponos a Xunta. E despois o concello, nalgúns casos, absolutamente afoga... *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Si, claro, é que se estamos nesta actitude, sempre estamos na mesma. *(Murmurios.)*

O PRESIDENTE: Remate.

Remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Cando sentan na Fegamp, cando van á Fegamp, alí non sei o que pasa, porque moitas veces nin van vostedes, mandan técnicos. Entón, estamos nesa tesitura onde os concellos están rebentados, non poden continuar, e seguimos sen dar a isto unha resolución xeral.

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Seguimos —acabo agora—...

O PRESIDENTE: Non, remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...no parche día a día.

O PRESIDENTE: Remate.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Así que eu lle pido, por favor, señora conselleira...,

O PRESIDENTE: Grazas.



SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...que nos diga cal vai ser a disposición final para arranxar o sistema, non o parche.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Señor presidente, deputadas e deputados, moi bos días.

En primeiro lugar, quero lembrar hoxe nesta Cámara a Teresa de Jesús, traballadora do servizo de axuda no fogar do concello do Porriño, brutalmente asasinada cando visitaba un domicilio para realizar un traballo que é imprescindible: o de atención á dependencia. Vaia a miña máis firme condena, unha vez máis; unha repulsa compartida por toda a Consellería de Política Social e Igualdade, por toda a Xunta de Galicia e por toda a sociedade galega.

Teresa de Jesús era un dos milleiros de traballadoras que todas as mañás, de luns a domingo, os 365 días do ano, peitean toda a xeografía galega para atender e para coidar a quen máis o necesita; para coidar as persoas dependentes, para axudarlles nos seus labores de hixiene persoal, de limpeza do fogar, para prepararlles a comida ou en moitos casos asistilas para que poidan comer. O noso recoñecemento permanente tamén a todas as traballadoras do servizo de axuda no fogar. *(Aplausos.)*

Señora Longueira, o que realmente me sorprende da súa intervención é o seu aparente descoñecemento de sobre como funciona o servizo de axuda no fogar. E digo aparente porque vostede sabe ben que o servizo de axuda no fogar foi sempre un dos recursos de atención preferido por todos os dependentes galegos, xa que a xente maior —como vostede dicía— quere seguir vivindo nas súas casas e estar rodeada da súa xente. Vostede sabe ben que hoxe en Galicia hai máis de 23.000 persoas que dispoñen deste servizo e sabe perfectamente ben que é un dos servizos no que os concellos teñen as competencias exclusivas. ¿E por que teñen os concellos as competencias exclusivas? Porque o Partido Socialista así o quixo. A Lei de servizos sociais de Galicia do ano 2008 foi impulsada na lexislatura na que o Bipartito —o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista— estivo no Goberno. Pero, mire, para que non haxa dúbidas, eu leo literalmente o artigo 11 da dita norma: «Son funcións dos servizos sociais básicos comunitarios a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación». Este é o artigo 11.1, apartado f).

Unha vez que queda claro e aclarado este punto competencial, gustaríame tamén aclarar algúns aspectos sobre o seu funcionamento e tamén o seu financiamento. O financiamento deste servizo corre a cargo a través de tres administracións distintas: a Xunta de Galicia, os concellos e o Goberno central; e conta tamén nalgúns casos cunha repercusión económica para o usuario, que é o copago. Pero, ¿que está a facer a Xunta de Galicia? A Xunta de Galicia



está aumentando ano a ano os seus orzamentos tanto para o servizo de axuda no fogar como para a atención á dependencia. Mire, son 700 millóns de euros para a atención á dependencia e 140 millóns de euros para financiar o servizo de axuda no fogar, que é un 8 por cento máis que no ano 2024.

Estamos, polo tanto, achegando nestes momentos 12 euros/hora, segundo ese acordo que eu mesma alcancei co presidente da Fegamp na pasada lexislatura e que supuxo un incremento do orzamento do servizo de axuda no fogar dun 24 por cento.

Por suposto, señora Longueira, que somos conscientes de que esta aportación non chega, por iso estamos revisando o acordo coa Fegamp, coa intención de chegar moi pronto a un novo acordo.

Eu creo sinceramente que estamos no bo camiño e a nosa intención é que sexa un acordo gradual, un financiamento gradual, e que o incremento do prezo da hora sexa progresivo ao longo da lexislatura, así como tamén fixemos nese acordo da lexislatura pasada.

Con todo, eu quero deixarlle claro que estamos atendendo nestes momentos todas as solicitudes de máis horas de todos os concellos de Galicia, absolutamente todas, pero tamén poñemos á súa disposición máis horas de atención, que poden, como vostede sabe, os concellos pedir en calquera momento e calquera día do ano, e estanse atendendo todos os concellos de forma moi áxil.

Polo tanto, o obxectivo deste investimento da Xunta de Galicia é atender cada vez máis persoas dependentes, atender cada vez máis persoas que necesitan este servizo. Mire, de feito, nos oito primeiros meses deste ano, resolvéronse de maneira favorable máis de 56.000 expedientes, un 99 por cento máis que no mesmo período do ano pasado. En concreto, en dependencia temos máis de 18.000 novas persoas atendidas e en discapacidade emitíronse máis de 38.000 resolucións favorables. Con todo, o crecente esforzo investidor por cada administración autonómica, pero tamén o esforzo investidor que están realizando as distintas administracións locais para atender os seus veciños, non ten nunca a mesma correspondencia por parte do Goberno central.

Mire, vostede tamén sabe que a Lei de dependencia di claramente que o servizo e as prestacións se deben de financiar ao 50 por cento, pero o Goberno central o que fai, coma sempre, é seguir aumentando cada ano a súa débeda con Galicia. Xa superamos con moito eses 2.500 millóns de euros. Pero, ao mesmo tempo que nos debe máis de 2.500 millóns de euros a Galicia, introdúcenos máis obrigas; é dicir, introdúcelles máis obrigas aos concellos para prestar este servizo de axuda no fogar, o que provoca tamén un encarecemento do servizo, e, por suposto, sen achegar nin un só euro a maiores de financiamento.

Por iso eu hoxe quero pedirlle axuda para que me axude tamén a instar o Goberno central a que mude a súa actitude, a que se implique, no fondo, e a que se mellore de forma importante o financiamento deste servizo de axuda no fogar, pero tamén da dependencia no seu conxunto. Unha petición, señora Longueira, que eu entendo que vostede comparte e que tamén defende, que é que se cumpra a lei e que Galicia reciba o que lle corresponda; que Galicia re-



ciba o que lle corresponda, porque Galicia non é menos que o País Vasco, co que se acordou —como vostede sabe, de costas aos demais— cumprir a lei e achegarlle ese financiamento do 50 por cento. Polo tanto, señorías, para o Goberno do Partido Socialista hai españois de primeira, os vascos, e españois de segunda, como son os galegos. *(Aplausos.)*

Mire, señora deputada, estamos totalmente de acordo en que o servizo de axuda no fogar é un servizo fundamental de atención á dependencia; é un servizo no que —repito— os concellos teñen as competencias exclusivas, polo que é no marco da Fegamp onde se está comezando a traballar nun protocolo de seguridade para todas as traballadoras; un protocolo co que a Xunta de Galicia se comprometeu dende o primeiro momento. E sinal dese compromiso é que será o Issga o que elabore a proposta de texto deste protocolo.

Pero dada a súa condición de órgano técnico da Xunta de Galicia en prevención de riscos laborais e dado que conta, ademais, con numerosos expertos na materia, farase, por suposto, tamén en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade.

Mire, a finalidade deste texto —que se atopa, como dicíamos, en fase de elaboración— será dar unha solución real e unha solución adaptada ás necesidades tanto dos dependentes como de todas as traballadoras. Como dicíamos, que se continúe atendendo sempre da mellor forma posible a todas as persoas maiores que necesitan este servizo e, por suposto, que as traballadoras do Issga poidan desempeñar sempre a súa profesión coas máximas condicións de seguridade.

Pero, ademais, dende a Xunta de Galicia, a través da Inspección dos Servizos Sociais, colaboramos sempre cos concellos; facémolo para afrontar as posibles incidencias que poidan xurdir na prestación deste servizo.

En definitiva, señora Longueira, estamos ao lado das traballadoras do servizo de axuda no fogar, colaborando con elas, para garantirlles as mellores condicións laborais; estamos ao lado dos concellos, atendendo de forma permanente as súas solicitudes de horas e aumentando tamén o financiamento, e estamos ao lado de todas as persoas dependentes, aumentando os fondos e tamén destinando cada vez máis recursos para tramitar de forma áxil a dependencia; algo que o seu goberno, o Goberno do Partido Socialista, nos quere boicotear e nos quere paralizar. Con este recurso ante o Tribunal Constitucional vai provocar paralizacións e ralentizacións en todas estas valoracións da discapacidade.

Polo tanto, déalle, señora deputada, as grazas ao señor Sánchez e déalle tamén as grazas ao seu Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.



Eu preguntome —*Dios no lo quiso*, e eu moi agradecida lle estou— que sería deste país se despois do señor Rajoy continuase el gobernando; se despois viñese o señor Feijóo ou se continuase o señor Rajoy. ¿Como estaríamos coa Lei de dependencia? É o que eu me pregunto. Porque no ano 2018 morreron 300.000 persoas esperando a Lei de dependencia. Quitouse o financiamento do SAF. Entón, claro, despois, poñíanse aí os cartos encima da mesa. Trátase de salvar esa débeda, que, por certo, volvo dicir desde aquí outra vez que imos xudicializada, que imos para adiante con isto. Imos requirirlle a quen hai que requirirlle esa débeda e tiramos para adiante. Fagamos as contas. Eu creo que é o que debemos de facer, se tan seguros están de que temos que facer isto. Porque, claro, en medio del «*te llevo y te traigo*», cando aquí se fai o plan de choque... Por certo, 1.800 millóns, vostedes detraen cartos. E non só detraen cartos... Si, si, desde o ano 2021 ao ano 2023 detraeron cartos, cando chegaron aquí os cartos do Plan de choque, e sábeno perfectamente. O próximo día facemos as contas, cando traíamos a moción. Entón, eu preguntome como estaríamos agora. Porque naquel momento, no momento en que gobernaba o seu compañeiro, a cousa estaba moi malita. Entón, tratamos de facelo mellor, pero, claro, vostedes continúan a dicir que aquí non hai ningún problema.

E vaimos permitir, é un exercicio de —non quero dicir cinismo, porque xa dixeran máis dunha vez que eu non quero insultar nin moitísimo menos— falsidade o que se está a facer aquí. Vimos falar de que o sistema está fallido, e o sistema está fallido porque non fan os deberes, porque o primeiro que hai que facer é un plan estratéxico. A vostede faille graza, pero, mire, se a xente de abaixo, do restaurante que temos aquí, no Parlamento, non bota as contas, non hai comida para tanto deputado. Supoño que terán que facer a súa planificación. Pois isto é igual, despois xa veremos o que custa ou o que deixa de custar, pero isto é igual, señora García.

Non hai un plan, ¡non hai un plan! É máis, unha directora xeral súa, ou a secretaria xeral, chegou a dicir que ben, que aínda que houbese 700.000 persoas maiores de 65 anos en Galicia, que se xubilaban tarde. Non, mire, ten vostede unha continxencia encima da mesa e hai que planificar que vai pasar de aquí a vinte anos. Ou ten que dicir como quere vostede poñer o sistema a funcionar para que non haxa atascos e para que unha poboación envellecida saiba co que ten que contar cando lle toque o momento. E así vamos. Seguen negando que o sistema está fallido, pero temos unha plataforma creada por catorce asociacións aí fóra, na calle, porque non teñen outra cousa que facer máis que asociarse para pedir a cuestión da dependencia. ¡Claro! ¡É o que teñen que facer! Ou, como dicía a mesma directora xeral súa: hai que mirar o DOG de Galicia para informarse do que van facendo vostedes en dependencia. É o que facemos sempre, levantámonos pola mañá e miramos o DOG.

Entón, non hai maneira, porque vostedes tiran dese mantra —que me parece moi ben— de que o seu traballo o fai ben así, cando vén aquí e, ben, pois podería dalo por bo. Vostede vén aquí, vén coa súa cuestión preparada, que lle escriben, que lle poñen, fai o papel que ten que representar, pero despois, cando lle toque traballar no despacho, faga o que ten que facer, simplemente iso; faga o que ten que facer. Falen cos concellos e non só na Fegamp, traballen conxuntamente coas entidades que teñen que ver cos colexios de traballo social, que os teñen expulsados, que non os reciben. ¿Como poden entender vostedes esta cuestión?



Evidentemente, eu xa sei que o Concello presta o servizo. Para a miña cuestión, está moi ben ter sido concelleira nun concello como o da Coruña e ver como se implantaba a Lei de dependencia. Por certo, é o único concello que creou unha oficina para a atención á dependencia, para que todos os cidadáns da cidade soubesen cales eran os seus dereitos e como podían adquirilos ou como podían reclamarlos.

Entón, señora conselleira, trátase de arranxar isto, porque lle explotou; explotoulle encima da mesa. Vostede di que non, porque, claro, sacaron en agosto esa marabillosa política de *Alicia y sus bonos*, pero isto non vai resolver nada. *(A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, 2.000 persoas que están cobrando a exigüa cantidade de 400 euros, e vostede aforra polo menos outros 1.000. Entón, ¿que me está contando? Non se trata de facer parches, non se trata de dicir... ¿Que quere? Que eu lle pida ao Goberno... ¡Si, home, si!, fagamos unha moción e pidámoslle ao Goberno máis cartos enriba da mesa. Pero digo eu que terán que ver como os van xestionar. É que despois, no mes de agosto, non van sacar vostedes 17 millóns da hucha da dependencia para facer unha política de bonos. Claro que o poden facer; se non hai plan estratéxico...,

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...claro que o poden facer.

Dá igual. Vostede vai contestar o que ten escrito, o que lle digan, dá igual. A min dáme exactamente igual o que responda, dáme exactamente igual. O que lle pido é que cando volte ao seu despacho, cos seus directores xerais, coas súas secretarías xerais, traballen e fagan o traballo, porque teñen enriba da mesa unha plataforma...

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ...de persoas que teñen moito máis que facer, pero que están exixindo os seus dereitos.

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da comparecencia, a conselleira de Política Social e Igualdade.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidente.

Señora Longueira, ¿de que plan de choque me fala vostede?, ¿do Plan de choque do señor Pedro Sánchez, que non existe? ¿Pero de que plan de choque me está falando vostede e de que nós detraemos fondos? ¿Pero vostede xestionou algunha vez cartos públicos? *(A deputada Silvia Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Varias veces? Pois como xestora de



cartos públicos debería saber que os fondos destinados á atención á dependencia son fondos finalistas, que non se poden destinar nada máis que a atender as persoas dependentes, señora Longueira. *(Aplausos.)* ¡A ver se aprendemos tamén un pouquiño e estudamos algo máis!

¿Pero de que plan de choque me fala vostede se o Goberno de España nos debe máis de 2.500 millóns de euros? ¿Vostede sabe todo o que se podería facer con máis de 2.500 millóns de euros que o seu presidente Sánchez lles debe directamente a todas as persoas maiores e dependentes de Galicia? Por suposto que poderíamos incrementar de forma moi notable o servizo de axuda no fogar, por suposto que poderíamos continuar incrementando os bonos, por suposto que poderíamos continuar ofrecendo máis prazas públicas de maiores ás persoas que o necesitan, pero non temos eses 2.500 millóns de euros, señora Longueira.

Mire, plan de choque e plan estratéxico é atender a 56.000 persoas dependentes, como levamos feito dende o 1 de xaneiro deste ano. ¿E que fan vostedes? Recórrenos ante o Tribunal Constitucional; recórrenos ante o Tribunal Constitucional porque non queren. *(Aplausos.)* Iso é o que fan vostedes e o seu goberno: recorrer ante o Tribunal Constitucional todas as valoracións que lles estamos dando da discapacidade a miles e miles de persoas que o necesitan. Vostedes queren paralizar eses recoñecementos da discapacidade.

Mire, eu non sei como estaríamos nestes momentos cun goberno do Partido Popular —asegúrolle que bastante mellor—, eu sei como estamos agora cun goberno do Partido Socialista. Vostede ri porque sabe o que temos nestes momentos. ¿Que temos nestes momentos? Un goberno que nos debe 2.500 millóns de euros na atención á dependencia e que llelo debe a todas as persoas maiores de Galicia. ¿Que temos nestes momentos? Un goberno de España que carece de política migratoria e que nos impón a acollida de menores estranxeiros; impónnolos ás comunidades autónomas sen ter capacidade residencial, pero por riba fáinolo sen un euro de financiamento. Iso é o que fai o seu goberno. ¿Que fai un goberno de España nestes momentos? Desprotexer aquelas que o necesitan, que son as vítimas, comprando pulseras antimaltrato en Aliexpress e non controlando o funcionamento de todas estas pulseras. Iso é o que está facendo, desprotexendo todas as mulleres que son vítimas. *(Aplausos.)* Sentirase orgullosa, señora Longueira, ¡moi orgullosa!

E por riba de desprotexer as vítimas e de carecer de política migratoria, dálle a Cataluña e dálle ao País Vasco o que lle debe a Galicia. Pero, mire, sigan adiante co seu goberno, porque, dende logo, dende a Xunta de Galicia non imos parar nunca de reclamarlle os fondos que nos debe na atención á dependencia, non imos deternos nunca en continuar protexendo todas as vítimas que hai na nosa comunidade e non imos deternos en reclamar a reforma e a mellora do sistema VioGén, que non funciona, señora Longueira. Imos continuar valorando cada vez máis persoas maiores e dependentes, queiran vostedes ou non queiran. Nunca imos deixar atrás os maiores de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

É conveniente aclarar unha cuestión: non existe un restaurante para deputados; existe unha cafetería na que comen deputados, traballadores e outras persoas que poidan estar na ins-



titución. Dígoo porque vostedes... Xa me entenden. É bo dicilo. (*Murmurios.*) Queda claro, así, desta maneira, e sen problema.

Grazas.

Suspendemos ata ás catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e un minutos da tarde e retómase ás catro.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Boa tarde.

Procedemos a reiniciar a sesión.

Interpelación das deputadas María Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a planificación por parte da Xunta de Galicia da cobertura sanitaria durante os veráns, nomeadamente a referida ao verán de 2025

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a interpelación, ten a palabra a señora dona María Montserrat Prado Cores.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Ao inicio do verán, señor Gómez Caamaño, preguntámoslle desde o BNG que tiña pensado facer para evitar que un ano máis a atención sanitaria dos galegos e das galegas estivese comprometida. E preguntámosllo porque, ano tras ano, verán tras verán, a situación vólvese caótica e a desatención xeneralizada. E dixémosllo porque vostede, por todo plan, tomou a decisión de pechar 750 camas, máis ou menos. Porque, como a ocultación e o escurantismo é a norma e como vostedes non planifican e non queren que se saiba a realidade, pois non dan esa información. Hai que ir sumando e preguntando, porque dar a información significa ter que enfrontarse á realidade, e entón, se non hai información, non nos enfrontamos á realidade. E imos a aquilo de: vostede di, o outro di, un xerente di que máis ou menos e outro di que máis ou menos. É dicir, escurantismo e atomización; esa é a tónica. Ben, arredor das 750 camas. Logo vostede igual ten a ben dicirnos exactamente cantas foron.

Teñen baixo mínimos os quirófanos, as probas diagnósticas, as consultas, cando, segundo datos de decembro de 2024 —vostedes non teñen a ben publicar os datos das listas de espera que tiñan que facer en xuño, porque ata que as maquean convenientemente non as publican—, hai 360.000 persoas, galegos e galegas, máis ou menos, en lista de espera. Recorren a unha bolsa de voluntarios, a ver se hai quen queira cubrir as quendas de profesionais que non hai. Ofertan mobilidade temporal, ¿sabe o que significa iso? Pois sacar profesionais dun sitio e metelos noutro, recorrer aos MIR que aínda non remataron... É dicir, xa lles dixemos que era un plan que consistía en non ter plan e pretender que moitos menos profesionais fagan moitísimo máis traballo. Porque, no verán, señor conselleiro, non soamente seguen existindo e vivindo en Galiza a inmensa maioría dos galegos e das galegas, senón que nos



visitan miles de persoas que necesitan tamén, en moitas ocasións, a asistencia sanitaria. E, entón, o seu plan consistente en non ter plan é: a ver se teñen sorte, e Deus nos colla confesados; é dicir, que menos profesionais —porque non cobren vacacións, porque non cobren baixas— atendan moitísimas máis persoas.

E, para enmascarar a situación, recorren a palabras que a xente, cando vostedes as din, din: home, pois debe ser unha cousa para solucionar o problema. Vostedes chámanlle reorganizar, ¡imos reorganizar! ¿E que significa reorganizar, señor conselleiro? Pechar quendas de tarde, concentrar en quendas de mañá, e que catro ou cinco profesionais fagan a quenda de tarde, e os que non están, de mañá. Chámana prolongación de xornada, que parece unha cousa tamén... ¿Que prolongación de xornada? Que unha persoa que fixo a súa quenda —o que está establecido por convenio como o normal que un profesional debe facer— faga outra máis, ou tamén outra; é dicir, que profesionais exhaustos sigan atendendo a poboación. Ou —o que lle dixen agora— mobilidade voluntaria; é dicir, que se un profesional está na súa praza, nun centro de saúde, e hai outros centros de saúde que poden necesitalo máis, pois que vaia para alí. Esa foi a planificación que vostede presentou.

E eu díxenlle —e vólvollo repetir— que non parecía moi intelixente que, facendo o mesmo, repetindo o mesmo, agardásemos resultados diferentes. E non llo dixen porque eu... É que é unha lei da física, vostede sábeo perfectamente; é unha lei da física. E, claro, a lei da física, sacando milagres, cúmprese. E cumpriuse a lei da física. Vostede dixo: imos facer o mesmo. Pois tivo un mesmo resultado, o mesmo resultado este verán que os veráns pasados: os galegos e galegas non tiveron a asistencia sanitaria que precisaban. (*Aplausos.*) ¡Exactamente o mesmo plan! O mesmo resultado, señor conselleiro, (*Aplausos.*) para sorpresa absolutamente de ningún, porque todo o mundo sabía que ese ía ser o resultado.

E, claro, eu o primeiro que teño que preguntarlle é: ¿que agardaba vostede?, ¿realmente agardaba resultados distintos? Voulle facer a primeira pregunta: ¿que vai facer para que o vindeiro verán e o resto do ano non volva pasar esta situación? Ou igual vostede vai dicir aquí entusiasticamente, co seu sorriso, que vai facer o mesmo. ¿Si? Ben, pois nada, vostede conteste o que considere.

Persisten nese slogan que levan practicando desde que o Partido Popular volveu á Xunta de Galicia de facer máis con menos. E eu teño que volver repetirlle —e díxeno aquí unha miellenta de veces— que, con menos, só se fai menos; con menos profesionais e con menos recursos, só se fai menos, e os resultados están aí á vista.

Eu voulle poñer só algunha relación do que pasou este verán, de norte a sur, de oeste a leste do noso país. Podo empezarlle pola comarca do Salnés, a miña. Os tempos de espera para ter unha consulta no ambulatorio de Vilagarcía superan as dúas-tres semanas, e incluso chegan ao mes, e hai centos de veciños e veciñas sen médico asignado. En Catoira, durante todo o verán, tiveron só un profesional a media xornada, e moitos días non tiveron absolutamente ningún. E, ademais, co agravante de que vostedes desprazaron de novo temerariamente a ambulancia medicalizada con base no Hospital do Salnés para Sanxenxo; co cal, por exemplo, a veciñanza de Catoira quedou a 40-45 minutos de ter unha ambulancia medicalizada. O resto da comarca, fundamentalmente Vilagarcía como cabeceira de comarca, pero



tamén Caldas, pero tamén a Illa, pero tamén Cambados e tamén Vilanova, quedaron a 30-35 minutos. ¿E cal foi o resultado, señor conselleiro? Que varios veciños da comarca do Salnés este verán perderon a vida, ¡a vida!, sen que a ambulancia chegase. Si, señor conselleiro, diante dun infarto, tardou 35 minutos; esa é a realidade. E eu volvo dicir que eu non digo que se a ambulancia chegase nos cinco minutos que lle leva se estivese no Hospital do Salnés se lle salvase a vida, pero tería unha oportunidade. *(Aplausos.)* E coas decisións que vostedes toman non tiveron esa oportunidade; esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Podemos falar da Mariña. Mire, en Xove, para unha persoa cun infarto, a ambulancia de soporte vital avanzado tardou 50 minutos. Xa non activaron a de soporte vital básico, que, segundo a información que nós temos, estaba na base. ¿Que tivo que facer esta ambulancia? Ir a Burela buscar médico, volver a Xove coller a enfermeira, e logo aínda ir ao domicilio do doente. Evidentemente, chegou tarde. E, ¿os veciños e veciñas de Xove? Case 1.000 sinaturas e concentracións, porque unha inmensa maioría deste verán estiveron sen médico. En Cervo, un só médico de tres, case todo o verán. Foz, O Valadouro e Alfoz, sen pediatra todo o verán. Viveiro, catro-cinco médicos menos dos que tería que haber. E no hospital, estivo pechada, por exemplo, a planta de Medicina Interna, porque no verán non hai ningún problema de medicina interna. E derivaron a Lugo mostras, por exemplo, de biopsias, porque non hai patólogos; colocación de sondas vesicais... Si, esa é a realidade: que un doente, se ten unha complicación para colocar unha sonda vesical, o teñen que levar a Lugo —100 quilómetros, e 100 de volta— porque vostedes non teñen urólogo no Hospital da Mariña. *(Aplausos.)* ¡Esa é a realidade! *(Aplausos.)* ¡Si, señor conselleiro! *(Aplausos.)*

Podo dicirlle que Moaña, con case 20.000 habitantes, segue sen ter Urgencias, segue sen ter PAC; 20.000 habitantes sen ter Servizo de Urgencias en Moaña. Quero parabenizar a veciñanza, encabezada pola súa alcaldesa, que non se renden ata que vostedes lles teñan esa ambulancia e o Servizo de Urgencias preciso para non poñer en risco a súa vida.

Podo falar de Valdeorras, sen pediatras, sen pneumólogos a pesar da gravísima afectación que hai alí pola silicose, tendo que desprazarse a Ourense só para facer unha mamografía.

Podemos falar de Monforte, onde faltan profesionais dunha chea de especialidades, especialmente en Pediatría ou en Psiquiatría, con centos de persoas esperando unha primeira cita.

Podemos falar de Vigo, cun incremento das esperas moi elevado, a atención pediátrica reducida a mínimos, reasignación de centro a crianzas continuamente, picos brutais no PAC e no Servizo de Urgencias do Cunqueiro, señor conselleiro.

Podemos falar da Costa da Morte. En Carnota, entregaron hai uns días no Parlamento case 2.000 sinaturas pedindo o pediatra, pois están sen el, igual que Fisterra.

Podemos falar da Cañiza e Crecente, que levan tres meses sen Pediatría.

Podemos falar da Barbanza, onde na Pobra teñen catro médicos de seis, ou en Ribeira están continuamente sen tres-catro, ás veces sen seis, e con tres en precario. Hai 4.500 persoas



en Ribeira que non teñen médico de familia asignado e, delas, 3.000 levan máis dun ano.

Señor conselleiro, ¿vostede cre que iso é unha asistencia sanitaria minimamente decente? Pois eu dígolle que non. E esta falta de atención primaria, ¿que fai? Que a presión vaia aos PAC e aos servizos de Urxencias. É dicir, que temos o círculo perfecto.

Podemos falar dos servizos de Urxencias do CHUAC, colapsado permanentemente; ou do CHUS; ou do CHUAC. E o servizo de ambulancias —como lle estou dicindo—, insuficiente. E, polo tanto, señor conselleiro, a pesar de que vostede tivese que recoñecer que, ben, as listas de espera igual son máis elevadas do esperable, eu o que lle pregunto é: ademais de facer de comentarista dunha realidade que todo o mundo coñece, ¿que ten pensado facer, señor conselleiro?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando, señora Prado.

MONSERRAT PRADO CORES: ¿Que ten pensado facer para garantir a atención sanitaria universal, de calidade, gratuíta e en tempo e forma cando o necesitan os galegos e as galegas?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para dar resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Ben. Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Antes de comezar, gustárame empregar a miña primeira intervención no Parlamento despois do verán para agradecer e recoñecer o traballo de todo o persoal do Servizo Galego de Saúde. É un traballo que, nun contexto de déficit de profesionais de toda España, conseguiu atender a demanda deste verán, garantindo en todo momento unha atención sanitaria de calidade en toda Galicia, *(Aplausos.)* nun verán, ademais, no que vivimos circunstancias excepcionais e que estivo tristemente marcado polos incendios forestais. Esta eventualidade obrigounos a facer esforzos adicionais para prestar asistencia sanitaria ao pé do lume a través dos profesionais do 061; obrigounos a ter os servizos de urxencia en garda e preparados, tanto nos PAC como nos hospitais, para atender os afectados, e obrigounos tamén a facer unha reorganización asistencial nos centros de saúde, centralizando a atención nos centros cabeceira para garantir a asistencia sanitaria a todos os veciños dos concellos afectados. E, pese a estas circunstancias excepcionais, pese ao intento pola súa parte de tratar de sacar rédito electoral de calquera circunstancia, pese a priorizar a división fronte á unión en momentos difíciles e pese ao relato apocalíptico clásico que sempre fan para alertar a poboación, os datos falan por si sós.

Este verán realizamos máis intervencións cirúrxicas programadas, máis consultas, máis probas diagnósticas e máis urxencias nos hospitais públicos de Galicia. Vostede pode dicir o



que queira, pero os datos están aí. Eses datos que non lle gustan nada dannos a razón e demostran que a sanidade pública galega nunca tivo tantos recursos. *(Aplausos.)* Nunca dedicamos máis de 5.400 millóns de euros á sanidade pública, nunca tivemos tantos profesionais traballando no Servizo Galego de Saúde — máis de 43.000 persoas — e nunca antes na historia de Galicia se levara a cabo unha regulación tan ambiciosa das infraestruturas sanitarias, tanto a nivel de atención primaria como hospitalaria. Isto non é unha entelequia, como é o seu discurso; isto é o resultado dunha política sanitaria planificada e comprometida coa poboación e cos profesionais. Porque o obxectivo último da Xunta de Galicia é ofrecerlle á cidadanía as mellores prestacións sanitarias coa máxima calidade asistencial.

Señora Prado, eu podería aceptar as súas críticas se fosen construtivas, que non o son nunca; se contivesen propostas reais, que nunca as fai, e se tivesen como fin último o fortalecemento da nosa sanidade pública. O que non podo aceptar é que, tres meses despois de que tanto o director de Asistencia Sanitaria como eu lle explicásemos nesta Cámara a planificación asistencial deste verán, veña vostede e diga na súa iniciativa que non planificamos os recursos. Vostede falta á verdade ou ignora a realidade.

Mire, respecto ás camas hospitalarias das que tanto lle gusta falar, no Servizo Galego de Saúde, planificamos, facemos unha estimación de cal será a ocupación prevista de camas. Facemos esa planificación sobre un estudo no que se ten en conta a ocupación nas distintas áreas hospitalarias en anos anteriores en cada centro hospitalario. Polo tanto, as estimacións de ocupación no período estival deste ano baséanse nos datos de ocupación real correspondentes aos anos anteriores; datos sobre os que aplicamos unha marxe de seguridade por riba da ocupación real dun 12 por cento, que garanta a correcta atención sanitaria dos pacientes. Con eses datos, o resultado é que este verán estiveron activas o 92 por cento das camas hospitalarias, e o 100 por cento — insisto —, o 100 por cento, dispostas e preparadas en caso de ser necesario.

Un exemplo de que a dotación de camas foi axeitada é que o dispositivo hospitalario que se dispuxo para o verán non só nos permitiu manter unha asistencia de calidade, senón que tamén incrementamos as intervencións cirúrxicas. Señora Prado, de primeiro de xestión sanitaria: a correcta planificación de camas hospitalarias queda reflectida no número de ingresos, que supera a actividade programada respecto do ano anterior; preto de 1.000 ingresos programados máis que o verán pasado. Isto supón, nada máis e nada menos, que un incremento do 8 por cento da actividade programada en ingresos nos hospitais públicos neste período estival.

Mire, para desmentir os seus bulos, voulle dar os datos de actividade asistencial do período de xuño, xullo e agosto de 2025.

Realizáronse un 4,9 por cento máis de intervencións cirúrxicas programadas, acadando as 36.735 cirurxías. Nas cirurxías de prioridade 1 —aquelas de maior gravidade—, mantivemos o mesmo nivel de actividade que o ano pasado, cunha media de espera de 24 días, por debaixo dos 30 fixados. No que se refire ás cirurxías englobadas dentro da Lei de garantía de tempos máximos, onde novamente se atopan os procesos oncolóxicos, fomos quen de incrementar a actividade un 13,4 por cento respecto do verán pasado, con 337 intervencións máis, e diminuír o tempo de agarda 1 día.



En canto ás probas diagnósticas, realizamos máis de 38.000 probas máis que no mesmo período do ano pasado, o que supuxo un incremento do 4,7 por cento. En consultas, realizamos 44.000 consultas máis, cun incremento do 4,2 por cento. Dentro destas, tamén incrementamos as consultas por vías rápidas ata acadar máis de 7.000 pacientes vistos, un 10,9 por cento máis que no mesmo período do verán pasado. *(Aplausos.)*

E, señoría, a gran capacidade asistencial do sistema sanitario público quedou demostrada, unha vez máis, nas urxencias hospitalarias atendidas os meses de verán. Foron 302.000, 3.800 máis que no verán pasado, o que supón un incremento dun 1,3 por cento.

Temos un dos mellores sistemas sanitarios de España e de Europa, e iso garante a calidade asistencial todos os meses do ano. Na época estival, preparamos un plan específico de reforzo para garantir a máxima calidade asistencial en Atención Primaria; ese plan que vostedes desprezan, cun dispositivo de máis de 2 millóns de euros e máis de 260 profesionais, entre os profesionais MIR anotados das bolsas de voluntarios. É un dispositivo que estableceu unha planificación similar á do ano pasado, unha vez demostrada a súa efectividade: programa de dispoñibilidade de médicos de familia en PAC, programa especial de apoio á atención primaria a través de 061, mobilidade temporal entre profesionais cara a centros con necesidades prioritarias e encomenda de funcións a persoal residente de cuarto ano. Son medidas que, aínda que parece que a vostedes non lles gustan ou que tratan de ensombrecer con casos particulares moi puntuais, nos permitiron, por unha banda, garantir sempre a calidade e a seguridade na asistencia sanitaria e, por outro, preservar a eficiencia da sanidade pública galega.

E falo con datos, señoría, porque o certo é que tamén nos centros de saúde e nos PAC se atenderon máis consultas e máis urxencias nos meses de xuño, xullo e agosto. Atendéronse case 30.000 consultas máis nos centros de saúde que no verán do pasado ano, acadando case 6,9 millóns de consultas, o que supón un incremento do 0,4 por cento. Incrementouse tamén a actividade das urxencias en Atención Primaria. O número de asistencia nos puntos de atención continuada medrou un 2,6 por cento, acadando as 450.855 atencións. E, a pesar da forte suba da demanda asistencial, logramos incrementar a [...] de Atención Primaria. Iso foi posible grazas a un maior incremento da consulta entre profesionais. Realizáronse preto de 79.000 e-consultas de atención primaria, case o 8 por cento por encima do verán pasado.

Non quero deixar de mencionar a outra parte esencial da atención sanitaria, aquela que atende as 24 horas e os 365 días do ano: as emerxencias sanitarias, que a vostedes tanto lles preocupan. Aquí, o mesmo, señoría. Os profesionais do 061, nos meses de verán, atenderon 297.000 chamadas e mobilizaron ambulancias en 82.400 ocasións. Todo isto, cun nivel de servizo sempre superior ao 92 por cento.

Polo tanto, señora Prado, non nos pode dicir que temos falta de planificación nin falta de recursos. Miren, desde a Consellería de Sanidade facemos unha aposta estratéxica para desenvolver políticas enfocadas ao fortalecemento do Sistema Público de Saúde. Cumprimos os compromisos aos que nos comprometemos e afrontamos con determinación os desafíos que temos por diante no sistema sanitario. Porque, pese á escasa axuda blindada polo Goberno central, que segue sen facilitar solucións para paliar o déficit de facultativos especia-



listas, nós actuamos, nós planificamos e nós propoñemos medidas para reforzar a sanidade pública.

Quizais deberían facer vostedes unha reflexión sobre o modelo que teñen de facer oposición. Desde logo, contribuír a construír unha mellor sanidade pública, non.

Moitas grazas pola vosa atención. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica, señora Prado.

MARÍA MONTSERRAT PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Para sorpresa de ninguén, dos autores de «non vexo un xenocidio en Gaza», agora chega «non hai ningún problema na sanidade pública galega». *(Aplausos.)* Esa é a realidade. Para sorpresa de ninguén, o Partido Popular, en vez dun Goberno ao servizo do pobo galego e cun mínimo de sensibilidade cos problemas dos galegos e das galegas, ou coa vulneración dos máis mínimos e elementais dereitos humanos, como está pasando en Gaza, é unha fábrica da mentira. Vostedes están convertidos, en vez de nun Goberno, nunha industria da mentira permanente e de negación da realidade.

Mire, unha cousa, señor conselleiro, o problema non é que as medidas non lle gusten ao BNG, iso sería o de menos. O problema é que as medidas non lle gustan ao pobo galego e, ademais, non lle soluciona ningún dos seus problemas, porque non teñen a asistencia sanitaria en tempo e en forma. *(Aplausos.)* Négueo vostede como queira, pero esa é a realidade. A asistencia sanitaria dos galegos e galegas non está garantida todo o ano e moito menos estivo garantida este verán.

Vostede chámalle «casos puntuais». Podería estar aquí durante horas falándolle dos casos puntuais. Vostede fala de casos puntuais, de anécdotas. Mire, a modo de anécdota, collido dunha rede social, *(A deputada María Montserrat Prado Cores amosa un documento.)* dunha persoa anónima que non sei nin sequera quen é. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, non, non, asegúrolle que non. Data de inclusión, 2 do 11 do 2022. Esta é a páxina do Sergas. O 15 do 9, 1.048 días en espera. ¿Cal é o seu delito? Non querer ser intervida na privada. 1.048 días en espera por non querer ser intervida na privada. *(Aplausos.)* Ese é o delito.

¿Vostede considera que este é un caso puntual? Eu, se quere, fálolle do caso puntual de miña nai, que leva tamén case o mesmo tempo que iso. Ou podo falarlle do caso puntual meu, de canto tempo levo en lista de espera para unha proba diagnóstica. Para vostede, son casos puntuais porque non queren asumir a realidade. E a realidade é que o Partido Popular leva anos roubándolles a sanidade pública aos galegos e ás galegas. Si, róubanllela cando non teñen a asistencia sanitaria cando a precisan. Unha persoa que se encontra mal precisa asistencia sanitaria nese momento en que se encontra mal; non quince días despois, tres semanas ou un mes despois, señor conselleiro. Porque, ¿que ten que facer entre tanto? Ir á



privada, automedicarse ou que o farmacéutico ou farmacéutica de turno lle receite algo. ¿Vostede considera que esa é unha asistencia sanitaria de calidade? Non.

Vostedes levan anos roubándolles a asistencia sanitaria aos galegos e galegas cando non hai continuidade na asistencia. ¿Que cre que lles pasa aos 3.000 veciños e veciñas de Ribeira que levan un ano sen médico asignado? Que cada día os mira un profesional distinto que non os coñece; que eles non o coñecen; co que non teñen confianza; ao que llo teñen que contar todo outra vez; que se eu pido unha proba, outro pide outra diferente. O mesmo que lles pasa aos de Vilagarcía ou aos da Mariña. ¡Esa é a realidade que vostede di que son casos puntuais! Ou róubanlles a sanidade pública ás crianzas, aos miles de nenos e nenas do noso país que non teñen asistencia por especialista en Pediatría. ¡Son miles, señor conselleiro! Emprázoo a que vostede traia aquí o informe de cantos nenos no noso país están atendidos por especialista en Pediatría. Emprázoo a que vostede negue que o que están facendo é concentración da asistencia pediátrica en determinados centros. Estano facendo en Vigo co Olimpia Valencia, estano facendo na Costa da Morte, estano facendo por todo o país. Están facendo que Pediatría en Primaria sexa unha excepción, e levan tempo facéndoo. E róubanlles a asistencia sanitaria aos galegos e ás galegas cando as ambulancias non chegan en tempo e forma, e róubanllela cando os diagnósticos e tratamentos chegan tarde, señor conselleiro. E vostede sabe que isto non é excepción. Vostedes sabe as denuncias, por exemplo aquí no CHUS, da Asociación de Doentes, pola falta de probas diagnósticas e demais para seguir cos tratamentos. Vostede sabe das denuncias en moitos sitios porque as probas diagnósticas e os tratamentos chegan tarde por falta de asistencia, polas demoras, polas listas de espera.

Entón, diante desta situación, eu emprázoo, señor conselleiro, a que, a vindeira vez, vostede veña aquí por vontade propia, porque, de novo, o Partido Popular impediu a petición que fixo o BNG para que vostede viñese comparecer aquí e explicar as súas medidas, e explique que vai facer para atender as necesidades sanitarias da poboación, mais que vir aquí unha vez máis ler absolutamente o mesmo papel e negar a realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra o señor conselleiro de Sanidade.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señora Prado, non sei se sabe que máis do 90 por cento dos nenos de Galicia son atendidos por un pediatra. Somos —si— a primeira comunidade autónoma da nación na que iso pasa, somos os primeiros. Para iso, somos os primeiros. É un dato. *(Aplausos.)*

E non veño co mesmo papel. Os datos son deste verán; outro papel polo tanto. Está claro que a vostedes as explicacións sobre a planificación, os recursos e o que é a asistencia non lles interesa. É así de claro, non lles interesa. Vén aquí con casos puntuais —insisto—, sen contextualizar, e que non responden nada ao que é o conxunto da asistencia sanitaria, que estivo plenamente garantida. Se un paciente ten unha necesidade de urxencia é atendido



nun centro de saúde no mesmo día. ¡Iso é así, iso é así! Si, si, é así. Vostede non o sabe porque non ten nin idea disto, pero é así. É a realidade. (*Murmurios.*)

Mire vostede, cando dá exemplos illados, elude o problema real que está detrás desas tensións asistenciais, que non é outro que a falta de profesionais, tanto de medicina como de pediatría, o cal é unha responsabilidade do Goberno de España. É así, é así. Por moito que queiramos, señora Prado, non podemos facer máis se non hai médicos e pediatras na listas de contratación. E iso é responsabilidade directa do Goberno central. ¿Cando van entender vostedes isto? Porque parece que non entende.

O Servizo Galego de Saúde foi quen de garantir este verán unha vez máis a atención sanitaria en todo o territorio, e iso a pesar da escaseza de profesionais, a pesar da situación excepcional vivida cos incendios e pese ao incremento da demanda, tanto de servizos de atención primaria como na atención hospitalaria. ¿Sabe vostede que grazas ao plan de cobertura sanitaria no verán e atención primaria da Xunta se realizaron 6.300 consultas máis de médicos de familia que no mesmo período do pasado ano? ¿É iso un colapso? ¿Sabe vostede que grazas ao plan de cobertura sanitaria no verán mantivemos o número de consultas de pediatría? ¿É iso un colapso? Non é só iso, senón que houbo un aumento significativo do 26,2 por cento en canto ás consultas realizadas polos equipos de enfermería a domicilio e un aumento do 7,6 por cento das consultas de hixienistas bucodentais, e as consultas de fisioterapia subiron un 5,6 por cento. ¿É iso un colapso da sanidade pública no verán?

En atención hospitalaria, medrou a actividade asistencial: cirurxías, consultas, probas diagnósticas, ingresos programados e urxencias. Houbo 1.700 cirurxías máis, cun incremento de 4,9 por cento; en procesos garantidos, 337 intervencións máis; 44.000 consultas hospitalarias máis, un 4,2 por cento máis; 38.800 probas diagnósticas máis, cun incremento do 4,7 por cento; 1.000 ingresos programados máis que o verán pasado, un 8 por cento máis, e 302.000 urxencias hospitalarias. ¿É isto un colapso sanitario? Non, non, pero a vostede isto dálle igual. Dálle igual que a práctica totalidade das camas se mantivesen operativas e non se precisasen reforzos. Dálle igual que incrementásemos as operacións, consultas e probas diagnósticas que se fixeron no período estival. Dálle igual que reforzásemos a atención primaria cun plan de 12 millóns de euros e máis de 260 profesionais. (*Aplausos.*) Dálle igual que os profesionais do 061 atendesen case 300.000 chamadas e mobilizasen ambulancias en máis de 82.000 ocasións.

O que demostra é que ao BNG en realidade o único que lle interesan son as algaradas: empregar pancartas para a foto sen achegar ningunha proposta nin ningunha solución. A nosa responsabilidade é outra: adecuar os recursos dispoñibles para garantir en todo momento a mellor asistencia sanitaria. E o que está claro, con datos na man, é que as medidas que tomamos nos permitiron reforzar todos os ámbitos da sanidade pública, incluída a atención primaria tamén.

En definitiva, señoría, a atención primaria, unha vez máis, estivo á altura este verán. Vostede ben sabe que as tensións puntuais derivadas da falta de profesionais son unha responsabilidade directa do Ministerio de Sanidade, que leva anos sen atender as demandas das comunidades. A planificación feita este verán puxo de manifesto o noso compromiso e, sobre todo,



quedou patente unha vez máis que o sistema sanitario galego é un sistema robusto, que conta cuns magníficos profesionais que poñen todo da súa man para garantir a mellor calidade asistencial a todas as galegas e galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia dos problemas no servizo ferroviario ocasionados por mor da vaga de incendios

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, logo da autorización para a súa defensa polos preguntantes, ten a palabra a señora Paula Prado Del Río.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Este mes, a imaxe á que tristemente tiveron que facerlle fronte milleiros de galegos e galegas foi á dos incendios que asolaron a nosa comunidade. Unha imaxe moi distinta á que tiña quen hoxe nos ocupa, Óscar Puente. Porque o máis parecido a lume que viu o ministro de Transportes este agosto foron os fogos de artificio das festas de Alicante, onde disfrutaba placidamente das súas vacacións, desde alí, tirado nunha tumbona á beira das cálidas augas do Mediterráneo, cun mojito na man e co teléfono móbil na outra. O único que fixo polas comunidades afectadas polos lumes foi cachondearse delas, tomar a broma o seu sufrimento e criticar a quen si estaba no territorio traballando para ofrecer solucións á xente. (*Aplausos.*) Unha xestión de chancletas e sombrillas que nos deixou perlas nas súas redes sociais como: «*está calentita la cosa*»; «*no dais ni una los fachas*»; «*libertad, pocos impuestos y bomberos bien dimensionados: todo no se puede tener*». E a guinda do pastel: «*Yo hago mi trabajo, que la Xunta haga el suyo y apague el fuego*».

Grazas a Deus que a Xunta fixo o seu traballo, (*Aplausos.*) porque se dependésemos do ministro Puente, que non fixo nada cando en Ourense arderon 50 hectáreas por culpa das chispas dun tren avariado e de que Adif tampouco tiña limpas as marxes da vía... (*Murmurios.*) Eu xa sei que hai a quen non lle gusta cando eu falo, pero pode saír, a min non me importa. A min non me importa que non me atendan, non como a outros. Por certo, as mesmas causas que se investigan no recente incendio na Ribeira Sacra. E non fixo nada Óscar Puente tampouco cando milleiros de viaxeiros estiveron durante días abandonados á súa sorte nas estacións pola suspensión dos servizos ferroviarios polos incendios. O único que fixo unha vez máis foi o único que sabe facer: incendiar as redes. Iso si, para apagar os lumes da familia do presidente Sánchez.

Non nos sorprende que o Goberno non governe, España vai sen rumbo. Pero, ¡tranquilos!, o Goberno está centrado no importante: tapar os lumes da muller do presidente, do irmán do



presidente, do fiscal xeral do Estado, do número dous do Partido Socialista, de Ábalos, de Koldo e compañía. *(Aplausos.)* Si, si, moita compañía. E tamén, como non, da fontaneira de Ferraz. Estado bombeiro, nación en chamas.

Señor conselleiro, ¿que valoración fai a Xunta de Galicia ante o caos ferroviario ocasionado por mor da vaga de lumes?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría.

A verdade é que nunha situación como a que desafortunadamente vivimos en agosto, principalmente na provincia de Ourense, cunha vaga de lumes moi virulenta e coa declaración de nivel 2 de emerxencia en toda a provincia, é lóxico que, en aras de garantir a seguridade, se interrompese a circulación dos trens, como tamén se fixo nas estradas, tanto de carácter nacional como na rede principal e secundaria; unha decisión que se repetiu o pasado xoves, cando Adif decidiu cortar a circulación entre Ourense e Monforte por mor do incendio en Ribeira Sacra. Como digo, creo que todos compartimos que a seguridade e o benestar dos viaxeiros e dos traballadores debe ser prioritario neste tipo de situacións de emerxencia. Polo tanto, creo que as decisións foron necesarias e axeitadas. Por certo, no propio Cecopi había unha persoa de Adif que era quen tomaba as decisións de cortar ou non as vías en función de como ía vendo o avance e a dirección que tomaban os incendios ou a afectación ás vías. Entre o 12 e o 14, a interrupción da circulación foi intermitente; entre o 14 e o 20 de agosto, a suspensión foi total na liña entre Ourense e Zamora. Nada temos que obxectar ao respecto.

Outra cousa distinta é como se reaccionou, e aí si que creo ou si que consideramos que temos algo que dicir. En primeiro lugar, houbo un déficit de atención aos afectados, porque —xa digo—, puntualizando que estamos nunha situación de emerxencia na que pode haber situacións sobrevidas a unha situación excepcional, e comprendendo as dificultades que entrañaba, é certo que a información que daba Renfe aos propios usuarios foi escasa —no mellor dos adxectivos, porque máis ben foi case nula—. Trasladou algún tipo de información a través da Rede Social X, pero pobres de todas aquelas persoas que non teñan a Rede Social X, que non sexan usuarias ou que non teñan un teléfono móbil operativo, porque entón non tiñan ningún tipo de información de Renfe. Imaxínense se nunha situación de emerxencia na Xunta de Galicia fixésemos o mesmo.

A tramitación das devolucións foi complicadísima, e incluso néganse porque din que son causas de forza maior. As alternativas de traslado aos usuarios afectados foron claramente



insuficientes. Pese a que os cortes se iniciaron o día 12 e a pesar de saber que os días entre o 14 e o 15 son días de demanda moi forte e que tiñan vendidos 50.000 viaxes nos trens, pois a previsión de Renfe dende o día 12 foi case nula, e deses 50.000 pasaxeiros só foron capaces de trasladar por estrada a 5.000; é dicir, o 10 por cento. O 90 por cento segue á espera de ter unha contestación de Renfe.

Continuamos na seguinte. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Prado.

PAULA PRADO DEL RÍO: Efectivamente, señor conselleiro, o de Óscar Puente e o Goberno de España é unha tomadura de pelo constante aos galegos e ás galegas, e a última é que pretenden reclamar 3 millóns de euros a Galicia e a Castela-León polo parón do AVE durante os incendios. ¿O seguinte que será? ¿Que lle paguemos a súa conta *premium* de Twitter para que siga tuiteando e siga sen facer o seu traballo? Tería graza, señor conselleiro, se non fose vergonzoso, que teña o atrevemento de pedir indemnizacións o ministro de Transportes, que recortou as compensacións pola impuntualidade para non ter que pagar aos usuarios por uns trens que cada día chegan máis tarde; que recortou as frecuencias ferroviarias en todas as liñas galegas e que aínda presume de deixar incomunicada a Gudiña porque, segundo di, o AVE non está para vertebrar a España vaciada; que recortou o número de paradas de autobús estatais nos concellos rurais, deixando illados máis de 130.000 galegos e galegas; que recortou no mantemento das estradas nacionais ata o punto de que máis da metade presenta —segundo o propio Ministerio; non segundo o Partido Popular— unha deterioración grave ou moi grave, e que provocou o maior recorte dos servizos aéreos da historia da nosa comunidade coa suba das taxas de Aena, ata o punto de que os galegos estamos perdendo 400.000 prazas ao ano e 72 voos á semana. ¡E logo temos que escoitar que o que recorta é ao PP!

Señorías, o Bloque Nacionalista Galego igual algún día se dá conta de que pode ir a Madrid un pouquiño bravo a falar dos recortes do tren, pero, para iso, terían que pasar as pancartas máis alá do Padornelo, e iso non está previsto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

O Bloque irá a Madrid pedir polo tren cando governe o PP, non teña vostede dúbida, señora deputada.



A verdade é que me queda unha dúbida, que é saber se o Goberno de España actuaría coa mesma prontitude ou co mesmo interese se os incendios se producisen noutra comunidade autónoma e quedasen incomunicadas ou sen resposta 45.000 persoas que tivesen como destino ou saída outra comunidade autónoma que non fose Galicia. Esa é unha dúbida que nos quedará, e cada un terá a súa interpretación.

Pero vostede falaba do anuncio que fixo o señor Puente a través dunha rede social. Eu creo e coido que todos os que estamos aquí, con independencia do partido ao que pertencemos, sabemos ou compartimos que, se hai un ministro que é capaz de dicir unha cousa así, é Puente, que é especialista en introducir polémicas, en tentar sempre xerar controversia e en xerar distintos debates para distraer a atención; é o máis indicado para facer este tipo de cousas. É certo que se lle olvidou facer o seu traballo. Hai moitas voces, ao longo e ancho de España, distintos responsables políticos que din que se dedícase o tempo que dedica a Twitter a intentar xestionar o ministerio, as cousas mellorarían. Eu estou tamén completamente seguro e suscribo esa opinión.

O caso é que falar de responsabilidades por cortar o tren é bastante pouco serio. Historicamente, houbo cortes de trens cando houbo un incendio en moitas ocasións. Só houbo unha petición de responsabilidades nese sentido, e foi a deste señor. Pero, como vostede ben dicía, un dos incendios que se produciron, en San Cibrao, foi ocasionado polas chispas dun tren de mercadorías que pasaba naquel momento por alí e, froito de que non estaba desbrozado, comezou un incendio con varios focos ao longo das vías. A ninguén naquel momento se lle ocorreu dicir que o ministro Puente tiña que vir pagar. Claro, se chega a ser ao revés, non se preocupe, que isto ocorrería, pero este mesmo fin de semana, o incendio que se produciu en Pantón e na zona de Sober iniciouse nunha zona... xa non digamos de difícil acceso; é que por alí só pode pasar un tren. Están en investigación para saber cal é o foco, única e exclusivamente para saber e poñer medidas e que non se volva producir, e lóxicamente, para, se hai outra orixe que non sexa esa, intentar coller os responsables, como están facendo as forzas e corpos de seguridade do Estado.

Polo tanto, eu creo que a cidadanía leva moi mal este tipo de saídas que fai o señor Puente. Non lle gusta que se dediquen a dicir este tipo de barbaridades, sexa quen sexa. Nós o que imos tentar é seguir traballando. Agora que os incendios se apagan —esperemos que nas semanas que queden non se sigan reproducindo, non os sigan prendendo—, pois intentaremos nos incendios que xa pasaron, sobre todo na provincia de Ourense, poñer as medidas necesarias para que as consecuencias despois do incendio non sigan aumentando.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Continuamos coa seguinte pregunta ao Goberno.

Pregunta da deputada Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual en Palestina

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Castro.



PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

Como vostede sabe, estamos a vivir un dos momentos máis terribles da nosa historia contemporánea. O século pasado foi marcado por feitos como o exterminio xudeu por parte dos nazis ou o xenocidio en Somalia a finais dos anos oitenta. Agora entramos nun novo século, o XXI, no que un conflito xa existente en Oriente Medio se intensifica ata un punto que é difícil imaxinar. O mundo mira atónito a barbarie que se está a perpetrar por parte do Goberno de Netanyahu contra o pobo palestino. E, por primeira vez na nosa historia, ademais somos testemuñas directas deste horror. Levamos case dous anos observando o asasinato constante de palestinos na Franxa de Gaza e Cisjordania, froito das bombas lanzadas por Israel. Vemos imaxes dos bombardeos a infraestruturas, colexios e hospitais, pero tamén a presión dos colonos israelís, obrigando gazatís ao desprazamento do seu territorio mediante ameazas e a guerra da fame: salando e envelenando pozos de auga ou deixando a xente sen alimento; impedindo, tamén, o paso dos camións humanitarios con comida e recursos básicos; e asasinando de forma indiscriminada unha poboación que está atrapada no horror. Non hai maneira de negar, ademais, o que está acontecendo, porque o vemos cada día. E quen non sexa consciente disto ten un grave problema de humanidade.

Dous anos disto e parece que o mundo comeza a reaccionar, pero moi timidamente. Onte a maioría dos países da ONU recoñeceron xa o Estado palestino. E nós, como españois, temos que estar orgullosos do papel que está facendo Pedro Sánchez no territorio, abandeirando esa postura pacifista de apoio a Palestina e de presión a Israel para que cese estas hostilidades. E orgullosos da cidadanía española e galega, porque tamén están dando exemplo, tanto coas manifestacións de repulsa como visibilizando estas mesmas; como fixeron, por tanto, na Volta Ciclista, que pretendía ser un símbolo dun estado xenocida e un branqueamento da súa conduta. Pero tamén exemplo sobre o seu posicionamento, porque o barómetro do Real Instituto Elcano di que o 82 por cento dos españois cualifican esta conduta de Israel de xenocidio e o 78 por cento apoia que os estados europeos recoñezan o Estado palestino.

Vostedes están atrapados nunha postura dirixida polos tres «A», Aznar, Ayuso e Abascal, que ao fin e ao cabo son os que dirixen a liña política do seu partido, trasladando esta cuestión á confrontación nacional e facendo política dun xenocidio. Hoxe no hemiciclo fixeron un acto de trileirismo político, porque están atrapados entre o que pensa a maioría da cidadanía e o que mandan dende as altas esferas. E, derivado disto, o efecto sándwich moral que fixeron hoxe pola mañá: chegaron hoxe ao sensentido de asumir un minuto de silencio sen que publicamente se dixese o motivo e, minutos despois, votar en contra de condenar un xenocidio. Señor conselleiro, deberían vostedes conservar a dignidade e os principios do ano 2014, cando chegamos a esa declaración institucional contra a actuación de Israel contra os palestinos, que incluso chegou a molestar tanto o Estado de Israel que dixo «*el Parlamento de Galicia se une a los peores y más extremistas...*»

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PALOMA CASTRO REY: ...*enemigos de Israel*». (Aplausos.)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten novamente a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, a verdade é que nós temos a mesma opinión de sempre. Mantémonos na mesma postura e non cambiamos de criterio. O Goberno galego xa transmitiu reiteradamente o rexeitamento ao conflito e condenou a traxedia que se vive na Franxa. Nós avogamos por unha solución urxente e negociada a este drama, pola apertura de corredores humanitarios, o cese das actividades militares contra a poboación civil, a liberación dos reféns israelís e tamén dos presos palestinos; por evitar unha escalada rexional do conflito, por unha solución permanente que pasa pola constitución dun estado palestino con fronteiras seguras.

E, por suposto, condenamos sen matices o ataque de Hamas do pasado outubro do ano 2023, que se saldou con centos de mortos. Dicimos que Hamas é un grupo terrorista e condenamos e rexeitamos os ataques de Israel á poboación palestina; uns e outros massacran inocentes. ¿Vostede está de acordo co que eu acabo de dicir? (*Pausa.*) ¿Si? Ben, entón ¿onde ten vostede o problema, señora Castro? ¿Onde atopa vostede algún problema? Para nós todas as vidas civís son iguais, todas: as dun bando, as doutro bando, as dun país e as do outro país. Non hai mortos de primeira ou de segunda categoría. O que é inaceptable para nós é que o presidente Sánchez non se desmarque dos parabéns que lle dedicou Hamas —unha organización terrorista recoñecida internacionalmente, como vostede di— ata en dúas ocasións, e lle pareza ben. ¿A vostedes tamén? ¿Non lles fai pensar nada? ¿Como é posible? Bueno, é certo que Sánchez non é moi exixente coas súas compañías, xa o sabemos; pero, ¿como é posible que acepte eses parabéns e non diga absolutamente nada?

Falaba o seu portavoz esta mañá e dicía —téño apuntado aquí— que «faciamos un discurso do odio e do enfrontamento». Non é certo, quen fixo ou quen tenta facer con este asunto un discurso do odio e do enfrontamento son vostedes. É vostede cando lle mandan facer este tipo de intervención e vén aquí reproducir o que lle mandan. Porque estamos de acordo no importante, no que nos une, pero, sen embargo, vostedes prefiren centrarse unicamente naquelas cousas que poden separar ou que poden diferenciar, porque cren que aí poden sacar un réditto político e porque —o máis importante— hai unha cortina de fume acerca doutros asuntos dos que non lles interesa falar. Iso chámase hipocrisía política, señora Castro. ¡Hipocrisía política! (*Aplausos.*) Acusan o PP do discurso do odio e son vostedes os que se centran nas diferenzas. Analice o que dixo o seu voceiro, que —como dicía o presidente, e co resto de deputados do seu grupo igual— o maior club de fans que ten Sánchez en toda España está no Parlamento galego. A min iso faríame pensar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Réplica. Señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Señor conselleiro, eu teño moi claro no punto no que estou e no papel no que estou. ¿Vostede vai recoñecer que o que está a perpetrar Israel é un xenocidio? Porque vostede di que non, pero os termos si que son importantes. Porque non chamar as cousas polo seu nome consiste en agochar a realidade, mitigala ou branqueala, que é o que están a facer vostedes. E miren, eu non sei como vai acabar isto, pero —como lle dixen— teño claro no papel no que estou eu e no que está o meu partido: que é o da defensa dos dereitos humanos e o apoio a un pobo que está sendo masacrado. *(Aplausos.)*

Daríame moita vergoña, ademais, manter outra postura, manter unha postura ecuánime e equidistante. Ecuánime, porque non se pode mirar cara a outro lado cando vemos milleiros de cadáveres, nenas e nenos da idade dos nosos fillos, tamén pasando unha fame negra; e desprazamentos masivos cara a ningures porque non caben, están atrapados. E tampouco equidistante, porque por moito que intenten dende a dereita equiparar o atentado dun grupo terrorista como Hamas co xenocidio de estado que está a facer Israel como resposta, isto —como se decataron agora coa enquisa do Instituto Elcano— non é o que pensa a maioría da poboación. Por iso lle dicía que están vostedes atrapados entre o que pensa a cidadanía española e o que lles mandan eses tres «A», que son os que dirixen agora mesmo a política do seu partido.

E miren, eu sei que Galicia é unha miga, unha esquiniña en Europa, e que nós non temos forza executiva, nin vostedes, para poder presionar e para poñer freo a Israel. Pero si que podemos dar un exemplo de humanidade a través do consenso das tres forzas políticas, repudiando unha conduta e chamándoa polo seu nome: xenocidio. Non terá forza executiva en Oriente Medio, pero asegúrolle que a cidadanía galega estará moi orgullosa dos seus representantes. E daremos exemplo nuns territorios de España nos que están a manter a mesma postura equidistante e a mesma postura ecuánime que mantiveron hoxe vostedes esta mañá e que seguen a manter —como vexo— despois da súa exposición. E tamén lle vou dicir unha cousa: seguro que vostede durmirá mellor.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno. Señor Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Bueno, pois seguimos con esa hipocrisía, a mesma que os leva a anunciar un boicot ás empresas israelís, pero no real decreto poñen aquilo de que «salvo que sea necesario por causa mayor». Os seus propios socios de goberno —a outra parte, xa non digo os socios de investidura ou os que os apoian nas sucesivas ocasións, senón os socios de goberno— están dicindo que vostedes son uns hipócritas, que din unha cousa e mais a contraria, señora Castro. Non o di o Partido Popular. Pero vostedes son así. E volve na segunda intervención facer o mesmo.

O que lles interesa única e exclusivamente é ter unha cortina de fume. Eu comprendo que esta semana, cando se sabe que o irmán do presidente ten que ir a xuízo e cando hoxe pola



mañá había noticias de que a muller do presidente ten que ir a xuízo, pois, claro, interésalles falar doutra cousa. Entón, imos tentar falar de se unha palabra nos une ou nos separa porque iso é o máis importante do mundo, claro. Agora, do resto, non.

E, claro, a min paréceme increíble que vostede fale como falaba dos altercados que houbo na Volta Ciclista a España; nós respectamos calquera tipo de manifestación que poida haber, pero é increíble que sexa o presidente dun estado o que intente animar a que esas protestas se produzan e que pasase o que pasase. Porque puxo en risco os propios ciclistas e porque se suspende unha proba internacional. Iso non ten ningún sentido. Para vostede, si, e pásano fenomenal. ¡Alá vostedes con toda a repercusión!

Pero veremos se noutros tipos de probas, ou cando interesa, se vai facer o mesmo. Hoxe o voceiro do Grupo Popular advertíaos dalgunha situación, veremos se o fan. Cando hai poucos meses estaba un equipo israelí en Pontevedra, o alcalde de Pontevedra ben que aplaudía ao meu lado. E vostede tamén estaba alí... *(Murmurios.)* *(A deputada Paloma Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Ah, ¿non estaba? Pois seguro que estivo o día seguinte. Pero o alcalde e mais eu, si. *(Murmurios.)* ¡Que casualidade! Aí non imos dicir nada nin imos boicotear o acto, porque se celebra na cidade de Pontevedra onde é o alcalde nacionalista. *(Murmurios.)* Agora, poder dicirlle a un organismo internacional que ten que botar un equipo e para iso paralizar unha proba ou paralizar a Volta iso si se pode facer; e, ademais, alentado polo propio presidente. Xa saben as forzas e corpos de seguridade do Estado o que pasou, como se organizou para que non puidesen facer nada. Pero se o saben eles, falen con eles, cos representantes sindicais da Policía, que lles explican exactamente como se montou todo. Esa é a súa dobre moral e a súa hipocrisía.

Pero ¿sabe unha cousa? A muller do presidente é un paso, o irmán do presidente é un paso, pero todo o que vén detrás non van ter que tirar ou que inventar para non falar diso, señora Castro. ¡Están vostedes fastidiados! Agora, iso si, seguro que inventa moitas máis cousas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información trasladada polo Goberno central á Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada desde a nosa comunidade ao abeiro do Plan social polo clima

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Trenor.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi boas tardes, conselleira.

Na loita contra o cambio climático, e en moitísimos outros temas, obsérvase á perfección a hipocrisía da esquerda en xeral, pero da galega especialmente. Non fan nada para acadar os



obxectivos de descarbonización, pero sempre pretenden dar leccións aos que si estamos a traballar.

Estes anos a Xunta do Partido Popular de Galicia aprobou unha batería de medidas que nos fixo dar pasos de xigante. No 2019, aprobamos a Estratexia galega de cambio climático e enerxía; despois, os plans rexionais integrados de enerxía e clima; o Pacto de alcaldías polo clima e enerxía; a Rede Local polo Clima; a Alianza Galega polo Clima; e agora estamos traballando coa Lei do clima. O resultado de todas estas medidas permitiunos desde 1990 reducir nun 62 por cento as emisións de gases de efecto invernadoiro.

E todo feito a pesar dos obstáculos do Bloque Nacionalista e do Partido Socialista, paralizando o sector das enerxías renovables: un bloqueando durante anos a implantación de novas instalacións e outro bloqueando no Constitucional a repotenciación e substitución de parques obsoletos e contaminantes. Pero xa digo que, a pesar dese traballo obstrucionista do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, o balance non pode ser máis que satisfactorio: un 62 por cento de redución dos gases de efecto invernadoiro. O logro é tan importante que superamos o obxectivo de redución do 55 por cento establecido pola Unión Europea para o 2030. E, grazas a todas estas iniciativas, en Galicia podemos falar de resultados que nos converteron na rexión líder na acción climática. E por iso falamos, señorías, —aínda que non lles guste— de «Galicia, refuxio climático», porque Galicia somos a comunidade con maior capacidade de absorción de CO₂ e porque somos, ademais, a comunidade que máis reduciu as emisións netas de gases de efecto invernadoiro.

Pero a transición a unha sociedade descarbonizada ten que ser unha transición xusta. Non pode lograrse a expensas daqueles que se atopan nunha situación precaria. A xustiza social non é un mero engadido á política climática, senón a súa pedra angular. Ademais, permite que sexa unha oportunidade para construír unha sociedade máis xusta.

Con este obxectivo a Unión Europea impulsa o Fondo social para o clima para apoiar as familias, as pequenas empresas e, en definitiva, a aqueles máis afectados pola pobreza enerxética, garantindo unha transición enerxética máis xusta. Dende a Unión Europea considerouse clave que as comunidades autónomas ou as autoridades rexionais participasen na elaboración do Plan social polo clima. Pese a isto, o Goberno que preside o señor Sánchez limitou a participación das comunidades autónomas a un simple formulario de indicadores durante a fase de consulta previa. Este mecanismo de apoio impulsado pola Unión Europea dispón dun orzamento global de 9.000 millóns de euros para España.

Por todo isto, conselleira, ¿que información trasladou o Goberno central á Xunta de Galicia en relación coa proposta formulada desde a nosa comunidade? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.



Señor Trenor, a verdade é que a información é nula; é dicir, non é ningunha. Gustaríame poñelos en contexto, para que saiban da relevancia absoluta que ten este Fondo social polo clima; na nosa comunidade autónoma, pero tamén no resto das comunidades autónomas. Porque o cambio climático fréase se todos apostamos por facelo. É certo que nós temos que mirar para Galicia e, como miramos para Galicia, reclamamos dende un primeiro momento estar dentro do que é esa participación activa das comunidades autónomas no Plan social polo clima, tal e como vén imposto por parte da Unión Europea. A España pertécenlle 9.000 millóns de euros para un período que é de 2026-2032. Galicia quixo deixar clara a importancia transcendental na toma de decisións cun fin, e ese fin é alcanzar a neutralidade climática no ano 2040; dez anos antes do que propón a Unión Europea. Pero un 75 por cento de diminución de gases de efecto invernadoiro xa no ano 2030.

E para iso ten que haber axudas. Axudas que son importantes, que son transcendentais; como as que puxo enriba da mesa a Unión Europea, que tiñan que vir da man das comunidades autónomas, cun gran proxecto que tiña que presentar o Goberno o 30 de xuño do ano 2025 e que estamos rematando setembro e non temos ningún tipo de información, nin Galicia nin o resto das comunidades autónomas.

De aí que ás veces, cando algúns deputados din que os do Partido Popular somos negacionistas, a resposta é que nós somos realistas. E o realismo fai que sexamos a primeira comunidade autónoma que máis diminuímos os gases de efecto invernadoiro de toda España. Esa é a realidade. (Aplausos.) E o negacionismo é mandar mensaxes, cubrir titulares, pero ao final que todo estea baleiro. De maquillaxe estes señores do Goberno central a verdade é que entenden moito. Pero non só pode falarse de maquillaxe sobre o clima, senón que o clima inflúe na saúde das persoas e nos xóvenes que queren estar en Galicia, vivir en Galicia e ter calidade de vida en Galicia.

¿E que nos atopamos? Pois atopámonos con que podemos perder 2.000 millóns de euros. Galicia presentou no mes de maio os seus proxectos, Galicia aprobounos no Consello da Xunta, Galicia trasladounos ao Goberno central. O Goberno central tiña que trasladarllos á Unión Europea. No día de hoxe, a piques de comezar outubro, descoñecemos absolutamente onde están, que se fixo e cales son...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...as explicacións que nos vai dar o Goberno central.

Moitas grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle a quenda de palabra ao señor Trenor, dámoslle a benvida e saudamos os alumnos e alumnas da asociación ELSA de Dereito e de Políticas, que estou segura de que moitos de vós dentro duns anos ocuparedes un asento do grupo parlamentario.

Rolda de réplica, señor Trenor.



GONZALO TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes aos asistentes.

Señora conselleira, a súa consellería, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, reclamou unha participación activa na planificación, xestión e seguimento do Fondo social para o clima, como indicaba a Comisión Europea. Presentou vostede preto de sesenta proxectos a este plan por un importe de case dous mil millóns, para que servisen de base para a aplicación en España do Fondo social para o clima.

Pero é que é increíble que cun tema de tanta importancia como pode ser a redución de gases de efecto invernadoiro e a transición xusta, o Goberno central non estea á altura do que lle está a demandar a cidadanía. Estamos acostumados a que o Goberno central actúe con opacidade, con inxustiza, con inequidade; sempre, iso si, prexudicando a Galicia: no eido das infraestruturas, no eido do financiamento, nos Perte industriais, na dependencia. No caso do Fondo social polo clima, todo apunta a que vai ser máis do mesmo.

Creo que ao maltrato continuo do señor Sánchez a Galicia, ademais, hai que engadirlle que o Goberno central está máis preocupado polas repercusións xudiciais da corrupción do propio Goberno e da contorna familiar de Sánchez que da xestión do que lle preocupa á cidadanía. A súa muller vai sentar diante dun xulgado popular, o irmán tamén vai ser xulgado, o fiscal xeral está sendo procesado, os dous secretarios de organización do Partido Socialista están imputados, un deles está xa no cárcere. E así, señorías, é moi difícil centrarse no que lle preocupa á cidadanía. (*Murmurios.*)

Vostede fixo o que tiña que facer, que é presentar os proxectos, elaborar eses proxectos e facerllos chegar ao Goberno central. Que o Goberno central se apoie no traballo das comunidades autónomas, xa que non son quen de facer o seu traballo. Pero, se pode vostede explicarnos como foron algúns dos proxectos que presentou ou os eixes nos que se apoiaron, sería...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

GONZALO TRENOR LÓPEZ: ...de agradecer. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas, señor Trenor.

Por suposto, a benvida aos alumnos, que nalgún momento tamén aí estará o dereito climático, un dereito que temos todos os galegos e as galegas.



Emerxencia climática. Falamos continuamente dela, pero non se pode só falar, senón que hai que aportar. E esa aportación ao final non é realidade. No ano 2022 o señor Sánchez achegouse a Galicia despois duns incendios; en concreto fíxoo a Ourense, e alí falou dun real decreto lei onde se marcarían as bases desa emerxencia climática. Pois teño que dicirles que no día de hoxe nada sabemos dese real decreto, nin como se vai desenvolver ese real decreto. Volve no ano 2025 e dinos que quere facer un gran pacto polo clima.

Miren, o pacto polo clima trátase de traballar, trátase de exixirles ás empresas, trátase de coordinarnos cos cidadáns, pero trátase tamén de investir. E ese investimento, que ademais procede da Unión Europea, que son 9.000 millóns de euros, dos cales 2.000 millóns lle pertencen a Galicia, temos dúbidas de se van chegar. Pero exixirémolles para que cheguen. E, á parte de exixir, tamén lle diremos que imos facer un control da repartición deses fondos en Galicia, en Cataluña e no País Vasco. Porque os galegos non somos persoas de segunda; os galegos somos igual que o resto dos españois. E, se hai que ser, somos de primeira. (*Aplausos.*) Somos de primeira porque logramos reducir nun 62 por cento eses gases de efecto invernadoiro; 49 puntos por enriba da media do Estado español e o dobre que a media da Unión Europea. (*Aplausos.*) E iso fano os galegos e as galegas.

Presentamos un total de 62 proxectos. Proxectos que son 22 accións polo clima en mobilidade e en transporte: un total de 270 millóns de euros; 30 para a descarbonización dos edificios e impulso de cara a cero investimentos: 1.676 millóns de euros. Antes igual dixeran pesetas, ¿non? Non, eran euros. Se dixeran pesetas estaba eu noutra cousa. E dez actuacións para promover a información, educación e a concienciación: dez proxectos por un total de 28 millóns de euros. En total, Galicia presentou proxectos por valor de 1.973 millóns de euros.

Porque estamos á vangarda. Queremos estar á vangarda, fronte a eses que seguen dicindo unha e outra vez que somos os negacionistas. Non, señores, somos realistas. (*Aplausos.*) Presumimos de Galicia. Podemos facelo porque aí están os datos...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas...

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...datos que son verificados polo Estado español...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): ...e datos que son verificados tamén pola Unión Europea.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (María Ángeles Vázquez Mejuto): Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa pregunta de Paloma Castro Rey.



Pregunta da deputada Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que concirne á rehabilitación e ao acondicionamento das infraestruturas do CEIP Torre de Illa, do concello da Illa de Arousa

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para facer a pregunta, ten a palabra a señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Boa tarde, conselleiro.

Pois, mire, hoxe traemos unha pregunta coa que queremos que vostede tome coñecemento directo da situación na que se atopa o CEIP Torre Illa na illa de Arousa e, para que así, unha vez o coñeza, poida incluír no próximo orzamento de 2026 actuacións educativas para o seu arranxo.

O CEIP Torre de Illa é un centro que se atopa na Illa de Arousa. É un centro de referencia educativa, ata o punto de que no ano 2022 recibiu un Premio Nacional de Buenas Prácticas en Centros Docentes por un proxecto chamado «Enredados coa pesca». Un centro que foi construído nos anos sesenta, hai máis de medio século, e que ata o de agora unicamente foi obxecto de actuacións puntuais. Por tanto, require unha actuación xeral e urxente.

Entre as eivas que atopa este centro está a situación das casas dos mestres. No recinto hai seis casas que eran antigas vivendas dos mestres: dúas cedidas ao Concello e catro pertencentes á Consellería de Educación. Pois ben, estas vivendas están en desuso, abandonadas e en estado case ruinoso —e case que sen o «case»—. O que pretendemos, e o que que hoxe lle pedimos, é que se poidan recuperar estas vivendas para así aumentar o espazo dispoñible para os nenos e nenas deste centro. Habilitar estes lugares, por exemplo, como un comedor axeitado, porque agora mesmo o comedor é o mesmo espazo que o que se dedica á ludoteca e queda moi pequeno debido ao incremento de nenos e nenas que usan este servizo; ou tamén para utilizalo como zona de almacén ou un gran salón de actos.

E despois, en relación ás infraestruturas, hai tres inmobles, tres pavillóns, dous antigos e un de recente creación. Pois ben, os tres atópase nunhas condicións moi mellorables. O denominado «pavillón de quinto» —porque normalmente son alí as clases de quinto e sexto de primaria— presenta problemas de illamento, o que fai que teña moitas humidades e sexa moi difícil regular a temperatura. Polo tanto, en inverno moitas veces vai moito frío e iso fai que os nenos e nenas estean na clase co abrigo posto. A cuberta tamén presenta problemas. E iso, ante a pasividade da Xunta, foi o Concello, facendo uso de competencias impropias, o que tivo que arranxalo. A maiores disto, o pavillón non é accesible, o que provoca moitos problemas cando aparece un neno ou unha nena con mobilidade reducida. Polo tanto, ten que ocasionar o cambio de aulas duns a outros. E non pode ser que teñamos un edificio sen accesibilidade neste momento. O outro pavillón, o «pavillón de dirección», presenta tamén moitas humidades, e ademais ten unha cuberta de uralita que nin sequera está tapada por tella, co problema para a saúde que sabe vostede que supón esta exposición ao amianto. Os baños deste pavillón



son dos anos sesenta e a electricidade tamén; polo tanto, xa non lle teño que explicar nada máis. E, en relación co pavillón novo, tamén presenta moitas humidades, porque se fixo unha defectuosa execución da cuberta. Polo tanto, as pingas cando chove son constantes.

Vostede, señor Rodríguez, vendeu en moitas ocasións ese plan de nova arquitectura pedagóxica. Vendeu o plan e investiu en concellos como Vilanova de Arousa máis dun millón de euros, en Sanxenxo, un millón e medio, ou en Ribadumia. Eu pregunto: ¿para cando, señor Román, Arousa vai participar neste plan? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

A verdade é que agradezo a súa pregunta e a súa exposición de motivos. A verdade é que me recomenda ter coñecemento directo de como está este centro e a verdade é que me sorprende que, neste caso, o Partido Socialista, a instancias do alcalde socialista deste Concello, faga unha tan intensa demanda de reformas, melloras etcétera. Curiosamente, fíxese vostede, dende o centro educativo, que son as persoas que viven, traballan e desenvolven a súa actividade aí, pois non hai ningunha. Agora si, do Concello hai moitas.

E a verdade é que tamén me sorprende —vostede díxoo tamén, agora, ao final da súa intervención— como por parte do concello se di: non, aquí non se inviste e invístese en Vilanova ou en Ribadumia; faltoulle dicir Sanxenxo, porque son do PP. Si, si. (*Murmurios.*) ¿Dixo Sanxenxo? ¡Pois perdón!, non o escoitei. Pero non dixo que se inviste en Vilagarcía, ¡curioso!, ou que se inviste no Grove, ¡curioso! Vostede intenta aquí dicir que neste caso concreto non se inviste no concello da Illa de Arousa porque o alcalde é socialista. ¡Home!, é un erro bastante grave e é unha desinformación bastante grave, sobre todo tendo en conta que, como acabo de dicir, nun centro educativo non existen demandas concretas, neste caso á Administración autonómica, á xefatura territorial, á dirección territorial, para levar a cabo reformas neste centro.

E tamén vostede obvia unha cuestión, e é que este centro, no cal, aínda que vostede di na súa parte escrita que está absolutamente abandonado, si que houbo un investimento nos últimos anos; estamos a falar de máis de 200.000 euros, 225.000 euros; e dirá vostede: é que é moi pouco diñeiro, é que son dos anos 60. Non, dos anos 60 é un edificio, pero aí hai un complexo de edificios que son recentes. E, efectivamente, pode haber algunha carencia, que pode estar vencellada, e está vencellada de feito, a debilidades, a carencias no mantemento e na conservación, competencias que, pola Lei de bases de réxime local e tamén pola propia lexislación orgánica aprobada polo Partido Socialista hai escasos anos, son competencias municipais.

Co cal eu creo que vostede aquí intenta facerlle o *caminito*, neste caso, intentando plantexar unha dualidade: non, invístese porque é do Partido Popular e non se inviste porque é do Partido Socialista. E eu dígolle que, por cuestións obvias, os grandes investimentos que se están



a facer en educación se fan onde fai falta, se fan onde é necesario, se fan onde é básico dar resposta ás comunidades educativas; estase facendo nos concellos máis grandes, moitos deles que non son do Partido Popular.

Co cal esa apreciación sibilina de que só se inviste nos concellos do Partido Popular e non do Partido Socialista é realmente un argumento moi débil, que non ten ningún fundamento e...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...que, sinceramente, non a deixa quedar en bo lugar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas.

Mire, señor conselleiro, un ano estivo o alcalde chamando á consellería, á Delegación Territorial de Educación, para que retiraran un depósito que era moi perigoso e se atopaba no patio dos nenos e nenas, e dous anos leva petando na porta da consellería para que vostede o reciba. Como está aquí, e aproveito para saudalo, podía tamén vostede dicir se o vai recibir ou non e vai contestar esas cinco cartas que leva mandadas en dous anos para sentarse con vostede e poder falar das necesidades deste colexio, como, por exemplo, a cuberta de uralita, electricidade, baños dos anos 60, un edificio sen accesibilidade ou rehabilitación das casas dos mestres. ¿Onde ve vostede aquí falla de mantemento? Porque eu non o vexo; eu vexo obra de reforma de nova construción, obxectivamente.

Polo tanto, nós o que lle pedimos é que reciba o alcalde, que se preocupa polos seus veciños e polos nenos e nenas deste colexio; por iso está petando na porta da consellería, para que o reciban e para que a Xunta cumpra coa súa obriga, que é que todos os nenos e nenas reciban a mesma educación de calidade independentemente do lugar onde residan e que non existan nenos de educación de primeira e educación de segunda.

Porque ese plan de nova arquitectura pedagóxica que vostede está a vender, que promove a Xunta de Galicia, pois pode aplicalo tamén en concellos como como a Illa de Arousa, porque os que lle citaba da comarca do Salnés son todos do Partido Popular, casualmente.

E, polo tanto, como lle dicía, o que teñen vostedes é que aplicar este plan tamén, porque non podemos permitir, por exemplo, que existan edificios e infraestruturas escolares que non sexan accesibles, co prexuízo que causa.

Hoxe falaba vostede pola mañá desa educación inclusiva. Non é inclusivo un edificio que non ten accesibilidade.



E, polo tanto, señor conselleiro, repito: non podemos discriminar os nenos e nenas segundo o lugar onde residan e a educación pública en Galicia ten que ter uns estándares mínimos de calidade, e isto pasa por unhas infraestruturas dotadas e axeitadas, e aquí neste momento non se están cumprindo. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señor conselleiro,

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Comparto con vostede que é necesario que todos os alumnos teñan unha educación de calidade, e é algo no que nos ocupamos todos os días, e, de feito, ese esforzo ten un recoñecemento e comparativamente con outras comunidades autónomas se ve. Os informes comparados dinnos que temos o ensino máis equitativo do conxunto de España, é dicir, que hai as mesmas oportunidades para calquera alumno con independencia do lugar, do concello onde están, e tratamos a todos por igual.

Cando vostede di primeira e segunda, a verdade é que, vendo hoxe o borrador que presentou o Ministerio de Educación, a min si que me xorden algunhas dúbidas sobre o que o Partido Socialista entende por ser de primeira e de segunda. Se coincidise que ese borrador de documento o presentase o Partido Popular, vostedes estarían falando de segregación, vostedes estarían falando de que se quere facer un ensino de primeira e de segunda e se quere discriminar algúns alumnos sobre outros. Pero esa é a súa teima.

Por unha parte, teñen boas palabras, por unha parte teñen un discurso, pero os seus actos e as súas accións de goberno —do desgoberno, como se lle queira chamar— pois van en sentido contrario.

E vostede segue falando de concellos do PP. Pois eu voulle dicir un dato, xa llo dixen antes: Vilagarcía, que eu saiba, non é do Partido Socialista, é da mesma comarca. ¿Sabe canto estamos investindo en Fontecarmoa? 4 millóns de euros. ¿Sabe canto estamos investindo no de Arealonga, de Vilagarcía? Arredor de 1 millón de euros. ¿Sabe canto estamos investindo no Grove? Máis de 1 millón de euros ¿Sabe cales son os proxectos educativos máis potentes xa recentemente no sistema educativo galego? Pois un no concello de Ames e un no concello de Vigo. Entenderá vostede que ese argumento de dicir: non, é que vostede non inviste na Illa porque é do Partido Socialista, mire, é moi fugaz, moi lixeiro.

E, despois, respecto do que vostede me plantexa, nós facemos moitísimos investimentos. Dende o ano 2021 temos máis de 3.000 intervencións nos centros educativos de Galicia, temos 1.600 edificios, temos máis de 330 millóns, que obviamente non se chega a todas as partes igual.

E os criterios que facemos non son criterios políticos; se non, o que acabo de dicir tería pouco fundamento; son criterios técnicos, baseados nas unidades técnicas, nos informes das unidades técnicas.



E vostede entenderá que eu lles faga máis caso como conselleiro responsable da política educativa de Galicia aos criterios da unidade técnica dos servizos técnicos da consellería que ao que me di un responsable político, sexa dun partido ou sexa doutro partido. Co cal a partir de aí moi pouco se pode cuestionar.

Eu entendo que intenten facer loita política disto, que intenten —xa me pasou máis veces co Partido Socialista— dicir que, cando hai un investimento nun concello do PP: non, non, faise porque é do PP, e logo, cando se inviste nos concellos do PSOE, en moitos concellos do PSOE, e acabo de dicirlle Vilagarcía e O Grove, nesa comarca ¿estamos facendo o que vostede pensa que estamos facendo?

Mire, señoría, o tempo, como dicía onte na comparecencia, dá e quita razóns e os argumentos sólidos mantéñense e os débiles pois lévaos o vento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta da deputada Ariadna Fernández González, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o anuncio da Consellería de Política Social e Igualdade da creación de centros específicos para acoller os menores migrantes non acompañados á súa chegada a Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Fernández.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

Non debe de ser doado estar no seu lugar estes días. Supoño que, primeiro, porque tivo que recoñecer publicamente que ten o sistema de protección de menores de Galiza sobreesaturado, segundo os seus propios datos, ao 108 por cento da súa capacidade, e recoñecer así a súa incompetencia á fronte do sistema de protección de menores e do sistema residencial de acollemento; todo isto en beneficio do seu líder, do señor Feijóo, en Madrid, e das súas políticas indecentes, inhumanas e que usan de xeito partidista 317 nenos e nenas adolescentes que chegaron, chegarán a Galiza buscando unha vida mellor e fuxindo da que tiñan antes.

O segundo que non debe ser doado é mentir en sede parlamentaria, sobre todo sabendo que saíras na CRTVG, porque vostede saíra, seguro, na CRTVG —ben, agora co novo nome—, e mentiu dicindo que chegarían todos xuntos, dando a entender que chegarían todos xuntos, cando vostede sabe que iso non é verdade, porque de feito acaban de chegar menos de 20 expedientes a Galiza, e mentiu cando dixo que non actuara con previsión porque non tiña información. Evidentemente, vostede non pode ter información nin o seu Goberno pode ter información se non van nin sequera ás conferencias sectoriais que se celebran a carón deste asunto.



Daquela, vostede é a única responsable de crear centros específicos para nenos e nenas inmigrantes non acompañados, vostede e o Goberno do Partido Popular. Vostede é a responsable de crear un gueto, de separar e de disgregar, vostede e o Goberno do Partido Popular.

E o terceiro que debe ser difícil é —polo que non me gustaría ser vostede— porque eu non sei se sería capaz de dar discursos que botan enriba destes rapaces estigmas e os culpabilizan de algo do que eles non teñen culpa. Porque, miren, os nenos e as nenas non teñen culpa de faltar ás conferencias sectoriais, non teñen culpa de que vostede os queira separar e disgregar, non teñen culpa de que vostede teña o sistema de acollemento infrafinanciado e non teñen culpa de colapsar un sistema que xa está nun estado lamentable antes da súa chegada. A culpa é súa e do Goberno do Partido Popular (*Aplausos.*), e iso irá na súa conciencia.

Non lles escape, polo tanto, aos seus feitos, e míreos aos ollos, se pode, porque son cidadáns de pleno dereito, cidadáns de pleno dereito. E díganos se ten algún argumento para non cumprir os dereitos humanos, para non cumprir os acordos da Convención dos dereitos do neno e para non respectar o interese superior do menor; díganos se ten algún argumento. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi boas tardes.

Señora Fernández, en primeiro lugar, eu hoxe quero volver condenar, e quero facelo ademais nesta Cámara, o violento e intolerable ataque contra un recurso de acollida para menores migrantes. (*Aplausos.*) Mire, non caben medias tintas ante feitos que non teñen xustificación nin teñen cabida nunha sociedade como a galega. Non cabe tampouco, señora deputada, o uso político que se lle quere dar ao que é unicamente violencia nin os intentos reiterados de polarizar a sociedade que estamos vendo nas últimas xornadas.

Pero, mire, con todo, e vistas as declaracións dos responsables do Bloque Nacionalista Galego nestes últimos días, eu preguntome: vostedes ¿de que lado están?, ¿de que lado están? ¿Están do lado da condena total aos actos violentos ou están vostedes do lado de usar calquera arma como ferramenta, chegando incluso a culpar o propio Goberno galego de atacar un centro propio da Xunta de Galicia?

Eu dígolle de que lado están vostedes. Vostedes están do lado das pancartas. Están do lado das pancartas en lugar de sinalar directamente os posibles responsables deste ataque. (*Aplausos.*) Vostedes prefiren sinalar o presidente da Xunta de Galicia, vostedes prefiren facer política a pesar de todo e custe o que custe.



Mire, o que fan vostedes coas súas declaracións constantemente é sementar aínda máis odio, porque nada xustifica un acto violento como o do centro de Monforte. Pero ben, ¿que se pode dicir dun Bloque Nacionalista Galego que onte mesmo, a través do seu flamante deputado nas Cortes Néstor Rego, apoiou unha lei —escoiten ben, por se non o saben— na que relacionan directamente a migración coa inseguridade? Mire, Congreso dos Deputados, léolle textualmente, falando de emigración: «evitar posibles efectos que puedan representar un riesgo para la convivencia y la cohesión social». E relacionan a emigración co integrismo relixioso e o terrorismo. Isto é o que votou onte nas Cortes o Bloque Nacionalista Galego. (Aplausos.) ¡Que vergoña! Pero noraboa, señores deputados. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Quenda de réplica, señora Fernández.

ARIADNA FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Nós imos sempre estar detrás das pancartas, sempre, sempre, sempre que se denuncie un xenocidio, sempre que se defenda o idioma, (Aplausos.) sempre que se defenda o país e sempre que se defenda que non se espolien os nosos recursos, entre outras causas. (Aplausos.) A vergoña debería ser súa, que non está detrás de ningunha destas pancartas que defenden o seu país.

Mire, voulle dar uns datos de antes da chegada destes nenos ao noso país: temos máis de 900 nenos en 886 prazas de acollemento residencial —repito: antes de que cheguen estes nenos e nenas—; desas prazas, hai 273 ocupadas por nenos e nenas migrantes non acompañados. Temos nenos e nenas vivindo durante anos nos centros, cando debería ser o último recurso. Temos nenos e nenas menores de 6 anos aí, e non sabemos cantos porque non nolo din, incumprindo a lei. Leva sendo conselleira dende setembro do 2018, e di que o sistema vai rebentar, vai rachar e vai colapsar. O sistema si que tivo mala sorte con vostede; as familias tiveron mala sorte con vostede; os nenos e as nenas de aquí e de fóra —de calquera lugar do sistema de protección— tiveron mala sorte con vostede; os traballadores e as educadoras tiveron mala sorte con vostede; e todos os nenos que cheguen ao noso sistema de protección seguirana tendo a menos que cambien a súa maneira de actuar. (Aplausos.)

¿Sabe cal é o seu balance, señora conselleira? Que foi unha digna herdeira da anterior, da señora Beatriz Mato. Pasamos en sete anos de 835 a 886 prazas —sete prazas por ano—, con catro centros públicos no 2010 e catro no 2022 —e teño que dar os datos do 2022 porque os outros non nolos dan—. Así que, mire, ¿vostede de que lado está? Díganos: ¿vostede de que lado está? (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora García.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.



Señora Fernández, ten vostede razón; eu non necesito estar detrás das pancartas, porque eu son capaz de mirar aos ollos a xente e estar sempre ao carón da xente. *(Aplausos.)* Ese é o lado no que estou eu.

A Xunta de Galicia vai crear un recurso específico no de Monforte, porque, como dixen en moitísimas ocasións, o sistema de protección non ten nestes momentos nin unha soa praza dispoñible para acoller novos menores.

Falan vostedes de guetos, pero ¿sabe vostede o que é un gueto? ¿Un gueto pode ser meter nunha mesma instalación douscentos ou trescentos migrantes, como fixo o Goberno de España no Monte do Gozo ou en Mondariz? ¿Permiten guetos os concellos do Bloque Nacionalista Galego, señora deputada? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, o certo é que das súas declaracións —que son case sempre bastante desafortunadas— as que son realmente inaceptables e as que non imos consentir baixo ningún concepto son as dos seus socios falando de campos de concentración. É algo intolerable que eu entendo que o Bloque Nacionalista Galego non comparte, ¿ou si? Porque se Monforte é un campo de concentración —como repetiu esta mesma mañá o señor Besteiro—, o dos quince menores que vai enviar o Goberno de España a un inmoble da Deputación da Coruña, gobernado polo Bloque Nacionalista Galego e polo Partido Socialista, ¿como se chama? ¿Chámase «minicampo de concentración» ou «minigueto»?

Miren, lamentablemente, a imposición do Goberno central obríganos a crear este tipo de recursos dentro do sistema de protección de Galicia. Van ser os primeiros centros específicos porque non temos alternativa posible, e todo isto ímololo facer coa falta de información que temos de forma constante por parte do Goberno de España, con ese talante impositivo do Goberno do señor Pedro Sánchez, que o único que está a facer nestes momentos é deshumanizar o sistema integrador de protección que temos aquí en Galicia.

¿E que fai o Bloque Nacionalista Galego? Pois continuar apoiando a quen beneficia comunidades como o País Vasco e Cataluña, sempre co seu submiso beneplácito no Congreso dos Deputados e a través do seu deputado Néstor Rego, votando, lamentablemente, normativas que relacionan a migración coa inseguridade.

Máis nada e moitas grazas.

(Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Pregunta da deputada Silvia Longueira Castro e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a previsión da Xunta de Galicia de defender os dereitos das persoas cooperativistas de Xuxán fronte á xestora

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidenta.



Boa tarde, conselleira.

Como xa sabemos, e como se dixo aquí en máis dalgũa ocasión, o Concello da Coruña está a facer —esa expresión que algunha vez se di por aquí— «os deberes» con respecto ao que ten que ver coa crise da vivenda, practicamente igualando en moitas ocasións o que vén facer a Xunta na propia cidade. En concreto, o Concello da Coruña cedeu dúas parcelas en Pedralonga —unha, no barrio dos Rosales, e outra, en praza Porticada—. Por outra parte, a Xunta ten cinco parcelas, unha delas —a que hoxe nos ocupa— é a de Xuxán, nun barrio próximo, o de Eirís; e outra máis está xa xestionada por Mulleres Colleiteiras. En equiparación, veñen sendo un número de vivendas practicamente igual; é unha porcentaxe un pouco máis elevada a da Xunta, pero maniféstase aí o esforzo da cidade da Coruña, que xa leva anos —sempre que se lle permitiu— facendo toda a política que ten esa vinculación coas vivendas de protección oficial ou, neste caso, de alugueiro.

Como temos esa preocupación especial neste tipo de políticas, vimos hoxe cunha pregunta sobre a cooperativa de alugueiro que se leva a cabo en Xuxán, que ten o nome de Alquiler 50. Ata maio precisamente deste ano tivo un devir máis ou menos —digamos— xusto, sen maior problema. O 20 de marzo do 2024 preséntase o proxecto Alquiler 50 nun local da Coruña, que anuncia uns prezos de alugueiro social durante cincuenta anos, entre 258 e 374 euros, máis 23 euros por trasteiro e 72 por praza de garaxe. En abril do ano 2024, preséntase no local da financeira de Abanca, por parte de Galivivienda, que vai ser a promotora que levará a cabo a construción destas vivendas, e informa de que os alugueiros serán desde 399 a 540 euros, cunha aportación especial de capital de 53.000 euros, que —por non seguir especificando aquí— se dividen en cinco prazos. Así se vai xestionando —vaise xestionar, ademais, con préstamos do ICO— ata chegar a entre marzo e maio deste ano, cando parece ser que, debido precisamente ao *rating* da promotora Galivivienda, o ICO non vai prestar ese financiamento. A partir de aí, hai unha serie de cuestións que teñen moito máis que ver coa actividade privada —pero que a Xunta debería de estar atenta— e que penaliza gravemente a cooperativa a través da súa promotora Galivivienda.

O PRESIDENTE: Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ¡Vaia por Deus! (Risos.)

O PRESIDENTE: É o tempo.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: O que lle pregunto, conselleira, é que actitude van amosar vos-
tedes...

O PRESIDENTE: Coñece a pregunta ela. Grazas.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Ben, pero igual os demais non.

O PRESIDENTE: Vale.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: ¿Que actitude van levar con respecto á cooperativa de Xuxán?



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Si, xa está.

Resposta da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez Allegue.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, señor presidente.

Mire, señora Longueira, coa súa pregunta o único que demostra é o total descoñecemento do que está a acontecer cos cooperativistas en Xuxán, pero non se preocupe, que volvo explicalo.

No ano 2023, a Xunta concursa publicamente parcelas da súa titularidade por un canon simbólico para que promotores e cooperativistas poidan construír vivenda protexida en réxime de alugueiro; un destes beneficiarios é Galivivienda, que é beneficiaria de catro parcelas para construír 224 vivendas. Seguidamente, a Xunta, tamén mediante concurso público, concursa eses fondos MRR de subvencións para estas promocións en réxime de alugueiro, e, xunto cos beneficiarios —como pode ser o Concello da Coruña ou o Concello de Vigo—, resulta beneficiaria Galivivienda para estas 224 vivendas, que consegue 10 millóns de euros de subvención, que llos resta ao financiamento do préstamo ICO; ese préstamo ICO que o ministerio e ICO convenían con eses 6.000 millóns de euros —dos cales 4.000 millóns de euros son fondos europeos que o Estado non lles transfere ás comunidades autónomas, senón que os convenía co ICO para a promoción destas vivendas—. Todo vai perfecto.

En decembro de 2023, ICO e cooperativistas deseñan ese plan económico-financeiro, pero velaquí que en abril de 2025 —non se sabe por que— o ICO —e non a xestora— modifica esas condicións de financiamento: acurta o prazo de garantía e incrementa esa cota do prazo de garantía —que, por suposto, non a dos alugueiros, que están protexidos e están limitados por normativa autonómica—. Entón, ¿que facemos nós dende a Xunta de Galicia? Contactamos cos cooperativistas, contactamos coa Dirección Xeral de Vivenda no ministerio e contactamos co ICO e coa ministra. Ata en catro ocasións remitinlle cartas á ministra facéndolle saber desta situación; é máis —dígollo—, reunímonos persoalmente coa ministra aquí, en Santiago, para falar desta situación. Grazas ás actuacións da Xunta de Galicia, o ICO reverte e volve á situación anterior.

Pero velaquí que agora hai outro obstáculo: para formalizar ese préstamo, o ICO exige a garantía da prórroga dos fondos MRR, porque saberá vostede que eses fondos MRR teñen que estar executados supostamente en xullo de 2026. Pois ben, ¿que fai a Xunta? Volver pedirlo ao ministerio. Pero non é só a Xunta; todas as comunidades autónomas estamos exixíndolle ao Goberno de Pedro Sánchez —e nomeadamente ao Ministerio da Vivenda— se van prorrogarse eses fondos europeos.

Entón, señora Longueira, reverto a pregunta: ¿que pensa facer o Goberno de Pedro Sánchez? ¿Vai prorrogar eses fondos europeos MRR? Espero a súa resposta. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Pois teño unha mala noticia que darlle —xa llelo dixen a varios compañeiros—: vostede goberna, ¡chame vostede, que para iso lle pagan máis ca a min e foi elixida! Votárona a vostede, non a min; o día que me voten a min, eu farei o meu traballo.

Entrementres, ten vostede unha cooperativa que está cos seus socios divididos, moitos dos cales están recibindo ameazas da propia promotora de Galivivienda, que, á súa vez, montou outra xestora, que é Gesvieco, e teñen as dúas os mesmos participantes, e un arquitecto en común, que o mesmo está na unha que na outra. Vostedes teñen un merecumbé montado coa xestora de Galivivienda, con Gesvieco e co arquitecto, onde os damnificados son boa parte daqueles que se achegaron a Alquiler 50, e que hoxe en día non saben en que bando están nin o que poden facer.

¿Por que? Porque a empresa de Galivivienda tiña un baixo *rating* diante do ICO; sabe vostede que é unha cooperativa que constrúe por toda España. Ademais, voulle dar un dato que seguramente vostede coñece: leva 1 millón de euros, constrúanse ou non se constrúan as vivendas de Xuxán. Teñen xa garantido 1 millón de euros e, a partir de aí, os seus custos son de 4 millóns pola xestión en total do que levan feito en Xuxán. Entón, os fondos MRR evidentemente virán, se vostede é capaz de xestionalos con todo o seu equipo; que, é verdade, non fan máis que enviar cartas, que teñen absolutamente confundida boa parte dos cooperativistas, señora.

Entón, eu non teño que responder ao que vostede ten que xestionar. ¡Xa nos faltaría, á parte de sermos insultados constantemente polo seu Goberno, ter que facer o traballo para o cal foron elixidos e para o que lles pagan!

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (María Martínez Allegue): Grazas, señor presidente.

Señora Longueira, eu en ningún momento insultei a ningún.

O que non pode ser é que vostedes estean intentando sacar un rédito político usando a vivenda como unha arma política, que é o que están a facer claramente. O importante agora é non sacar rédito político, senón garantir a estes cooperativistas que ese financiamento ICO chegará, se o ministerio garante a prórroga deses fondos MRR que a Xunta de Galicia xestionou dun modo correcto, pois están todos transferidos e todos outorgados.



Mire, nesta situación de Galivivienda non se encontra só Galivivienda, encóntranse moitísimas promocións de vivenda; por exemplo, están as vinte e sete vivendas de Esturáns que vai construír o Concello de Vigo, e que aínda non comezou a súa construción. Polo tanto, non confundan e non boten fume. A Xunta de Galicia foi moi clara sempre: dixemos que, se as garantías do préstamo ICO desvirtúan o carácter social destas vivendas, a Xunta de Galicia revertería ese solo.

Non sexan demagogos —porque si que o son—, porque o colmo da demagogia é esa chamada que fixeron dende o Concello da Coruña. Veu aquí en persoa o director xeral de Vivenda dende Madrid a reunirse cun concelleiro do Concello da Coruña e con cooperativistas. ¿Para que? Para sacar unha foto. ¿Que tentaban? Simplemente desprestixiar este goberno, pero non o van desprestixiar coas súas mentiras.

A súa pregunta —que non leu textualmente, pero eu si que a lin— fala de inacción da Xunta de Galicia. ¡Falso!; acabo de dicilo: contactamos co ICO, contactamos co ministerio e contactamos cos cooperativistas.

Pero o peor é que a súa pregunta fala dunha «operación urbanística opaca». Señora Longueira, ¿que significa «unha operación urbanística opaca»? Porque o que está dicindo é moi grave. Se ten algo que ocultar, dígaos dunha vez; e, se ten algo que denunciar, vaia aos tribunais. (Aplausos.)

Demagogia é pedir o que se sabe que non se pode facer. Vostede saberá moi ben —e se non, xa llo digo eu— que ningunha administración, nin concello nin a Xunta de Galicia, pode entrar na xestión interna entre cooperativas e xestora; terán que entrar os seus órganos de goberno. Se eses cooperativistas desexan mudar a xestora, dende logo, esta Xunta de Galicia non vai defender a xestora, senón que está a exixir transparencia, que é o que temos que facer. Esta transparencia tamén a pedimos a Pedro Sánchez, porque queremos saber cantos préstamos ICO concedeu con eses 6.000 millóns de euros, con eses 4.000 millóns de euros que non transferiu ás comunidades autónomas, porque en Galicia son cero.

Son moitas as promocións —non só Galivivienda— que están pendentes desa prórroga dos fondos europeos. Por iso, dende o Executivo galego e dende a Xunta de Galicia, estamos exixindo ao ministerio, como están exixindo outras comunidades autónomas, que diga dunha vez se vai prorrogar eses fondos ou non os vai prorrogar.

Polo tanto, señorías da oposición, eu convídoos a unírnos todos e exixir ao Ministerio que garanta a prórroga deses fondos MRR, dos que dependen moitísimas promocións para vivenda protexida, ou que faga caso, por exemplo, ao señor Néstor Rego no Congreso dos Deputados o 5 de maio, cando recoñeceu as condicións abusivas dos préstamos ICO. Deixen de defender o Goberno de Pedro Sánchez, que mira para todos os lados menos para Galicia.

Grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.



Pregunta da deputada María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o estado en que están as xestións para a construción do novo centro de saúde para o barrio do Sagrado Corazón en Lugo

O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Elena Candia, do Grupo Parlamentario Popular.

MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Boa tarde a todos e a todas.

Señor conselleiro, aínda que a miña pregunta vai ser sobre infraestruturas sanitarias, concretamente na cidade de Lugo, non quería deixar a oportunidade de agradecerlles todo o esforzo que me consta que a súa consellería e todo o equipo fixo durante este verán para que os centros sanitarios tivesen a asistencia sanitaria que, neste caso, os lucenses e os galegos merecen. Ademais, sei que o fai en solitario, con moi pouca axuda do Goberno central. Hoxe aquí quería darlle as grazas. (*Aplausos.*) Porque, aínda que a nosa pregunta é de infraestruturas sanitarias, todos queremos ter os mellores profesionais dentro delas.

A comezos do 2024 abría as portas o Centro Integral de Saúde no barrio da Residencia —bueno, no barrio de San Antonio, pero mudou de nome precisamente por ter alí a residencia—, que tivo que facer fronte a unha gran transformación, logo de trasladarse e abrirse o HULA —outra grande infraestrutura sanitaria—. Foi un referente, foi un investimento de máis de dezaseis millóns e medio de euros, e eu tamén hoxe aquí quero agradecerlle a todos os que o fixestes posible. Permitídemme que recorde unha persoa que me acompañou a moitas reunións de traballo, como foi Valeriano Martínez, que o tivo sempre presente e que deu a súa solución. (*Aplausos.*) Era unha infraestrutura moi necesaria, pero non a única. De feito, a nosa cidade ten máis necesidades.

Hoxe voulle preguntar polo Sagrado Corazón. Sabemos que dende o ano 2021 está no Plan de infraestruturas, sabemos que require a colaboración na cesión da parcela —como toda a construción dun concello de centros de saúde— e sabemos que moito se falou de todo isto, pero pouco se fixo. Escoitamos de todo; por escoitar, ata escoitamos dunha nova ubicación, que, por certo, se facía absolutamente de costas ao barrio e á cidadanía.

En outubro do 2023, contestábasenos que o acordo con Abanca estaba practicamente finiquitado, que só quedaba un floco, pero en xuño deste ano viamos como se aprobaba unha incorporación de crédito para ir a unha expropiación desa parcela para poder construír o centro de saúde. A verdade é que estamos confundidos; a información vai por contagotas e, dende logo, de maneira contraditoria.

Creo que aquí todos os lucenses, e especialmente os do Sagrado Corazón, están desexando que ese centro sexa unha realidade. Todos sabemos —e ninguén discute— que se necesita un investimento no centro actual.

Eu hoxe quero preguntarlle aquí, señor conselleiro: continúa o seu compromiso para a construción dese novo centro de saúde no Sagrado Corazón? E, o máis importante: ¿ten xa á disposición da Consellería de Sanidade, a pesar de requirila en tantas ocasións, a parcela



necesaria para a construción do centro? Cónstame —e teño copia diso— que ata en cinco ocasións se lle requiriu ao Concello.

Evidentemente, a infraestrutura é necesaria. O barrio, ademais, necesita ese revulsivo nunhas instalacións que están sen uso, que se converterán nun problema de seguridade e incluso, se seguen pechadas e sen uso, acabarán sendo un problema de convivencia. Por iso preguntolle: ¿ten vostede a dispoñibilidade da parcela para construír o centro do Sagrado Corazón? (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Señora deputada, agradézolle moito a pregunta, porque me permite explicar por que a situación do centro de saúde do Sagrado Corazón non mudou demasiado desde que hai case dous anos preguntaba vostede por ese tema neste parlamento. E non mudou demasiado porque, pese ao acordo que acadamos en maio deste ano entre a Xunta e o Concello de Lugo para impulsar este novo centro de saúde, a Administración local non puxo aínda a parcela á disposición do Servizo Galego de Saúde. Para esta parcela ten que lograr a permuta con Afundación, pero, pola información da que dispoñemos, aínda non está formalizada.

Na Xunta temos a firme vontade de impulsar este proxecto. Consideramos que a veciñanza e os profesionais do Sagrado Corazón precisan canto antes deste novo centro de saúde, e cremos firmemente desde sempre que o lugar acaído para facelo é a parcela do antigo colexio. Por iso, no mes de maio propuxemos unha reunión de traballo co Concello, na que lle pedimos a cesión desa parcela co compromiso de facer aí o novo centro de saúde. Nesa reunión de maio, ademais de manifestar o noso compromiso coa construción do centro de saúde, pedimos celeridade municipal nos trámites, o que nos permita construír esta infraestrutura de atención primaria en Lugo.

O Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, aprobado no ano 2021, recolle: a construción do Centro Integral de Saúde do barrio da Residencia, en servizo logo dun investimento de 17 millóns; a reforma do centro de saúde da Milagrosa, que estamos, por certo, a piques de iniciar; e un novo centro no Sagrado Corazón. O único proxecto que permanece aletargado é o do Sagrado Corazón, que, casualmente, é o único que depende da colaboración do Concello, que aínda —insisto— non cedeu a parcela.

Desde 2021, conseguimos que quince municipios cedesen os terreos á Xunta para renovar as súas infraestruturas sanitarias de atención primaria. Acadamos acordos con concellos de distinto signo político, como por exemplo, na provincia de Lugo, Antas de Ulla ou Becerreá. Agardamos que máis cedo que tarde o Concello de Lugo poña á disposición a parcela, o que nos permita axilizar a construción do centro de saúde do Sagrado Corazón.



¿E por que é importante ese centro para Lugo? Porque o actual ten máis de 6.900 usuarios, con instalacións do ano 1978. Polo tanto, faltan espazos para implementar novas asistencias e tamén docencia. Por iso, na Xunta estamos a impulsar e queremos axilizar un novo centro de saúde no barrio do Sagrado Corazón que triplique o espazo dispoñible, que permita incrementar a dotación actual, que dispoña de sete consultas de medicina familiar e comunitaria, sete consultas de pediatria, unha consulta de pediatria e outra de enfermería pediátrica. O noso compromiso é avanzar na modernización das infraestruturas de atención primaria na cidade de Lugo. Agardamos que o Concello nolo facilite e axilice.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Candia.

MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Todo parece indicar que a parcela aínda non é propiedade do Concello... O máis grave é que todo isto deixa entrever pouco traballo, pouco compromiso ou, polo menos, pouca eficacia. Polo medio houbo tamén moitas medias verdades ou claras mentiras.

O 26 de outubro do 2023, ante unha pregunta polo grupo municipal do que formo parte, contestábasenos: «Polo tanto, proximamente pecharase de maneira definitiva este acordo». Isto era o 26 de outubro do 2023, pero o 11 de setembro do 2025 liamos nun medio de comunicación que Lugo estudaba expropiar o solo para o ambulatorio do Sagrado Corazón. Ou nos mentían antes ou nos menten agora ou nos mentiron as dúas veces. O problema é que a parcela segue sen estar dispoñible e, por conseguinte, provoca un atraso en ter as infraestruturas sanitarias como os veciños do Sagrado Corazón merecen.

Citou vostede outra infraestrutura que se está a renovar, que nos parece importante, e que tamén creo que serve de exemplo de que non todos somos iguais. O 10 de abril do 2024 anunciaba a Consellería que licitaría a reforma do centro de saúde da Milagrosa —outra infraestrutura noutro barrio que necesita alegrías e investimentos—. Citou vostede que as obras estaban en marcha. Neste caso, vemos dúas realidades, dúas necesidades e dúas respostas moi distintas dende o ano 2021, seguimos sen parcela; un anuncio que se licita o 10 de abril do 2024, as obras están en marcha.

Tamén lle agradecería, porque os veciños da Milagrosa desexarán escoitalo, que nos informe un pouco sobre que previsión ten para a Milagrosa. Espero que esta pregunta sirva para impulsar o Goberno de Lugo e que meta unha marcha se, por favor, realmente a sanidade lle importa para algo máis que para facer política en contra do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Sanidade.



O CONSELLEIRO DE SANIDADE (Antonio Gómez Caamaño): Señora Candia, interesábase vostede polo estado en que se atopa o proxecto de reforma de centro de saúde da Milagrosa e podo darlle boas noticias. Xa están a desenvolverse os traballos previos. Como sabe, foi preciso mudar o servizo de lavandería ao hospital de Calde e ese traslado xa está feito. Iso significa que en cuestión de días poderemos estar no centro de saúde da Milagrosa para supervisar o comezo efectivo das obras. Estamos a falar dun centro de saúde que atende máis de 24.000 usuarios adscritos; a reforma que estamos a iniciar permitirá mellorar a accesibilidade e adaptarse ás necesidades actuais e futuras. Falamos dun investimento de 3,2 millóns de euros na mellora do centro de saúde da Milagrosa, que se suman aos 17 millóns xa investidos no Centro Integral de Saúde do barrio da Residencia. Este é un proxecto pioneiro en Galicia, que presta asistencia a máis de 42.000 veciños e que permite integrar nun só espazo servizos como fisioterapia, odontoloxía, farmacia ou moitas consultas de saúde mental. O certo é que hai unha diferenza notable nestas dúas infraestruturas que permitiron un maior avance na súa execución; tanto para o CIS de Lugo como para a reforma do centro de saúde da Milagrosa non foi necesaria a cesión de terreos por parte do Concello.

En todo caso, señoría, o obxectivo da Xunta é que o novo centro de saúde do Sagrado Corazón sexa unha realidade o antes posible. Para iso, en maio propuxémoslle ao Concello a cesión dunha parcela axeitada, partindo de que o espazo óptimo para a construción sería o que ocupa a pista deportiva. A parcela do antigo colexio ten unha superficie superior á necesaria para a execución do centro de saúde, ademais con edificacións que hai que demoler. O Executivo galego está disposto a asumir a titularidade do conxunto da parcela e parte do custo das demolicións, estimadas en 1,8 millóns, pero o Concello debe facerse cargo da urbanización da parcela e do seu mantemento. Quedamos en que se contabilizaría o custo dos accesos da urbanización para determinar o financiamento que debe asumir cada administración, tendo en conta que o novo centro de saúde suporá un investimento de máis de 4,8 millóns de euros. E niso estamos traballando; a Xunta quere construír o novo centro de saúde do Sagrado Corazón para ofrecer un mellor servizo aos 10.000 veciños, xa que esta infraestrutura permitirá tamén reorganizar as cotas dos centros de San Roque e Illas Canarias.

Agardamos que o Concello de Lugo ceda a parcela ao Servizo Galego de Saúde para poder impulsar de xeito definitivo un centro de saúde que contribuirá á rexeneración dun barrio emblemático para a cidade, con espazos dispoñibles para o establecemento futuro de novos proxectos.

Quero agradecerlle, finalmente, as palabras que tivo para recoñecer o traballo fantástico dos profesionais do Servizo Galego de Saúde durante este verán.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta da deputada Iria Taibo Corsanego e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a previsión do Goberno da Xunta de asumir a tradución ao galego do programa Atenea nun prazo que permita a súa dispoñibilidade na administración da xustiza desde o momento da súa implantación



O PRESIDENTE: Ten a palabra dona Iria Taibo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidente.

Se unha xuíza decide ditar a súa sentenza en lingua galega, a súa carga de traballo aumenta un corenta por cento. É bastante significativo de cal é a situación na actualidade na Xustiza. Falamos dun 3,5 por cento de materias que se levan en galego no ámbito da Xustiza.

Nos próximos meses vaise implantar o programa informático Atenea na Administración de Xustiza en Galiza, polo que, por certo, optou o Goberno galego voluntariamente. A aplicación informática que se utilice condiciona totalmente a lingua na que se desenvolven os procedementos. O programa actual, o programa Minerva, que o Goberno galego nunca chegou a traducir, impide o uso normal da nosa lingua na práctica. Loxicamente, isto redunda no dereito dos cidadáns e cidadás a escolleren a lingua na que queren que se desenvolvan os seus procedementos. Iso é o que debería preocupar ao Goberno galego e para o que debería estar a traballar. Debería, de feito, apropiarse da defensa dos dereitos lingüísticos da cidadanía.

O Plan xeral de normalización da lingua galega, que, como saben —xa se falou antes aquí—, foi aprobado en 2004 por unanimidade, ten só nove medidas para a área de Administración de Xustiza. Unha delas é, precisamente, verter o galego aos programas informáticos de xestión e aos formularios de uso cotián. O Goberno galego di que está a actualizar este plan, mais estas nove medidas están aínda sen desenvolver. A Lei de normalización lingüística e o Estatuto de Autonomía tamén fan referencia ás obrigas do Goberno galego en relación co fomento da presenza da nosa lingua na Administración de Xustiza.

Hai uns meses, 350 profesionais da Xustiza manifestaron nunha carta a súa preocupación pola moi escasa presenza do galego neste sector. Demandaban que a nova aplicación informática poida usarse desde o primeiro momento e por defecto na nosa lingua, tal e como indica a oferta positiva que se menciona no Plan xeral. Esta carta estaba asinada por profesionais da Xustiza de diferentes ámbitos e moi diferentes perfís. Para nós, é un claro exemplo do sentir da sociedade galega respecto do noso idioma. Fale o que fale cada persoa, sexa cal sexa a escolla lingüística no día a día da súa profesión, o galego ten que estar presente, ten que estar dispoñíbel e ten que estar garantido. (*Aplausos.*) De non ser así, non pode ser elixido tanto polos profesionais como polos cidadáns e cidadás. É unha cuestión de dereitos lingüísticos e de garantir o futuro para o noso idioma.

Só faltan uns meses para que se implante o programa Atenea. Precisamos, precisan os profesionais da Administración de Xustiza e tamén a cidadanía, saber que trámites fixo ata agora a Xunta de Galiza para a súa tradución. É urxente porque aproximadamente 50.000 modelos de documentos —como saben— non se traducen en cinco minutos nin se traducen en cinco días. É urxente porque o galego non agarda nin vive de declaracións de intencións. Falaba antes o conselleiro da historia. Neste asunto van quedar definitivamente vostedes retratados para ben ou para mal co futuro do idioma.

Moitas grazas.



O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde a todos e a todas.

Señora Taibo, dúas reflexións antes de comezar. Recoñézolle a miña incomodidade en ter que estar dándolles as costas na contestación, pero así é neste hemicycle. Eu sinto de verdade ter que facelo.

Pero tamén recoñezo a miña incomodidade porque se equivoca unha vez máis de interlocutor o Bloque Nacionalista Galego, como en moitas das súas reivindicacións. Sempre que teñen que elixir entre exixirlle ao Goberno central, que é quen ten as competencias en determinadas cuestións, ou exixirlle á Xunta de Galicia, que é quen non as ten, sempre elixen a segunda opción. Sempre elixen ir en contra da Xunta de Galicia, sempre elixen ir en contra dos intereses do galego. (*Aplausos.*) Eu non sei cal é a súa obsesión en relación con este tema, pero —insisto— esta pregunta debería de estar formulándoa o Bloque Nacionalista Galego no Parlamento español, porque —como ben sabe— o programa Atenea, que se implantará nos próximos meses, é un programa que está sendo deseñado, implantado na nova oficina xudicial polo Goberno de España.

E, ¿por que a Xunta de Galicia —e aí témolo moi claro— decide implantar este programa? Porque, sinceramente, para a Xustiza, que é un servizo universal para todo o territorio nacional, nós defendemos un sistema que sexa homologable en todo o territorio nacional, para prestar un servizo que sexa sempre máis accesible, máis igualitario e máis xusto. E non compartimos ese troceo que está permitindo o Goberno central para que Cataluña e País Vasco —que curiosidade— sexan as comunidades autónomas que teñan un sistema xudicial diferente, que ademais non sexa compatible co sistema xudicial que ten o resto do territorio. Por iso nós defendemos a implantación deste programa. Por suposto, nós defendemos a implantación da nova oficina xudicial.

A pregunta é fácil, eu trasládolla a vostede. ¿Non é certo que o Goberno de España promove a implantación dun novo programa pero se nega a adaptalo ás linguas cooficiais?, ¿é certo ou non é certo? É certo. O Goberno de España está deseñando un novo programa, a Xunta de Galicia se dirixiu en varias ocasións a través da Consellería de Presidencia á Secretaría de Estado e ao director xeral de Xustiza e, ata o día de hoxe, non tivemos nin unha soa contestación por parte de España en relación con este tema. Non é que non teñamos nin unha soa contestación, é que non temos nin a máis mínima sensibilidade. ¿Ou é que o Goberno de España só se ten que dedicar a defender o catalán na Unión Europea? O galego non está equiparado para o Goberno de España, o cal vostedes están apoiando. Non estamos equiparados o galego e o catalán na defensa do Goberno que vostedes sustentan e que vostedes apoian en Madrid.

Traballen, axuden e colaboren. Se realmente están preocupados por facelo, colaboren para que o Goberno España cumpra con Galicia unha vez máis, e non lles caiba dúbida de que, se



non o fai o Goberno de España, farao o Goberno da Xunta de Galicia. Non lles caiba ningunha dúbida. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Taibo.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Señor López Campos, está vostede incómodo, e eu estou moi decepcionada. A verdade é que a resposta de hoxe é aínda un paso atrás a respecto do que falou aquí vostede no mes de xullo.

A Xunta de Galicia ten competencias en medios materiais da Administración de Xustiza. Insiste vostede en introducir neste debate asuntos que non teñen nada que ver co tema que se está a preguntar e que non teñen nada que ver coa súa responsabilidade. O tempo do que dispomos nestas preguntas é suficientemente breve como para que vaia vostede ao gran. É certo que vostede foi claro en non comprometerse coa presenza do galego na Xustiza —xa o dixen: 3,5 por cento—. E, se vostede non asume hoxe un compromiso claro coa tradución do programa Atenea —estamos a falar de que isto se vai poñer en marcha no mes de xaneiro—, estaremos a entender —non nos queda outro remedio— que o Goberno galego está a ser cómplice conscientemente coa práctica desaparición da lingua galega na Xustiza.

A situación é moi grave e vostedes teñen que cumprir coas súas obrigas legais. É moi fácil colocarse diante da sociedade galega e dicir que o BNG se apropia do idioma e que o Goberno galego está a traballar coa man tendida por un consenso, pero parece que a vostede non lle resulta tan fácil dar pasos concretos para garantir a presenza do galego en todos os ámbitos, concretamente no da Xustiza.

Insisto, ¿está o Goberno galego en condicións de garantir que o programa Atenea vai estar dispoñible en galego desde o primeiro momento da súa implantación? ¿O Goberno galego comprométese a asumir o custo da tradución do programa Atenea? ¿Que pasos ten previsto dar o seu Goberno para implantar as medidas que establece o Plan xeral de 2004? Tempo tiveron no que vai de lexislatura para, cando menos, poñerse a traballar nunha delas. Esta ocasión de implantación do novo programa de xestión da Xustiza é única; é única para garantir un futuro para o galego neste ámbito. E dígolle que é única porque pode ser que non teñamos máis ocasións.

Dicía onte a un compañeiro seu que o galego non é do BNG. Claro que non, o galego é da sociedade galega; mais a responsabilidade de defendelo, de protexelo e de colocalo en todos os ámbitos onde corresponde é súa. Por favor, asuma ese compromiso, non perda vostede máis tempo e aproveite a ocasión de hoxe...

O PRESIDENTE: Grazas.

IRIA TAIBO CORSANEGO: ...para comprometerse coa presenza do galego na Xustiza.

O PRESIDENTE: Grazas.



Peché da pregunta, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitísimas grazas, señor presidente.

Creo que non fun suficientemente claro na miña resposta; intenteino ser, por suposto. Rematei dicindo que a Xunta de Galicia asumirá os custos técnicos da implantación dese programa en galego, aínda que seguimos defendendo que a responsabilidade de facer esa cuestión é do Goberno central. Seguímolo defendendo, e vostede entenderá que isto sexa así, porque acaba de facer vostede unha intervención que a min me deixa certas dúbidas.

Supoño que vostede coñecerá a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias ou coñecerá tamén a Constitución española. Cando fala vostede de que só o Goberno galego ten responsabilidades na implantación do galego no seu territorio, ¿que pasa? ¿Que o Goberno de España non ten ningún tipo de responsabilidade cos idiomas cooficiais do seu territorio?, (*Aplausos.*) ¿non ten ningunha? Isto é o que acaba de dicir vostede e creo sinceramente que é extremadamente grave. Agora explícome, agora entendo que é o que está facendo o BNG en Madrid; agora empezo a explicarme cal é o seu papel de comparsa absoluta en Madrid, dende logo, se vostede entende que o Goberno de España, a través da Constitución, non ten ningún tipo de responsabilidade na implantación dun programa que ten que implantarse na Comunidade Autónoma de Galicia, e cuxa implantación en galego lle nega ao Goberno da Xunta de Galicia.

¡Claro que non nos quedará máis remedio que facelo así, e claro que a Xunta de Galicia asumirá o seu compromiso co galego! Pero está claro cal é a posición que teñen vostedes e está claro cal é a posición do Goberno que sustentan vostedes en Madrid. (*Murmurios.*) Non, eu xa sei que sopran, eu xa sei que non lles gusta, pero sempre están no lado equivocado da historia. Nunca están cando Galicia e os galegos os necesitan, sempre están intentando desgastar o Goberno da Xunta de Galicia, (*Aplausos.*) e esquecense de cal é o papel que deben de representar para todos os galegos e as galegas.

Que non lle caiba ningunha dúbida, faremos esa implantación en galego. Tamén llo digo: vontade e colaboración por parte do Goberno central, cero. Levamos insistindo desde hai varios meses para que nos pasen o programa, os códigos fonte, para poñer á disposición de Amtega, que é ten que facer a implantación desa versión en galego, e, hoxe, non temos noticia do Ministerio ningunha. Polo tanto, de momento, non temos ningún tipo de contestación do Ministerio, que é o dono, o propietario, do programa informático Atenea e que ten que ser o que nos ceda, a través dun convenio, non só o programa, senón a posibilidade de que tecnicamente poidamos traballar con ese programa para poder implantalo en galego. Esa é a realidade. Ese é o traballo que podían facer vostedes en Madrid, pero non están para iso; están para vir aquí e intentar desviar o tiro, sempre en contra dos intereses dos galegos.

A Xunta de Galicia está traballando no ámbito xudicial. Temos en marcha os cursos de linguaxe xurídica; temos en marcha o deseño galego da oficina xudicial; temos en marcha o recoñecemento da traxectoria profesional en galego; temos acordos co Tribunal Superior de



Xustiza de Galicia, coa Fiscalía, co Colexio de Notarios ou coa Irmandade Xurídica Galega. Temos un compromiso coa Xustiza e co galego. Quen nunca están aí son vostedes. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os motivos polos que en agosto aínda non se xestionara a biomasa das faixas secundarias nas parroquias con maior risco de incendio forestal

O PRESIDENTE: Ten a palabra don Secundino Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Conselleira.

A vaga de incendios do mes de agosto provocou os lumes máis grandes da historia deste país; uns lumes que arrasaron aldeas e casas no noso rural. Incluso nos pasados días, en Pantón, seguiron levando por diante vivendas de mulleres e homes que viron como as lapas arrasaban ese ben tan prezado como é a casa, e, con ela, as lembranzas e as vivencias vinculadas a elas.

A situación orixinada por estes incendios mostrou perfectamente o grao de indiferenza, de ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do Partido Popular na Xunta de Galicia; unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Un exemplo desta negligencia e a xestión de biomasa nas faixas secundarias. Lembremos que as faixas secundarias son eses terreos que circundan os núcleos de poboación e as casas nunha amplitude de 50 metros. Estas faixas secundarias son fundamentais para evitar que os lumes cheguen ás nosas aldeas e arrasen co máis prezado para todos nós, que son as vivendas. Cómpre lembrar tamén que o prazo legal para limpar estas faixas secundarias é o 31 de maio.

Conselleira, supoño que vostede sabe que para favorecer que estes terreos teñan un mantemento adecuado, a Xunta Galicia ten asinado cos concellos un convenio de colaboración a través da Fegamp e de Seaga para a consolidación do Sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias. Supoño que tamén saberá que o dito convenio rematou o prazo de vixencia o pasado 31 de decembro do 2024.

Conselleira, é aquí onde comeza un festival de desidia, negligencia e inutilidade de vostede e tamén dos dirixentes da Xunta de Galicia. ¿Sabe vostede canto tempo tardaron en asinar outro convenio similar ao anterior? Pois o convenio remataba o 31 de decembro e non asinaron o novo ata o 11 de abril. Tardaron en asinar este convenio tan importante para a protección dos nosos núcleos de poboación tres meses e medio. Pero no acaba aquí a cousa. Señora conselleira, ¿sabe cando se publicou no *DOG* o dito convenio? O 30 de maio; mes e medio despois de asinalo e, curiosamente, o día anterior do límite do prazo límite



legal de limpeza, que é o 31 de maio. ¡Xa van cinco meses dende que se rematara o convenio anterior! Pero, aínda hai máis. O 20 de xuño do 2025, publicouse na Plataforma de contratos públicos de Galicia a licitación do expediente de contratación dos traballos de xestión de biomasa nas faixas secundarias por valor de 2,3 millóns de euros. Publícase vinte días despois do prazo máximo de xestión de biomasa. A consecuencia deste atraso inxustificable é que estamos en setembro e non se executou absolutamente nada deste contrato.

Conselleira, ¿que lle parece esta actuación?, ¿pensa dimitir e asumir a súa responsabilidade?

Nada máis e moitas grazas.

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural, María José Gómez Rodríguez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Presidente, grazas.

Señor Fernández, a prevención é un dos piares básicos na loita contra os incendios forestais en Galicia, e, con esta premisa, en 2018 asinou un convenio entre a Xunta, a Fegamp e a empresa pública Seaga para a xestión da biomasa nas faixas secundarias de protección. Antes deste acordo moitos concellos carecían de medios e persoal para realizar estes traballos. O convenio ofrece unha solución práctica e inmediata; é un convenio útil para todos os concellos, pero especialmente para os máis pequenos, que non teñen persoal nin técnicos, e así poden delegar en Seaga a limpeza desas faixas, garantindo unha xestión profesional, coordinada e eficiente. Deste xeito, todas as parroquias, especialmente as priorizadas, reciben esa atención específica, e os concellos contan cun apoio esencial. Ademais, o convenio contempla actuacións integrais en todos os concellos adheridos: asistencia técnica para revisar e actualizar os plans municipais, execución subsidiaria de ata 10 hectáreas de biomasa, xestión de ata 12 quilómetros de vías municipais, inspección de parcelas e apoio na notificación de incumprimentos. Nas parroquias priorizadas, intensifícanse as actuacións mediante eses contratos de xestión ou execución subsidiaria nos que os propietarios pagan 420 euros por hectárea, garantindo a retirada de especies prohibidas e a creación desas faixas de protección. A selección das parroquias priorizadas baséase en criterios obxectivos de risco, como o historial de grandes incendios, a alta actividade incendiaria ou a inclusión en zonas de alto risco.

Desde o 2018 ata o 2025, 280 concellos adheríronse ao convenio, actualizando 266 plans municipais. Non fai vostede mención aquí daqueles que non están adheridos, ¿por que será?

A profesionalización da xestión da biomasa ofrece unha resposta áxil e eficiente, reducindo desigualdades e fortalecendo a prevención nos concellos de xeito continuado. Este convenio está dotado con 12,25 millóns de euros, dos cales 7,75 son aportados pola Consellería do Medio Rural, e 4,5 corresponden ao Fondo de Cooperación Local. Estes recursos aseguran a realización continuada das actuacións previstas e reforzan a responsabilidade de todas as administracións para cumprir coa súa parte do convenio.



Desde logo, a Xunta de Galicia e Seaga cumpren, demostrando compromiso e seriedade na protección do noso territorio e das persoas que nel viven. En definitiva, o convenio Xunta, Fegamp e Seaga é unha ferramenta clave de prevención que garante que todos os concellos poidan cumprir a lei.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidente.

Conselleira, na comparecencia de Rueda do pasado pleno indicou como medida estrela que a Xunta se ía encargar da xestión de biomasa nas franxas secundarias dos concellos cunha poboación menor de 10.000 habitantes. ¿Coñece vostede o número de parroquias, núcleos de poboación e concellos que representa esta medida, señora conselleira? Pois voulo dicir: Galiza ten 257 concellos de menos de 10.000 habitantes; eses 257 concellos contan con 2.983 parroquias e 22.652 núcleos de poboación. E agora preguntolle: ¿como vai cumprir esa promesa de xestionar 2.983 parroquias se non é capaz nin de limpar unha soa parroquia das 157 que figuran no convenio que acabo de explicar e que foi incumprido totalmente e aínda hoxe non se executou? En resumo, o que venden vostedes é fume; unha vez máis, vendendo fume.

Conselleira, sabe que no contrato que non se executou —como acabo de dicir— esas parroquias eran priorizadas, esas 157 parroquias de 81 concellos —catalogadas pola súa propia Consellería—; unhas parroquias nas que a propia Consellería di que hai que facer un esforzo no cumprimento da xestión das faixas secundarias. ¿Onde está ese esforzo, conselleira? En ningún sitio, non se fixo absolutamente nada. Conselleira, non lle importan as vivendas das nosas aldeas e parroquias. Un cargo político que non é capaz de xestionar un convenio, que non é capaz de adxudicar e pór en marcha un contrato, que non é capaz de evitar un problema tan grave como a seguridade das nosas aldeas e vivendas, ten que marchar, non pode permanecer no cargo.

Conselleira, ¿coñece o refrán «morto can, acabouse a rabia»? Pois parece que quere aplicarlle ese refrán ao rural galego...;

O PRESIDENTE: Grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...é dicir, eliminar o rural...

O PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, grazas.

(O deputado Secundino Fernández Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, conselleira do Medio Rural.



A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas de novo, presidente.

Señor Fernández, vén a este Parlamento cuestionar a xestión da biomasa por parte da Xunta de Galicia e Seaga baseándose na publicación dun expediente de licitación do 20 de xuño de 2025 para traballos de roza e eliminación de restos de biomasa nas faixas secundarias en parroquias priorizadas, como se iso fose a única licitación que se realiza ao longo do ano para este tipo de actuacións. Vou ser moi clara: ou descoñece o funcionamento da Administración —que supoño que non— ou, se o sabe, o único que buscan vostedes e os seus compañeiros de partido é usar a xestión da biomasa e os incendios forestais para sacar rédito político. *(Aplausos.) (Murmurios.)* E moito me temo que é esta segunda. Porque ven que a Xunta está respondendo dun xeito rápido e eficiente cos afectados pola vaga de lumes, e estánselles a esgotar as oportunidades de aproveitar politicamente esta cuestión. E xa vexo que o que repetiu vostede aquí dúas veces é o da dimisión da conselleira do Medio Rural, que xa vexo que é o obxectivo da súa pregunta.

A realidade é distinta. Mire, publicar unha licitación non significa que non se estean a facer traballos. Moitas actuacións xa estaban en execución, licitadas con anterioridade. É habitual ter varias licitacións abertas ao mesmo tempo, porque o traballo non se detén, salvo cando as condicións climatolóxicas impiden o desbroce. E cuestionar a cifra de 2,2 millóns de euros desa licitación que vostede menciona tamén é unha falacia. Iso é un contrato dun conxunto de actuacións; o convenio total supera os 12 millóns de euros —como xa dixen antes—, e esa contía inclúe todos os traballos de prevención, roza, execución subsidiaria e apoio ás parroquias priorizadas. Seaga realiza traballos de prevención durante todo o ano, non actúa só en momentos puntuais, e para iso conta cun cadro de persoal permanente. A maiores, e unha vez que se asinou este ano o convenio entre a Xunta, a Fegamp e Seaga, iniciouse o cadro discontinuo con 135 efectivos especializados en xestión de biomasa. Ademais, asináronse varios contratos de servizo e obra, todos executados antes do mes de agosto de 2025. E os traballos continúan; seguen saíndo licitacións noutros períodos, porque —como xa lles dixen— é un traballo continuo. O traballo da prevención é constante, organizado e profesional.

Como sempre, as súas acusacións non teñen fundamento. Seaga, cumpre; a Xunta, cumpre; a prevención é continua, e o convenio, que melloraremos no ano 2026, funciona. Este é un traballo sostido todo o ano, e calquera intento de transmitir o contrario busca confundir, desacreditar e sacar proveito político dun convenio que leva funcionando oito anos e ao que están adheridos concellos de todas as cores.

A prevención en Galicia é profesional, eficiente e constante, mal que lles pese.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Non hai máis asuntos. Remata, polo tanto, aquí o pleno.

Boa tarde.



Remata a sesión ás seis e vinte e catro minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

